

REGAP

REVISTA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



Número
18

**ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**



REGAP

REGAP: Revista Galega de Administración Pública. – N.º 0 (1992) – . –
Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública, 1992–
v.; 24 cm.

ISSN:1132–8371

Depósito legal: C. 1.596-91



© 1991, ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edita: ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Rúa de Madrid, 2 - 4. Polígono das Fontiñas.

15707 Santiago de Compostela

Tel.: (981) 54 60 40 / Telefax: (981) 54 63 37

Traducción e supervisión lingüística: M^o Xosé Castro López

M^o Carme Pérez Picallo

Deseño Gráfico: Uqui  CEBRA

Imprime: Gráficas Sementeira

Depósito legal: C-1.596-91

Periodicidade cuadrimestral.

Solicitude de subscricións á Editorial Galaxia.

A Escola Galega de Administración Pública non se identifica
necesariamente cos xuízos dos autores dos artigos que aparezan nesta revista.

REVISTA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

REGAP

Xaneiro - Abril
1998

18

DIRECTOR

Domingo Bello Janeiro

Director da EGAP

SECRETARÍA TÉCNICA

José Luis Mínguez Goyanes

Corpo Superior de Administración
da Xunta de Galicia

CONSELLO

José Antonio Álvarez Vidal
Director xeral de Xustiza e Administración local

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo
Secretario de Administración local

Juan Luís Castro Somoza
Avogado do Estado

José Ramón Cólera Leirado
Letrado maior do Parlamento de Galicia

Andrés Faiña Medín
Catedrático de economía aplicada da Universidade da Coruña

Alejandro Fernández Barreiro
Decano da facultade de Dereito da Universidade da Coruña

Manuel Fernández Areal
Catedrático de teoría xeral da información

Francisco Fernández Segado
Catedrático de dereito constitucional
da Universidade de Santiago de Compostela

José Antonio García Caridad
Presidente do Consello Consultivo de Galicia

Ramón García-Malvar y Mariño
Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Pablo González Mariñas
Profesor titular de dereito administrativo
da Universidade de Santiago de Compostela

Vicente González Radío
Profesor titular de socioloxía da Universidade da Coruña

José Carlos López Corral
Letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

Xosé López García
Decano da facultade de Ciencias da Información
da Universidade de Santiago de Compostela

Fernando José Lorenzo Merino
Catedrático de dereito civil da Universidade de Vigo

Jesús Martínez Girón
Catedrático de dereito do traballo da Universidade da Coruña

Carlos Otero Díaz
Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia

Santiago Porta Dovaló
Psicólogo da Consellería de Traballo e Servicios Sociais

Juan Ramón Quintás Seoane
Catedrático de economía aplicada da Universidade da Coruña

Juan Jesús Raposo Arceo
Profesor da Universidade Nacional de Educación a Distancia

Luis Rodríguez-Ennes
Decano da facultade de Dereito de Ourense

Juan Rodríguez Yuste
Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e
Acción Exterior da Xunta de Galicia

Antonio Romero Lorenzo
Maxistrado xuíz decano de Vigo

Francisco José Serna Gómez
Secretario xeral de Caixa Ourense

Luis Ramón Sotelo López
Corpo de Xestión de Administración da Xunta de Galicia

Javier Suárez García
Director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

José Ramón Vázquez Sandes
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Jesús Vázquez San Luis
Interventor do Consello de Contas de Galicia

José Vilas Nogueira
Catedrático de ciencia política e da administración
da Universidade de Santiago de Compostela

Perfecto Yebra Martul-Ortega
Catedrático de dereito financeiro da
Universidade de Santiago de Compostela

Sumario

ESTUDIOS

José Vilas Nogueira Eduardo L. Giménez Fernández	As representacións da poboación do apoio electoral dos partidos: Galicia 1987. _____	13
Carlos Ruiz Miguel	A función consultiva na Constitución. O Consello de Estado. _____	37
F. Vázquez Portomeñe Seijas	Introducción a los delitos contra la Administración pública. _____	77
Faustino Martínez Martínez	O Consello Provincial de Lugo. Os primeiros anos (1845-1849). _____	105

NOTAS E COMENTARIOS

Juan José Novoa Montero	Control de legalidade versus control financeiro na xestión do gasto público. _____	169
Rui Duarte Morais	Evolución recente de la tributación predial en Portugal. _____	185
Rosa M ^o Gabriela de Cal y Cortina	Os concellos galegos na encrucillada política do primeiro constitucionalismo. _____	221
Joaquín Meseguer Yebra	El recurso extraordinario de revisión y la LOFAGE: un recorrido por la normativa estatal y autonómica. _____	239

XURISPRUDENCIA

Jaime Cabeza Pereiro	Desenvolvemento regulamentario da Lei de prevención de riscos e normativa sectorial. O concreto exemplo da estiba portuaria. A propósito da STS (sala terceira) do 2 de xullo de 1997. _____	251
----------------------	--	-----

CRÓNICA PARLAMENTARIA

- 265 _____ A Xunta de Galicia como depositaria da
confianza parlamentaria. Xosé Antón Sarmiento Méndez

CRÓNICA ADMINISTRATIVA

- Seminario internacional sobre a reforma administrativa:
a dirección por obxectivos e a xestión orzamentaria.
279 _____ EGAP, Santiago de Compostela, 19, 20 e 21 de xuño de 1997. José Ricardo Pardo Gato
- Xornadas sobre a xestión da función pública nos países
da Unión Europea e Hispanoamérica.
309 _____ EGAP, Santiago de Compostela, 22 e 23 de setembro de 1997. José María Rebolledo Varela
- Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das
administracións públicas e do persoal ó seu servicio.
315 _____ EGAP, Santiago de Compostela, 10 e 11 de novembro de 1997. José Ricardo Pardo Gato

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

- Discursos parlamentarios de Montero Ríos
no sexenio democrático (1868-1873)*
Margarita Barral Martínez, Emilia García López
331 _____ EGAP, Santiago de Compostela, 1997. Xosé Luís Mínguez Goyanes
- El nuevo servicio público*
Gaspar Ariño, J. M. de la Cuétara e
J. L. Martínez López-Muñiz
335 _____ Edit. Marcial Pons, Madrid, 1997. José María Rebolledo Varela
- La responsabilidad de la Administración
en la asistencia sanitaria.*
Miriam Cueto Pérez
347 _____ Edit. Tirant lo blanch, Valencia, 1997. Ángeles Pérez Vega



As representacións da poboación do apoio electoral dos partidos: Galicia 1987

Catedrático de ciencia política,
Universidade de Santiago de
Compostela

José Vilas Nogueira

Profesor de fundamentos da
análise económica,
Universidade de Vigo

Eduardo L. Giménez Fernández

Entre os indicadores habitualmente utilizados (estimados a partir da declaración dos entrevistados) para caracterizar a cultura política dun país adoita tomarse en consideración o grao de afiliación partidista e de simpatía cara ós partidos políticos. Aquí centrarémonos nun aspecto particular da percepción cidadá dos partidos políticos: as representacións da poboación galega sobre o apoio de clase e o apoio xeracional ós diversos partidos¹, tal como se deducen dunha enquisa do CIS (estudio 1700, de 1987)², que ofrece algúns resultados salientables.

¹ Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación CICYT SEC94-0975. Agradecemoslles á Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía e ás persoas responsables desta institución, a axuda prestada.

² O ámbito é o da Comunidade Autónoma de Galicia; o número de entrevistas, 2191; e a data de realización, setembro de 1987 (Para o conxunto de características técnicas remitímonos ó propio estudio, dispoñible no banco de datos do CIS).

É coñecido que, dende a súa aparición como actores políticos colectivos, os partidos políticos foron considerados frecuentemente como axentes políticos dos intereses dunha clase social. Moitas veces, os propios partidos, en especial a partir da aparición dos partidos socialistas, se presentaron como tales. A notoriedade que en décadas pasadas alcanzou a categoría do partido *catch-all*, elaborada por Kirchheimer (1966), confirmao *sensu contrario*.

Tamén é coñecido que a común opinión percibe un progresivo declinar desta significación, que se adoita vincular, xa sexa a procesos de homoxeneización da sociedade, xa sexa de debilitamento da ideoloxía, xa dun crecente hedonismo consumista (ou de todo o contrario, por ex., Inglehart, 1991 (1990), etc., xa a unha combinación de varios destes factores. Naturalmente, tamén é posible, aínda que sexa menos frecuentado, o recurso ás propias leis de estrutura e funcionamento da liberal-democracia que constrinxen ó abandono de posicións estrictamente clasistas (ver Vilas Nogueira, 1980, e 1981).

En calquera caso, nos últimos anos houbo estudos empíricos que amosan que o voto determinado "clasistamente" supón niveis relativamente reducidos (ver, por ex., Gunther, 1991).

Nesta enquisa preguntouse pola consideración da posición de clase dos votantes dos diversos partidos relevantes no momento. A primeira nota destacable é a estruturación das posibilidades de resposta que se lles ofreceron ós consultados. Certamente, como puxo de manifesto Almond (1980; páx. 15), as enquisas sobre cultura política implican que a determinación dos "obxectos" científicos é patrimonio do investigador. Por incómodo que resulte, é dificilmente concibible unha posibilidade alternativa. Pero este "privilexio" debería comportar un exquisito coidado para neutralizar, na medida do posible, os nesgos derivados de asociacións ideolóxicas e, aínda máis, dunha formulación equívoca das preguntas. Non parece, sen embargo, que os redactores do cuestionario do estudio que analizamos respectaran regras tan elementais.

A pregunta foi: "¿considera Vde. que a xente que vota o partido X é de clase alta, clase media ou clase obreira?". Moi evidentemente, os termos de identificación das clases ofrecidos eran inconsistentes lóxicamente, pois se usamos un criterio topográfico, a clase alta e a clase media requiren da clase baixa, pero non da clase obreira. É posible que os individuos da clase obreira sexan considerados ou se consideren a si mesmos como de clase

baixa, pero a proposición inversa non se verifica en moitos casos (e máis en Galicia). É difícil que un agricultor pequeno propietario sexa considerado, e se considere a si mesmo, pertencente á clase media ou á clase alta, pero non é máis doado que sexa considerado, ou se considere a si mesmo, pertencente á clase obreira. O mesmo se pode dicir de moitos traballadores subalternos na función pública ou en actividades de servicios da empresa privada, que dificilmente se consideran ou son considerados pertencentes á clase media ou á clase alta, pero que é moi improbable que sexan considerados ou se consideren a si mesmos pertencentes á clase obreira.

En termos dos especialistas en estatística, a pregunta vulnera as esixencias de exhaustividade e dun único principio clasificatorio na construción da variable (ver, por exemplo, Sánchez Carrión, 1995, páx. 28). Quizais a explicación desta estridente inconsistencia estea en que os redactores do cuestionario pensaron que a expresión "clase baixa" asocia tal disvalor que deturparía o significado das respostas. Pero se foi así, o remedio foi peor cá enfermidade, mesturando churras con meiriñas, en agravio da intelixencia e do sentido común dos consultados (que esperemos non se "vingaran").

Outro trazo da formulación da pregunta foi a estratexia, bastante habitual nas enquisas do CIS, de non ofrecerlles ós consultados o valor "neutral", neste caso, "votan o partido X os de *tódalas clases*". Esta posible resposta, que por certo presenta frecuencias relativamente altas, había de ser apuntada espontaneamente polo entrevistado. Sen dúbida, preténdese con iso eludirlas respostas "cómodas", que privarían á enquisa de virtualidade ilustrativa das opinións dos consultados sobre a pregunta. En efecto, existe o perigo que se adoita materializar en moitos casos, de que os consultados por comodidade e/ou ánimo de "quedar ben" ante o entrevistador tendan a elixir as categorías "centrais" entre as alternativas posibles de resposta. Pero este procedemento tamén ten custos, pois introduce a posibilidade de nesgos incontrolables. Os consultados máis proclives a aceptar as pautas do entrevistador, menos imaxinativos ou con menor seguridade en si mesmos, é probable que non tivesen pensado na posibilidade dunha resposta diferente da tríade que lle ofrecía o entrevistador, a diferenza dos máis rebeldes, máis imaxinativos ou máis seguros de si mesmos. ¿E cómo se pode controlar a eventual incidencia destas diferentes orientacións na estimación subxectiva da relación entre partido e voto de clase?³ É, cando menos, dubidoso que este recurso sexa o máis axeitado a unha pregunta desta natureza.

³ A formulación literal da pregunta (P.31) foi: "Vou lerlle algúns dos principais partidos galegos. Querería que me dixese se, ó seu xuízo, a xente que adoita votalos é máis ben de clase alta, de clase media ou de clase obreira? (Entrevistador: non ler "de todas elas"; Anotar só se o entrevistado o di)".

Esta estratexia é reveladora dun dos problemas xerais do estudo das actitudes políticas; a súa eventual redución ó estudo das opinións. Pois as opinións son iso, opinións, non son actitudes (Botella, 1992 di algo parecido, a propósito da súa distinción entre "cultura política" e "opinión pública"). Que as opinións, que son elaboracións racionais, sexan o mellor indicador das actitudes é, en termos xerais, cuestionable, e ó límite pode converter en inanes os estudos de cultura política. Aínda que, naturalmente sempre sexa máis cómodo deterse nas opinións que elaborar indicadores máis complicados das actitudes ou que, reducidos a aquelas, intentar análises máis afinadas, que impliquen a problematización da sedicente evidencia estatística dos indicadores de opinión.

Apoio de clase reputado para os diversos partidos

Se nos centramos na nosa investigación, o apoio de clase reputado polos consultados para os diversos partidos (expresado en porcentaxes) reflíctese na táboa 1:

	Clase alta	Clase med.	Clase obr.	Tod. el.	NS	NC
Alianza Pop.	29,3	13,0	3,5	29,4	21,4	3,4
CDS	5,9	36,3	2,8	26,2	25,3	3,6
Coal. Galega	5,3	29,4	6,2	25,5	29,9	3,7
PSOE	2,7	17,0	18,6	35,4	22,9	3,4
PNG	2,2	19,4	14,4	23,5	36,7	3,9
Esq. Galega	0,7	10,3	31,2	21,8	32,2	3,8
Esq. Unida	0,7	5,7	37,6	20,3	32,0	3,7
BNG	0,6	7,8	34,5	20,2	33,0	3,8

Da simple observación da táboa anterior, resulta que Alianza Popular era considerado o partido tipicamente apoiado pola clase alta (case quintuplica, respecto do partido que lle segue, o apoio relativo que os consultados lle supoñían entre os electores desta clase). No extremo contrario, os consultados supoñen que Esquerda Galega, Esquerda Unida e o BNG non atopan virtualmente ningún apoio entre os electores de clase alta.

O CDS era considerado o partido tipicamente apoiado pola clase media. Tamén se supoñía un apoio moi caracterizado dos electores de clase media a Coalición Galega. No extremo oposto, a Esquerda Unida e ó BNG repútaselles escaso apoio da clase media.

Aínda que se discute qué é o que sexa “medio” na clase media (ver Wright, 1986), podería imaxinarse que o apoio reputado de clase media e o apoio reputado interclasista (“de tódalas clases”) debería ofrecer series moi próximas. Sen embargo, non é así. Deixando á parte os nesgos que puidese introducir a estratexia da entrevista, xa comentada, quizais os consultados son moito máis sofisticados do que con frecuencia supoñen algúns profesores. Quizais os consultados razoen dun modo próximo a este: hai partidos que supoñen “proxectos nacionais”, quere dicirse que transcenden a “intereses corporativos ou de clase”. Polo tanto un partido ó que se lle reputaba un apoio electoral relativamente modesto entre a clase media, como o PSOE, é considerado o campión do apoio interclasista, seguido de Alianza Popular. Os consultados reputan, con bastante lóxica, que os grandes partidos son os que reciben un maior apoio interclasista, que concilian, no caso do PSOE cun discreto apoio da clase obreira, e no de Alianza Popular, cun grande apoio da clase alta.

Tamén con bastante lóxica, os consultados supoñen que o apoio electoral de clase obreira é simetricamente inverso ó apoio electoral de clase alta. Esquerda Unida, en primeiro lugar, o BNG, e Esquerda Galega suponse que obteñen a maior parte dos seus votos entre electores de clase obreira. E no extremo oposto, sitúanse CDS e Alianza Popular.

Por outro lado, a relativa dificultade de supor cál sexa o apoio electoral de clase dos partidos, pode deberse cumulativamente a dúas circunstancias: o carácter interclasista do partido e o grao de coñecemento do partido (podemos repetir que, *coeteris paribus*, os partidos pequenos son menos coñecidos cós grandes). A primeira circunstancia, o carácter interclasista, é parcialmente neutralizada pola posibilidade da resposta (aínda que teña que ser espontánea) de apoio interclasista. Polo tanto, os valores de “perplexidade” (“non sabe” e mais “non contesta”) á pregunta sobre o apoio electoral de clase “deberíannos” ofrecer unha serie de significado inverso á importancia dos diversos partidos. E así é, en efecto (ver táboa 2):

Táboa 2
Perplexidade ante o apoio electoral de clase ós diversos partidos

Alianza Popular	24,8	Esquerda Unida	35,7
PSOE	26,3	Esquerda Galega	36,0
CDS	28,9	BNG	36,8
Coalición Galega	33,6	PNG	40,6

Suma de porcentaxes de “non sabe” e mais “non contesta” á pregunta P.31, para cada partido.

Para obter unha imaxe máis sintética e expresiva construímos un índice de apoio de clase reputado.

Índice de apoio de clase reputado

Para os efectos da construción deste índice, tratarémosla variable ordinal de apoio de clase reputado como se fose unha variable de intervalo (este non é un recurso moi exquisito, pero naturalmente non o inventamos nós; pola contra; é bastante frecuente na bibliografía, ver Sánchez Carrión 1995, páxs. 29 e 59). Para obte-lo noso índice, dámoslle o valor 1 á categoría "voto de clase alta"; 2 á categoría "voto de clase media", e 3 á de "voto de clase obreira". Prescindimos, como valor neutral, das respostas que supoñen un apoio interclasista, "voto de tódalas clases", e dos non sabe/non contesta. Multiplicamos por cada un destes "valores" as porcentaxes de consultados que elixen cada categoría. Sumámo-los productos e dividímolos pola porcentaxe de consultados que, para cada partido, escolleron as tres categorías (isto é, subtraendo da base 100, a porcentaxe dos que elixeron a resposta neutral, e mais os "non sabe" e os "non contesta").

Naturalmente, un partido ó que os consultados no supuxesen absolutamente ningún apoio da clase media e da clase obreira obtería un coeficiente 1, e de modo inverso, un partido ó que os consultados non lle supuxesen absolutamente ningún apoio da clase alta e da clase media, obtería un coeficiente 3. O resultado preséntase na táboa 3:

Táboa 3
Índice de apoio de clase reputado

	Clase alta	Clase med.	Clase obr.	
Alianza Popular	(29,3x1) +	(13,0x2) +	(3,5x3) =	65,8/45,8 = 1,4
CDS	(5,9x1) +	(36,3x2) +	(2,8x3) =	86,9/45,0 = 1,9
Coal. Galega	(5,3x1) +	(29,4x2) +	(6,2x3) =	82,7/40,9 = 2,0
PNG	(2,2x1) +	(19,4x2) +	(14,4x3) =	84,2/36,0 = 2,3
PSOE	(2,7x1) +	(17,0x2) +	(18,6x3) =	92,5/38,3 = 2,4
Esq. Galega	(.7x1) +	(10,3x2) +	(31,2x3) =	114,9/42,2 = 2,7
BNG	(.6x1) +	(7,8x2) +	(34,5x3) =	119,7/42,9 = 2,8
Esq. Unida	(.7x1) +	(5,7x2) +	(37,6x3) =	124,9/44,0 = 2,8

Como se ve, Esquerda Galega, Esquerda Unida e o BNG eran reputados claramente partidos de clase obreira (os dous últimos quedan só a dúas décimas do máximo teórico de apoio de clase obreira (3,0). No extremo oposto, Alianza Popular é reputado

como un partido con apoio claramente de clase alta (a catro décimas do máximo teórico, 1,0 neste caso). Isto é particularmente significativo, se consideramos que mentres os primeiros partidos tiñan daquela un apoio electoral real moi modesto, no mellor dos casos non chegaba ó 4% dos votos⁴; en cambio Alianza Popular era o partido máis votado en Galicia, con máis do 39,4% dos votos.

O voto de clase reputado ós diversos partidos non presenta unha relación significativa coa localización de clase que lles prestan os entrevistadores ós entrevistados. Os coeficientes de correlación R de Pearson amósanse na táboa 4:

Táboa 4			
Coeficientes de correlación R de Pearson entre localización de clase (heterolocalización polo entrevistador) e representación polos entrevistados do apoio electoral de clase ós diversos partidos			
PSOE	0,08533	PNG	0,04598
Esquerda Galega	0,08329	Coalición Galega	0,03338
Alianza Popular	- 0,06275	Esquerda Unida	0,03264
CDS	- 0,04653	BNG	0,01548

Excluíronse do cálculo os "non sabe" e "non contesta", nas dúas variables.

Quizais, o único un pouco destacable sexa a debilidade da correlación respecto de Esquerda Unida e o BNG. Máis significativa é a relación entre o voto de clase reputado ós diversos partidos e a idade dos entrevistados. Os coeficientes de correlación R de Pearson amósanse na táboa 5:

Táboa 5			
Coeficientes de correlación R de Pearson entre idade e representación polos entrevistados do apoio electoral de clase ós diversos partidos			
PSOE	0,13552	PNG	0,04553
Coalición Galega	0,12659	CDS	0,03917
Alianza Popular	0,08325	BNG	- 0,03724
Esquerda Galega	0,05951	Esquerda Unida	0,03151

Excluíronse do cálculo os "non sabe" e "non contesta", nas dúas variables.

¿E cal é a relación desta suposición co nivel de ingresos? Se cruzámo-la variable de apoio de clase reputado para Alianza Popular coa variable de ingresos, de modo inicial e relativamente sorprendente (despois veremos que non hai motivos para a sorpresa), son as persoas con ingresos medios (de 75.001 a 150.000 PTA/mes) as que reputan en maior proporción un apoio de clase alta para Alianza Popular (47,5 fronte a unha media, como

⁴ Nas eleccións lexislativas xerais de 1986 (as eleccións máis próximas á data de realización da enquisa), o BNG obtivo o 2,1% dos votos, Esquerda Galega o 3,6 e Esquerda Unida (en Galicia, é claro) o 1,1.


se ve na táboa, do 29,3). En cambio, as persoas con ingresos baixos (ata 50.000 PTA/mes) só lle atribúen este apoio nun 25,9%, por debaixo da media. Diso colíxese, moi naturalmente, que a imaxe de Alianza Popular como partido da clase alta tiña moito máis predicamento entre a clase media que entre a clase baixa, eventualmente menos sensible á retórica das elites mesocráticas.

¿Na percepción dos consultados, o apoio diferencial de clase social identifícase coa localización no espazo ideolóxico, isto é, na dimensión esquerda-dereita? Vexamos.

Representación do apoio de clase social e configuración do espazo partidario

Requiréselles ós consultados que sitúen os partidos nun punto entre o 1 e o 10, suponse que 1 é a posición extrema esquerda e 10 a posición extrema dereita do *continuum*, a orde e os valores medios resultantes da enquisas (P.34) foron: Esquerda Unida (1,9), o BNG (2), Esquerda Galega (2,3), o PSOE (3,8), o PNG (4,4), o CDS (5,4), a Coalición Galega (5,8) e Alianza Popular (8,4). Como se ve a coincidencia é case total: a unha posición máis de esquerda, maior apoio da clase obreira, a unha posición máis de dereita, maior apoio da clase alta.

Introducindo o elemento do carácter do partido segundo o seu ámbito de acción, exclusivamente galego ou extensivo a todo o territorio español, a representación do espazo partidario sería desta guisa (gráfico 1):



A moda na representación da localización ideolóxica de Alianza Popular, sitúase no punto 9, a un só punto da extrema dereita. A media, como dixemos, no punto 8, 4. Nin un só consultado situou este partido na posición 1. Na 2, 3 e 4, conxuntamente, o 0,2 e nas posicións centrais, 5 e 6, o 4,1%.

⁵ Queda fóra do noso propósito aquí a análise diacrónica. Non obstante podemos apuntar que entre os anos 1984 e 1992, ós que se estende o estudio (do que o presente traballo é unha entrega parcial), como era de supor, a autolocalización ideolóxica dos entrevistados ofrece valores moi pouco sensibles ó cambio, virtualmente inertes, malia que no mesmo período houbera cambios significativos da orientación do voto (claro que sempre podería atribuírse-lle o desprazamento do voto ós NS/NC na autolocalización ideolóxica). Os pequenos cambios rexistrables quizais se deban máis ó *aleas* das enquisas que a verdadeiros cambios de opinión. Por exemplo, no ano 1987, respecto de 1984, a media desprazárase lixeiramente á dereita (de 5,1 a 5,3), a moda seguía correspondéndolle á posición 5, e aumentara lixeiramente a frecuencia das posicións máis á dereita (9 e 10; do 3,7% ó 6,5%). Diminuía apreciablemente a porcentaxe de NS (de 15,5 a 11,3) e NC (de 14,1 a 10,4).

⁶ A técnica de aplicación, habitual nas enquisas do CIS, desta pregunta parécenos bastante cuestionable. Preséntaselle ó entrevistado unha tarxeta na que se dispoñen dez cuadrículas, do 1 ó 10, e pídeselle que sinale cun dedo aquela na que se sitúa. Difícilmente se podía arbitrar un procedemento máis sensible á atracción do centro (ver Amheim 1988 (1982). Non parece difícil adiviñar que, con esta técnica, a moda da distribución se atopará sempre nas posicións centrais. Dito menos piadosamente, esta técnica frustra a virtualidade ilustrativa da pregunta.

No centro do espacio partidario para PNG e CDS, a moda sitúase no punto 5, pero as posicións medias difiren bastante, 4,4 para PNG, e 5,4 para o CDS, case exactamente no punto teórico medio da dimensión. Por outra parte, o PNG, é o partido que suscita maior perplexidade para a súa localización, case o 37% dos consultados non saben situalo. Coalición Galega sitúase tamén en posicións centrais: a moda no punto 6, e a media no punto 5,8, polo tanto un pouco máis á dereita có CDS. Pero, aínda que a media é case a mesma, na cualificación de Coalición Galega maniféstase moita maior disparidade, e, tamén, hai máis consultados que non o saben situar (case 6 puntos máis).

Na esquerda moderada, para o PSOE a moda sitúase no punto 4, e a media no 3,8. E, finalmente, na esquerda radical, para Esquerda Galega a moda sitúase no punto 2, e a media no 2,3. Para Esquerda Unida e o BNG, a moda sitúase no punto 1, extrema esquerda. As posicións medias son, respectivamente, 1,9 e 2. A penas ningún dos consultados os consideraban de centro (moito menos de dereita).

¿E onde se situaban ideoloxicamente os consultados? (P33). A distribución da autolocalización ideolóxica dos consultados ofrece os seguintes valores: 1 (2%), 2 (3,5%), 3 (9,7%), 4 (12,7%), 5 (20,3%), 6 (8,5%), 7 (8,6%), 8 (6,4%), 9 (4,1%), e 10 (2,5%)⁵. A moda no punto 5 e a posición media no 5,3, no centro case exacto da dimensión, “dúas décimas” cara á esquerda⁶. Graficamente, pódese representar así:



A posición media coincide case exactamente coa do CDS. ¿Era este o partido que suscitaba maior identificación ou foi o partido máis votado na elección máis próxima á realización da enquisa, inmediatamente antes ou despois?

Identificación cos diversos partidos

Moi evidentemente, non. En canto á identificación partidista (P.35), unha poboación que se consideraba ideoloxicamente de centro, e que moi obviamente distaba de ser maioritariamente de clase alta (véxase máis adiante a localización de clase que lle atribúen os entrevistadores), identificábase preferentemente cun partido, como Alianza Popular, ó que situaba á dereita, moi á dereita, e ó que reputaba ser votado preferentemente por xente de clase alta. Os valores para tódolos partidos poden verse na táboa 6:

(en %)	(1) Moi próximo	(2) Próximo	(1+2)
Alianza Popular	7,0	17,6	24,6
PSOE	4,3	18,0	22,3
CDS	2,1	9,3	11,4
Esquerda Galega	1,7	8,9	10,6
Coalición Galega	0,6	6,3	6,9
BNG	1,4	4,3	5,7
Esquerda Unida	0,4	4,1	4,5
PNG	0,3	3,5	3,8

Lamentablemente, o estudo non pregunta pola autolocalización de clase do entrevistado, o que permitiría avalialo grao de consistencia entre o apoio de clase reputado ós diversos partidos e a autolocalización de clase dos consultados. Si, en cambio, nos ofrece, a heterolocalización (polo entrevistador), pero, agora, con base nunha clasificación distinta (!), que ofrece cinco valores: clase "alta", "media alta", "media", "media baixa", e "traballadora". En calquera caso, a autolocalización ideolóxica correlaciónase moi debilmente coa heterolocalización de clase polo entrevistador: R de Pearson 0,05733 (excluídos os "non sabe" e os "non contesta" das dúas variables).

Os entrevistadores reputaron que só o 0,5 dos entrevistados correspondían á clase alta, o 3,5 á clase media-alta, o 37,2 á clase media, o 20,4 á clase media-baixa, e o 36,8 á clase traballadora. Aínda considerando que a clase media-alta, no xuízo dos entrevistadores, poida integra-la clase alta de votantes, que se lles ofrece ós entrevistados, resultaría que a mostra só presenta un 4% de individuos de clase alta. Sen embargo, case un 25% dos individuos da mostra se consideran próximos a Alianza Popular, que, paradoxalmente, segundo o 29,3% dos propios

consultados, sería un partido votado fundamentalmente por individuos de clase alta.

¿Atopámonos ante unha inconsistencia derivada da influencia sobre os consultados do valor de opinións recibidas?

¿Inconsistencia ou "falacia ecolóxica"?

En principio temos que supoñer que a xente, o común da xente, sabe o que quere e actúa en consecuencia. Na marxe doutras cuestións, esta suposición ten a vantaxe de que fortalece a crenza nas nosas propias capacidades, pois se o común das persoas non fosen competentes para sabe-lo que queren e para actuar en consecuencia, ¿por que haberíamos de selo nós? Sempre se podería xustificar, pero, obviamente, sería máis difícil.

De todos modos, aquela suposición non implica que, necesariamente, todo o mundo en tódalas circunstancias actúe de modo lóxicamente consistente. A, non moi difícil, constatación de inconsistencias lóxicas en comportamentos políticos e sociais nutriu de munición os debeladores dos foros da razón, e da responsabilidade individual, a favor da imaxinaria virtualidade de fantasmagóricas entidades colectivas ou da subsunción da determinación das preferencias individuais en misteriosos procesos "políticos", na "noite de gatos pardos" dos cales habería que consultar ó insolente "gurú", que tal proclama, para saber qué é o que a xente realmente quere tralo proceso de "determinación política" das preferencias individuais (ver Lindblom, 1990, páx. 29, aínda que non compartímo-lo conxunto da súa argumentación, que, no noso xuízo, se resente dunha formulación incorrecta da cuestión fundamental).

Pero o predicado, conforme a experiencia e a filantropía, de que a xente sabe o que quere e actúa en consecuencia non exclúe necesariamente que, con bastante frecuencia, a súa conducta sexa lóxicamente inconsistente. Como dixo Simon hai xa algún tempo (para as súas últimas formulacións, ver Simon, 1985), a racionalidade humana é limitada. Está limitada pola información dispoñible; está limitada, como demostraron brillantemente Tversky e Kahneman (1981) (ver tamén Kahneman e Tversky, 1982, e 1984) pola continxencia da estruturación do marco de decisión; está limitada polos recursos utilizables na ponderación dos resultados dos diversos cursos posibles da acción, etc.

E está limitada non só nos supostos implicados no parágrafo anterior, que se refiren de modo máis ou menos explícito a unha expectativa de intervención práctica (de acción, no sentido trivial da palabra), senón tamén en casos nos que a acción, agora

no sentido de Parsons, se detén no momento cognitivo. Un destes casos podería ser o da representación da relación entre partido e clase social, á que nos estamos referindo. E unha suposición asociada é que, presumiblemente, as posibles inconsistencias lóxicas que os entrevistados poidan exhibir a propósito desta cuestión non sexan exclusivas nin de Galicia nin do ano 1987.

Pero, podería tratarse dunha "falacia ecolóxica" (Shively, 1975). Intentemos ver isto algo mái de preto, desagregándolles os valores de proximidade ós diversos partidos.

Situación de clase e grao de información política

Unha primeira cuestión que se deberá considerar é a distribución dos "non sabe-non contesta". Dende logo esta é unha categoría complexa, "lugar de encontro para diversas respostas" (ver Cruz Cantero, 1990). Aquí, dada a natureza da pregunta e o contexto no que se formula, supoñemos inxenuamente que o "non sabe" significa iso, que "non sabe", é dicir, un defecto de información, e que o "non contesta" significa un "defecto" de interese. Para o conxunto dos partidos, aproximadamente o 11% dos consultados non sabe situarse. Os partidos que suscitan menor perplexidade son Alianza Popular (só o 8,7% non sabe situarse), o PSOE (9%) e o CDS (9,5), isto é, os partidos, naquel tempo con maior apoio electoral e de ámbito nacional-español. No extremo oposto, o PNG suscitaba unha grande perplexidade (o 15% non sabía situarse), seguido por Esquerda Unida (12,5), e o BNG (12,3).

¿O grao de información distribuíase homoxeneamente entre as diversas clases sociais? Nada diso. Para o conxunto dos partidos, a incapacidade de situarse ascendía entre os individuos da clase media-baixa e da clase traballadora (adscripción reputada polos entrevistadores) a aproximadamente o 16%. E esta incapacidade relativa non estaba modulada, en absoluto, pola suposta maior proximidade dalgúns partidos ás clases máis baixas. Polo contrario, manifestaba exactamente as mesmas pautas que para o total dos entrevistados. Así, os partidos que suscitan menor perplexidade entre os membros reputados da clase media-baixa e da clase traballadora son Alianza Popular (12,4%), o PSOE (12,8), e o CDS (13,3). No extremo oposto, o PNG suscitaba unha grande perplexidade (o 20,5% non sabía situarse), pero tamén partidos de suposto apoio das clases baixas, como o BNG (17,5), e Esquerda Unida (17,2).

En cambio, entre os individuos das clases máis altas (segundo a adscripción reputada polos entrevistadores) eran moitos menos os que non sabían situarse, aproximadamente só o 5%.

E como o lector pode esperar, os partidos que suscitan menos perplexidade son os mesmos (Alianza Popular, 3,8, o PSOE, 4 e o CDS, 4,6%) e os que suscitan maior perplexidade son os mesmos (o PNG, 7,6, Esquerda Unida, 6,0 e o BNG, 5,4).

Polo tanto, cabe reter que os membros da clase media-baixa e da clase traballadora "non saben" situarse respecto dos partidos políticos (independentemente da significación de clase real ou presunta de cada partido) nunha porcentaxe apreciablemente maior (arredor de 11 puntos porcentuais) cá dos membros das clases máis altas.

¿Están tamén menos interesados ("non contestan")? Si, pero aquí as diferencias son moito menores. Aproximadamente, o 6% do conxunto dos consultados non contesta á pregunta do seu grao de proximidade ós diversos partidos. De acordo coa nosa suposición de que o "non contesta" revela indiferencia ante a cuestión da proximidade ós partidos, as respostas só minimamente se ven afectadas pola individualidade do partido polo que se pregunta (os valores extremos son para Alianza Popular, 6,0%, e o PNG, 6,3%). Entre os membros das clases media-baixa e traballadora, a media de non interesados nesta cuestión é de aproximadamente o 7,5%, mentres que entre os individuos das clases máis altas non chega ó 4,4%. Como se ve, unha diferenza moito menor cá que se manifestaba a propósito do grao de coñecemento.

Vexamos agora, a relación entre proximidade ós diversos partidos e localización de clase (heterolocalización polo entrevistador).

Proximidade ós partidos e situación de clase

En realidade, a penas hai relación, como amosan os coeficientes de correlación R de Pearson, que expoñemos na táboa 7:

PSOE	- 0,11967	PNG	- 0,03615
Esquerda Unida	- 0,07047	Coalición Galega	- 0,03293
BNG	- 0,05710	Alianza Popular	0,01755
Esquerda Galega	- 0,04985	CDS	- 0,00374
Excluíronse do cálculo os "non sabe" e "non contesta", nas dúas variables.			

O PSOE é claramente o único partido que amosa un coeficiente de correlación algo significativo. No extremo oposto, o CDS é tamén, moi claramente, o partido máis insensible a esta co-

relación. En termos xerais, os partidos de esquerda presentan coeficientes de correlación máis altos cós de dereita, achados, todos eles, que se conforman ó esperable. O máis "inesperado" é probablemente que Esquerda Unida non presente un coeficiente de correlación máis alto.

Podemos considera-la relación entre localización de clase (heterolocalización polo entrevistador) e proximidade ós partidos dende outra perspectiva. Reducímo-los valores da pregunta (P.35: "moi próximo", "próximo", "distante", e "moi distante") a unha matriz bipolar, que podemos designar cos termos próximo ("moi próximo" e mais "próximo")/afastado ("distante" e mais "moi distante"), e obtémo-las *ratios* correspondentes. Dende logo, en tódolos grupos de clase e para tódolos partidos (coa única excepción do grupo de clase alta e clase media-alta para Alianza Popular), son máis os consultados que se declaran afastados ca próximos ós diferentes partidos. Por iso as razóns de proximidade/afastamento son sempre (agás aquela excepción) inferiores á unidade (ver táboa 8):

Táboa 8
Ratios proximidade / afastamento

	Clase				
	Alta+med. alta ⁷	Med.	Med. - baixa	Trab.	val. med.
Alianza Popular	1,61	0,51	0,73	0,66	0,63
BNG	0,07	0,11	0,08	0,11	0,10
CDS	0,56	0,36	0,24	0,30	0,32
Coalición Galega	0,23	0,15	0,16	0,17	0,16
Esquerda Galega	0,19	0,25	0,12	0,30	0,24
Esquerda Unida	0,07	0,09	0,06	0,11	0,08
PNG	0,07	0,09	0,06	0,07	0,08
PSOE	0,36	0,51	0,66	0,87	0,63

Como se pode ver, as *ratios* máis elevadas do sentimento proximidade-afastamento danse para Alianza Popular no grupo de clase alta e media-alta (1,61), o PSOE no grupo de clase traballadora (0,87), Alianza Popular no grupo de clase media-baixa (0,73), Alianza Popular no grupo de clase traballadora (0,66) e o PSOE, no grupo de clase media-baixa (0,66). O PSOE é, evidentemente, o único partido que ofrece unha pauta de proximidade-afastamento que se corresponde exactamente coa localización de clase: a frecuencia dos sentimentos de proximidade acentúase a medida que se descende na escala de clase. Alianza Popular suscita unha grande identificación nos individuos das

⁷ Agrupámo-los individuos de clase alta cos de clase media-alta, xa que o número de individuos da enquisa ós que os entrevistadores supoñen de clase alta é tan reducido, que resultaría aventurado atribuír-lle significatividade.

clases alta e media-alta, pero descende relativamente moito entre os individuos da clase media (media-media, debería dicir a enquisa para ser claros), posiblemente pola maior sensibilidade deste grupo ás imaxes que identifican, en España, a dereita coa "caverna" (ausencia de ilustración, nepotismo, caciquismo, etc.). En cambio, entre os individuos da clase media-baixa (quizais acusados pola "pantasma da proletarización") e, incluso, entre os individuos da clase traballadora (quizais máis sensibles a mensaxes populistas) suscita unha considerable identificación.

O CDS espertaba sentimentos de proximidade relativamente elevados entre as clases alta e media-alta, e relativamente baixos na clase media-baixa (presumiblemente menos sensibles ca outros grupos de clase á imaxe deste partido como herdeiro de "as cousas boas" de UCD: espírito de tolerancia e moderación, etc.). Coalición Galega tamén espertaba sentimentos de proximidade relativamente elevados entre os membros da clase alta e media-alta, o que non é estraño, se se ten en conta que este partido foi, basicamente, unha criatura "post-ucedeá" (ver Vilas Nogueira, 1992). O BNG suscitaba moi poucos sentimentos de proximidade entre a clase alta e media-alta. Esquerda Galega "afrouxaba" no apoio da clase media-baixa (quizais pouco sensible á imaxe de nacionalismo esquerdista "ilustrado" deste partido). Esquerda Unida, moi naturalmente, suscitaba maiores sentimentos de proximidade, en termos relativos, entre a clase traballadora. ¿E en canto ó rexeitamento dos partidos?

Rexeitamento dos diversos partidos

O partido que suscitaba unha maior porcentaxe de rexeitamento era o BNG e o que menos o CDS. Os valores para tódolos partidos poden verse na táboa 9:

Táboa 9 Rexeitamento dos diversos partidos			
(en %)	(1) Distante	(2) Moi distante	(1+2)
BNG	32,7	19,3	52,0
Esquerda Unida	34,0	16,3	50,3
PNG	31,2	13,4	44,6
Esquerda Galega	31,6	12,3	43,9
Coalición Galega	29,8	11,3	41,1
Alianza Popular	21,9	17,2	39,1
PSOE	25,4	9,6	35,0
CDS	27,3	7,4	34,7

Naturalmente, os dous sentimentos de identificación e de rexeitamento non teñen por qué ofrecer series inversamente simétricas. É lóxico que os partidos que sexan percibidos en posicións centrais do espacio (xa sexa na dimensión esquerda-deita, xa na de nacionalismo periférico-nacionalismo español) susciten, *coeteris paribus*, menos rexeitamento cós que ocupen posicións máis extremas. En cambio, non ten por qué suscitar maior identificación. A relativa neutralidade tende a excluír sentimentos de aversión, pero non garante sentimentos de identificación. Se se repara nisto non resulta tan sorprendente o contraste entre o aparente complemento de lexitimación dos partidos de centro e o seu relativamente escaso éxito na bibliografía (contraste que atormentou, hai anos, a Daalder).

Pola mesma razón, os partidos centrais tenden a suscitar maior indiferencia (ou equidistancia: nin "próximo" nin "distante"). A serie a este propósito é a seguinte, de maior a menor indiferencia: o CDS (38,3 %), a Coalición Galega (34,7), o PNG (30,4), Esquerda Galega (27,7), PSOE (27,6), Esquerda Unida (26,5), o BNG (24,0), e Alianza Popular (21,6).

Do mesmo xeito, as porcentaxes de máxima distancia son un bo indicador da extremosidade (percibida) dos partidos. A serie é BNG (19,3), Alianza Popular (17,2), Esquerda Unida (16,3), PNG (13,4), Esquerda Galega (12,3), Coalición Galega (11,3), PSOE (9,6), e CDS (7,4). Pero, naturalmente, hai o problema do tamaño. Os partidos máis pequenos provocan máis NS/NC. Haberá, pois, que referi-las porcentaxes non ó total dos consultados, senón a só os que expresan opinión. O resultado, sen embargo, non altera a orde, aínda que cambian algo as distancias relativas entre algúns partidos (ver táboa 10):

Táboa 10
Porcentaxes de máxima distancia referidas ós consultados
que expresan opinión

BNG	$19,3 \times 100 / (100-18,3) = 23,6$
Alianza Popular	$17,2 \times 100 / (100-14,7) = 20,2$
Esquerda Unida	$16,3 \times 100 / (100-18,6) = 20,0$
PNG	$13,4 \times 100 / (100-21,2) = 17,0$
Esquerda Galega	$12,3 \times 100 / (100-17,9) = 15,0$
Coalición Galega	$11,3 \times 100 / (100-17,4) = 13,7$
PSOE	$9,6 \times 100 / (100-15,1) = 11,3$
CDS	$7,4 \times 100 / (100-15,6) = 8,8$

A “perplexidade” (non sabe e mais non contesta) na percepción da propia proximidade perante os diversos partidos, debe estar en función, preferentemente, do “tamaño” dos partidos. Así acontece, en efecto. A serie é: PNG (21,2%), Esquerda Unida (18,6), BNG (18,3), Esquerda Galega (17,9), Coalición Galega (17,4), CDS (15,6), PSOE (15,1) e Alianza Popular (14,7).

A representación do apoio xeracional

Grupos de idade e actitudes políticas

A idade é un dos trazos estruturais básicos para o estudio do cambio en calquera sociedade ou grupo social (Riley, 1987), incluso como *cleavage* político de importancia fundamental, equiparable pola súa influencia á etnia, á clase social ou á relixión. “La edad es uno de los factores que, en expresión de Mannheim, *sitúa (locates)* a los individuos o a los grupos en la estructura social, tanto en las sociedades tradicionales como en las modernas” (Justel, 1992, páx. 60). Esta importancia acentúase, se temos en conta o avellentamento demográfico acelerado, sen precedentes históricos, que se vén producindo dende hai máis de medio século en todo o mundo, particularmente nas sociedades avanzadas de Occidente. “Según las estimaciones medias, en el año 2025 uno de cada cuatro europeos tendrá sesenta y cinco años o más” (Justel, 1992, páx. 62).

A primeira cuestión é a de se os grupos de idade supoñen “constitutivamente”, orientacións políticas diferenciadas, polo xeral sobre unha matriz “mozos = radicais, máis vellos = conservadores”. Naturalmente, a explicación non ten por que ser reducida a factores de orixe psico-biolóxica, como a rebeldía xuvenil (a “necesidade freudiana de mata-lo pai”) ou a súa maior dispoñibilidade cara a posicións anti-*establishment*, vinculable a esa mesma disposición rebelde do espírito xuvenil. Hai tamén factores sociolóxicos: en termos xerais, os mozos non están inseridos, ou estano precariamente, no mundo socio-laboral e, derivativamente, no mundo da política institucionalizada. Sofren, por iso, menos enerxicamente as construcións do “principio da realidade”, por dicilo tamén “freudianamente”, e poden entregarse menos onerosamente ó “principio do pracer”. Atópase unha “(...) constatación recorrente de que el ingreso en el mercado laboral y el cambio de rol y *status* social correspondiente va acompañado de un proceso de socialización política que refuerza notablemente la competencia política personal” (Justel, 1992, páx. 72).

Unha comprensión deste tipo permite explicar un apoio xeracional diferencial a algúns partidos, e non é difícil supoñer que os partidos políticos beneficiarios dun apoio preferentemente xuvenil probablemente ocuparán posicións marxinais na configuración do espacio político e terán influencia subalterna na dinámica do sistema. Pero non permite ningunha influencia proxectiva, pois, como é sabido, lamentablemente, a xuventude é a única "enfermidade" que se cura sempre. En contra das suposicións dalgúns políticos radicais demagogos, ou simplemente estúpidos, que invocan o apoio xuvenil como heraldo dun futuro éxito, tal apoio é un caso máis remitible á metáfora papiniana do espello que foxe, do tren que nunca se detén.

A segunda cuestión é a de se un apoio diferencial dos mozos se conecta a un cambio, suficientemente profundo, de valores, e de valores susceptibles pola súa propia significación de seren proxectables máis alá das fronteiras dun grupo de idade específico (polo tanto de valores que impliquen algo máis que "rebeldía xuvenil", de valores que sexan síntoma "dalgunha enfermidade", que a diferenza da "xuventude" poida non ter cura). Neste caso, un apoio diferencial da xuventude si pode ser heraldo de éxitos futuros; si pode ter virtualidade proxectiva (aínda que tampouco hai que excluír que as forzas do *establishment* asimilen os novos valores e "non pase nada", ou case nada).

Como xa se advertiu, na realidade unha e outra cuestións preséntanse entremesturadas, e unha resposta concluínte só se pode dar *a posteriori*. Polo que lle afecta ó que aquí nos ocupa, a diferenza pode ser ilustrada pola comparación da evolución posterior a 1987 do éxito electoral de Esquerda Unida e do BNG. O preferente apoio xuvenil que os consultados supoñían para Esquerda Unida é remitible ó primeiro tipo de explicación. Os mozos que deixan de selo, deixan de apoiar este partido. En cambio, o preferente apoio xuvenil que os consultados lle reputaban ó BNG é indicativo dun cambio de orientación cara ó nacionalismo galego (e, en xeral, en toda España cara ós nacionalismos periféricos). Os mozos que deixan de selo, non deixan de apoiar este partido. E como hai un cambio de valores non específicos dun grupo de idade, as forzas do *establishment*, no noso caso Alianza Popular, asimilan os novos valores (a evolución en Galicia de Alianza Popular, primeiro, e do Partido Popular, despois, é unha ilustración excelente do noso argumento). ¿Como representaban os consultados o apoio xeracional dos partidos?

A suposición que se fan os consultados sobre o apoio electoral dos partidos con relación á idade reflíctese na táboa 11

Táboa 11
Apoio xeracional reputado dos diversos partidos

	Moz.	Med. idade	Maior.	Tod. idade	NS	NC
BNG	38,9	6,7	2,0	22,6	26,9	3,0
Esq. Unida	34,3	7,6	1,6	24,3	29,0	3,3
Esq. Galega	33,5	9,1	0,9	24,6	28,7	3,2
PNG	16,3	16,7	3,0	26,7	32,9	3,3
PSOE	11,6	19,4	2,2	42,6	21,0	3,2
Coal. Gal.	6,8	27,0	6,2	29,4	27,5	3,2
CDS	3,2	34,9	5,2	30,3	23,4	3,1
Alianza Pop.	2,3	11,3	32,9	30,9	19,4	3,2

A pregunta (P.32) repetía a estratexia, xa comentada, da pregunta sobre a representación do apoio de clase, de non ofrecerlles ós consultados a alternativa de resposta “de tódalas idades”. Da simple observación da táboa anterior, resulta que Alianza Popular era considerado o partido tipicamente apoiado polos máis vellos (32,9%). No extremo oposto, os consultados supoñen que Esquerda Galega (0,9), Esquerda Unida (1,6) e BNG (2,0) non atopan virtualmente ningún apoio entre os máis vellos. Os valores son case exactamente inversos para o apoio reputado dos mozos. A Alianza Popular só se lle supón un apoio do 2,3, mentres que no extremo contrario se situaban Esquerda Galega (33,5), Esquerda Unida (34,3) e o BNG (38,9).

Ó CDS (34,9) e a Coalición Galega (27,0) considerábanos partidos tipicamente apoiados pola xente de mediana idade. De modo análogo ó que acontecía co apoio reputado de clase social, un partido ó que se lle supón un apoio relativamente modesto entre a xente de mediana idade, o PSOE, é considerado o campión do apoio interxeracional, seguido de Alianza Popular. *Mutatis mutandis*, son reproducibles aquí as consideracións anteriores, a propósito do apoio de clase, sobre a relación entre a percepción de partidos con “proxectos nacionais” e outros con “proxectos de clase ou grupo”.

Para obter unha imaxe máis sintética e expresiva, trataremos-la variable ordinal de apoio xeracional reputado como se fose unha variable de intervalo, construíndo así un índice do apoio xeracional reputado.

Índice de apoio xeracional reputado

A mecánica seguida para a construción do índice de apoio xeracional reputado foi a mesma seguida para a construción do índice de apoio de clase reputado, explicada anteriormente. Dámolles o valor 1 á categoría "voto de xente nova"; 2 á categoría "voto de mediana idade", e 3 á de "voto dos máis vellos". Prescindimos, como valor neutral, das respostas que supoñen un apoio interxeracional, "voto de tódalas idades", e dos non sabe/non contesta. Os resultados reflíctense na táboa 12:

O art. 1 da Lei do 2 de abril sobre consellos provinciais sancionaba que en toda capital de provincia existiría un Consello Provincial, integrado polo Xefe Político como presidente, e un número variable de conselleiros ou vocais –tres como mínimo e cinco como máximo²⁰–, nomeados polo rei, dos cales dous, polo menos, deberían ser letrados, requisito que se explica pola especialidade das competencias coas que se vai dotar a este órgano, como xa veremos. De entre os vocais ou conselleiros, o Goberno designaría un como vicepresidente, a teor do art. 2 da lei. Débese advertir que a dependencia do Consello Provincial respecto do poder central é clara, dado que tódolos seus membros os nomea o Goberno e non os habitantes da propia provincia, como sucedía coas deputacións. É unha mostra desa centralización que caracterizará a lexislación moderada de mediados do século XIX. Centralización que leva aparelada a dependencia xerárquica.

Para supli-los conselleiros nos casos de ausencia, enfermidade, recusación ou separación do cargo, a lei prevía, no seu art. 4, a posibilidade de nomear un número igual de conselleiros supernumerarios, os cales poderían asistir ás sesións do Consello, se ben carecerían de voz e de voto, ademais de cobra-la metade da retribución prescrita para o cargo, salvo que pasasen a actuar como conselleiros ou vocais efectivos. O tema da retribución dos membros do Consello trátase en liñas xerais no art. 3 da lei, na que tamén se indica que os conselleiros teñen o de-

¹⁹ Para Morell Ocaña, o Consello Provincial, como órgano da xurisdición contencioso-administrativa, supón a plasmación da construción dogmática, importada de Francia, de que o control do poder executivo non podería realizalo o poder xudicial, senón o mesmo poder executivo, a través de órganos *ad hoc* ós que se lles encomenda exclusivamente esa función de autocontrol. Por outra parte, a función consultiva implica unha certa mingua das competencias das deputacións provinciais “en la tarea de asistencia y consejo a la autoridad gubernativa de la provincia”. Así, o Consello Provincial vai orixinar “un paso en la sustantivación de una organización propia del Estado en la provincia, distinta y completamente al margen de las Diputaciones y configurada con arreglo al principio burocrático y no el representativo”, en *op. cit.*, páxs. 749-750.

²⁰ Eran tres vocais ou conselleiros naquelas provincias de menos de 300.000 habitantes, e cinco nas que tiñan unha poboación superior á cifra referida. En calquera caso, o Goberno reservaba o dereito de aumentar ou reducir ese número de conselleiros cando o estimase conveniente, por proposta da Deputación Provincial, de acordo con Sánchez- Arcilla Bernal, *Historia de las instituciones*, Madrid, 1994, páx. 325, nota 391.

reito a usa-lo uniforme e o distintivo que os regulamentos sinalen e que eses servicios desempeñados no novo órgano provincial se computarán como méritos especiais nas súas respectivas carreiras²¹.

As disposicións relativas á composición do Consello Provincial complétanse cunha Real orde do Ministerio da Gobernación do 2 de xullo de 1845²², a finalidade da cal era insta-la constitución dos distintos consellos provinciais en tódolos territorios do Reino antes do 1 de agosto do ano en curso. Para iso regulábanse cuestións referidas á sesión de constitución do citado órgano²³, ó xuramento dos conselleiros²⁴ –dunha grande importancia xa que sen este requisito non tiña eficacia o nomeamento, a teor do art. 4 da real orde–, ás retribucións, que dependían da clase de provincia²⁵, e, por último, contemplábanse certas normas sobre a forma de actuar da nova institución, ás que aludiremos máis adiante. O art. 5 desa real orde permitíalle ó Xefe Político nomear como secretario do Consello Provincial a

²¹ Segundo consta na Acta da Sesión do 13 de marzo de 1847, infórmase ó Consello Provincial de Lugo dunha Real orde do 21 de abril de 1846 pola que se declaraba que as gratificacións que percibían os conselleiros eran compatibles co gozo de calquera outro haber do tesouro, xa procedese de pensión, de xubilación ou de cesantía; dispoñíase así mesmo que tales gratificacións non creaban dereito a cesantía nin a xubilación, nin podía gozar deles cando os conselleiros obtivesen algunha licencia, en Arquivo da Deputación Provincial de Lugo (en adiante, ADPL), lex. 1, *Actas del Consejo Provincial de Lugo*, ano 1847, f. 12 v. e 13.

²² Publicada en BOPL, n.º 87, do 22 de xullo. Nesta publicación indícase tamén, en cumprimento da real orde transcrita, a primeira composición que tivo o Consello Provincial de Lugo: Juan Ferreiro Caamaño, presidente como xefe político que era, xunto a tres vocais efectivos que, naquel tempo foron Ignacio Timoteo Yáñez, Juan Pardo y Pardo e José Castro Bolaño, ademais dun membro supernumerario (Juan Manuel Pardo). Así se recolle na acta de instalación do Consello Provincial, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 1.

²³ Art. 3 da R.O.: "En el día señalado para la instalación y á la hora que se hubiere determinado, asistirán al mismo local del Gobierno político todos los consejeros nombrados, así efectivos como supernumerarios. Precederá á la instalación la lectura de la ley de 2 de abril próximo pasado relativa á la organización y atribuciones de los consejos provinciales, la de los nombramientos de los respectivos consejeros y la de esta Real orden circular".

²⁴ A fórmula que se vai empregar no xuramento aparece recollida no art. da R.O.: "¿Jurais por Dios y por los Santos Evangelios guardar y hacer guardar la Constitución de la Monarquía y las leyes, ser fiel á S.M. la reina Doña Isabel II, y conducirlos fiel y lealmente en el desempeño de vuestro cargo? Si juro. Si así lo hiciereis, Dios os lo premie y si no, os lo demande".

²⁵ O art. 10 da R.O. sinala os distintos niveis retributivos, e completa así o disposto no art. 3 da lei. O cargo de conselleiro comporta un soldo anual de 8000 reais nas provincias de terceira clase, 9000 nas de segunda, 10000 nas de primeira, e 12.000 na de Madrid. En todo caso, os gastos que esta corporación xera satisfaranse con cargo ós fondos da propia provincia, segundo se deduce do art. 5 da lei.

un dos oficiais da súa Secretaría, cargo que só se podería exercer cando aquel non actuase como tribunal administrativo.

A práctica demostrou graves atrasos na constitución e no funcionamento destes órganos, sobre todo no referido ó cumprimento de funcións por parte dos conselleiros efectivos e dos supernumerarios, e como resposta a todo iso aparece outra real orde do Ministerio da Gobernación²⁶, por medio da cal se incrementou o control do Xefe Político sobre os vocais e os seus substitutos; así, dispoñíase que os conselleiros no exercicio das súas funcións e os supernumerarios, tamén en exercicio, necesitarían real licencia para ausentarse da capital da provincia respectiva, de conformidade co art. 1 da real orde, se ben no art. 2 se lles recoñecía o dereito a dúas licencias anuais de quince días cada unha delas para asuntos dentro da propia provincia, permiso este que concedería o Xefe Político. Respecto dos conselleiros supernumerarios non exercentes, necesitaban tamén permiso do Xefe Político para ausentarse da provincia (art. 3), o cal podería ser denegado por xustas causas. Para evita-la eventual falta de *quorum* do órgano provincial, estatuíase para esta mesma categoría de conselleiros que lle comunicasen ó Xefe Político as súas viaxes dentro do territorio provincial (art. 4).

Por Real decreto do 29 de setembro de 1847 estableceu un cambio na composición dos consellos provinciais que non afectou para nada ás competencias que tiñan atribuídos estes. O art. 1 do citado real decreto dispoñía que "habrá en la capital de cada provincia un Consejo provincial, compuesto del Gobernador civil, del secretario del Gobierno civil, de un consejero letrado y un diputado provincial, nombrados por el Gobierno". O gobernador desempeñaría o cargo de presidente, mentres que o secretario do Goberno Civil actuaría como vicepresidente do Consello (art. 2). Deseñábase así mesmo un sistema de substitucións para os membros do citado corpo²⁷ e prevíase a creación dun

²⁶ BOPL, n.º 138, do 18 de novembro. A Real orde do 2 de xullo, no seu art. 2, sancionaba que os conselleiros, tanto efectivos como supernumerarios, deberían fixa-la súa residencia e domicilio na capital da provincia, se se encontrasen fóra dela, para garanti-la real constitución do órgano que nos ocupa na data prevista que se establecera para o 1 de agosto.

²⁷ Art. 4: "Para reemplazar al consejero letrado se nombrará por el Gobierno en cada provincia uno supernumerario, el cual tendrá facultad de asistir á las sesiones, pero sin voz ni voto, excepto cuando entre en ejercicio; en este caso, y mientras dure su interinidad, cobrará la mitad de la gratificación que corresponda al propietario". Conforme ó art. 5, "el consejero diputado provincial tendrá tambien un suplente designado por el Gobierno". Os suplentes podían ser chamados excepcionalmente para asistir en ás sesións con voz e con voto, sempre e cando, na opinión do gobernador civil, a urxencia ou a multitude dos asuntos do servizo así o requirisen (art. 6).

Consello de Goberno xeral²⁸, con idénticas funcións ás que tiñan os consellos provinciais. De tódalas formas, esta reforma non chegou a callar xa que a penas durou unha semana: a volta de Nárvaez ó poder supuxo a restitución do réxime administrativo anterior, operada mediante o Real decreto do 5 de outubro de 1847, o que mandaba suspender a reforma administrativa contida no Real decreto do 29 de setembro dese ano e as demais disposicións para levalo a efecto.

B) O Consello Provincial como órgano consultivo

Segundo expresa o art. 6 da Lei de consellos provinciais, a primeira competencia importante destes consistía na actuación como órgano dictaminador, como corpo consultivo²⁹. Esta fun-

²⁸ Art. 8: "En la capital de cada Gobierno general habrá un Consejo llamado de Gobierno general, y compuesto del Gobernador civil general, que será su presidente; de un vicepresidente nombrado por el Gobierno; de dos consejeros de número y de otros dos supernumerarios, todos ellos letrados y de Real nombramiento". No caso de que o Consello de Goberno xeral se instalase na capital dunha provincia, o secretario do Goberno Civil pasará a desempeñar-lo cargo de presidente do Consello Provincial (art. 7). A diferenza con relación ó Consello Provincial estribaba no ámbito territorial de actuación, de acordo co art. 15 do real decreto: os consellos de Goberno xeral actuarán coas mesmas competencias e atribucións cós consellos provinciais, pero "cuando en vez de corresponder á una sola provincia se refieren por su generalidad al conjunto del territorio que se les ha designado, procediendo en tal caso con sujeción á las mismas reglas ya prescritas para los provinciales".

²⁹ No Proxecto do 22 de febreiro de 1838, Silvela enunciaba no art. 17 que a primeira atribución dos consellos sería a de *ilustrar y auxiliar*, nas súas operacións, a autoridade superior da provincia, para o que deberán realiza-las tarefas que se sinalaban a continuación e que transcribimos: "evacuar los informes que pida el jefe político en todos los ramos de la administración... dar su parecer motivado en todo los casos en que las leyes exijan este requisito... asistir con su presencia y cooperación al jefe político en todos los casos en que las leyes lo prevengan... discutir y modificar en su caso y presentar á la aprobación del jefe político los presupuestos anuales de los pueblos... examinar, modificar en su caso y aprobar las cuentas anuales de los alcaldes y de los mayordomos de propios que no lleguen á 200.000 mrs... calificar la urgencia y justificación de las solicitudes que hagan los pueblos pidiendo moratorias ó indemnizaciones por calamidades públicas... desempeñar con cierto número de adjuntos las funciones atribuidas en el día á las Juntas provinciales de sanidad, de instrucción pública y de beneficencia", en *DSCD*, n.º 93, apéndice segundo, Sesión do 9 de marzo de 1838, páx. 1186. Análogos contidos recolléronse nos arts. 46-47 do Proxecto de lei do 16 de novembro de 1838, recollido en *DSCD*, n.º 7, apéndice terceiro, Sesión do 16 de novembro de 1838, páx. 98, así como os arts. 46-47 do Dictame e do Proxecto de lei da comisión que traballou sobre esta última proposta de Silvela, do 30 de xaneiro de 1839, en *DSCD*, n.º 72, apéndice, Sesión do 2 de febreiro de 1839, páx. 1.510. Esta competencia reiterábase así mesmo o art. 10 do fallido Real decreto reformador do 29 de setembro de 1847: "Tanto los Consejos de Gobierno general, como los provinciales con el carácter de cuerpos consultivos, darán sus dictámenes siempre que el Gobernador civil por sí ó por disposición del Gobierno se lo pida, ó cuando las leyes, Reales órdenes y reglamentos lo prescriban".

ción de asesoramento do xefe político atribuíraselles tradicionalmente no goberno provincial ás deputacións que se van ver agora desprazadas a un segundo plano por parte da nova institución³⁰.

Esta primeira facultade consultiva podía exercerse de dúas formas diferentes, sen que en ningún caso os seus dictames tivesen carácter vinculante xa que a decisión última lle correspondía ó xefe político, polo demais único e último responsable dos actos administrativos que se dictasen no seo das competencias que sinalaba a lexislación do momento:

1. En primeiro lugar, a emisión do dictame podía vir xustificada por unha disposición normativa, é dicir, cando por mandato da lei, reais ordes ou por outra norma calquera, se esixise un dictame. Trátase, polo tanto, de dictames obrigatorios, esixidos pola lexislación vixente e de inescusable cumprimento³¹.

2. En segundo lugar, o dictame podía emitirse por petición do xefe político, que podería solicitalo por si mesmo ou por mandato do Goberno. Encontrámonos ante dictames que podemos cualificar como potestativos en canto que non se amparaban en ningunha disposición vixente, senón no que determinase a von-

³⁰ No proxecto de Silvela de febreiro de 1838 xustificábase esta función consultiva da seguinte maneira: "Además de los contencioso-administrativo, los consejos de provincia tienen las atribuciones de ilustrar y auxiliar al jefe superior. Y como que estos auxilios, estos consejos son de todos los días, de todos los instantes; como que los trabajos son penosos, modestos, sin gloria y sin lucimiento ó recompensa exterior, de aquí la necesidad de que los consejeros sean empleados públicos, á quienes á todas horas se tenga derecho de emplear. Jamás las Diputaciones, organizadas como en el día lo están, sin sueldo y sin recompensa sus vocales, pudieran despachar los negocios que se encargan á los consejos con la igualdad, constancia y oportunidad necesaria. No obstante, lo que propongo es más económico que lo que existe", en *DSCD*, n.º 93, Sesión do 9 de marzo de 1838, páx. 1164.

³¹ Exemplos destes dictames ou informes de carácter obrigatorio aparecen en diversas normas: a) na lexislación electoral, para decidir acerca das reclamacións ou instancias de inclusión ou de exclusión de electores, ex. art. 28 da Lei do 18 de marzo de 1846; b) para declarar a validez das actas das deputacións, se non houbese reclamacións atendibles, ou para remitirle ó Goberno a decisión do asunto, conforme ó sinalado nos arts. 32 e 33 da Lei do 8 de xaneiro de 1845; c) en sede de concellos, arts. 31, 54, 80 e 108 da Lei do 8 de xaneiro de 1845; d) en materia de beneficencia, a Lei do 20 de xuño de 1849 e as reais ordes do 22 de outubro de 1846 e do 18 de decembro de 1848; e) en canto ás obras públicas, a Real orde do 14 de marzo de 1846, o Real decreto do 7 de abril de 1848 e a Lei do 28 de abril de 1849; f) na lexislación sobre minas, os arts. 3, 7, 10 e 20 da Lei do 11 de abril de 1849; g) nos conflitos de atribucións entre órganos xudiciais e administrativos, véxase o art. 13 do Real decreto do 4 de xuño de 1847; h) nos procesos contencioso-administrativos, tamén se oír o informe do Consello á hora de fixar as dietas dos ordenanzas no propio Consello Provincial, cando teñan que saír da capital para practicar algunha dilixencia, como se pode ver no art. 12 do Regulamento do 1 de outubro de 1845.

tade do máximo órgano gubernativo provincial ou do Consello de Ministros.

De acordo co art. 12 da lei, as reunións do Consello Provincial celebraríanse coa periodicidade que dispuxese o propio Xefe Político e serían a porta pechada (art. 13). Para que os acordos puidesen tomarse ou o dictame emitirse, esixíase na lei a presenza da maioría dos membros de órgano, incluído o presidente, e deses membros asistentes un como mínimo debería ser letrado³², tendo o presidente voto de cualidade para dirimilos empates, tal e como sanciona o art. 14 da lei³³.

A Real orde do 2 de xullo engadía máis concreción nestes aspectos ó destacar que este órgano que estamos estudando debería te-la súa sede nunha habitación nas mesmas dependencias do Goberno político (art. 5) para facilita-la colaboración institucional, pois como destaca o citado artigo "los Consejos provinciales se hallan estrechamente ligados con los Gobiernos políticos" e por ese motivo "sus comunicaciones han de ser continuas y frecuentemente verbales". O Xefe Político é o que inicia a actuación dictaminadora xa que ha de remiti-los expedientes -"instruídos y extractados" di o art. 7- para que o Consello tome o acordo ou emita o dictame pertinente. O dito dictame podía ser escrito ou oral (art. 8), e preferíanse estes últimos "en obsequio del mas pronto y facil despacho" dos asuntos. O art. 9 sinalaba a distinta canle ou procedemento que se seguiría en cada caso:

1. Se se trata dun dictame ou informe escrito, un dos conselleiros, a modo de relator elaborará unha proposta de acordo ou de dictame para que despois tódolos membros do Consello deliberen e voten.

³² Por decisión do xefe político podían así mesmo asistir con voz, pero sen voto, e dependendo da natureza do asunto que se fá tratar, o secretario do Goberno Civil, os xefes de Facenda, o xefe da Sección de Fomento, os enxeñeiros de Camiños, Minas e Montes, e o arquitecto provincial, en Sánchez-Arcilla Bernal, *Historia de las instituciones*, páx. 325, nota 391.

³³ Como exemplo deste voto dirimente, pode sinalarse a Acta da Sesión do 26 de novembro de 1845, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 24 v., onde o Consello Provincial informaba o Xefe Político sobre a validez das actas das eleccións locais celebradas no Concello de Xermade. Xorde unha dúbida respecto de se os escusados, é dicir, as persoas que solicitan a exención do cargo de concelleiros, han de ser substituídos por medio de elección parcial ou ben por outras persoas que figuraban nas listas electorais. Como se recolle no texto da acta "Discutido largamente esse particular se puso a votacion, y los ss. vocales Yáñez y Pardo y Prado opinaron por el 2º extremo, al paso q. el Sr. Castro Bolaño y el Sr. Presidente por el 1º, y mediante el voto del ultimo en caso de empate es decisivo, quedo resuelto q. se proceda a efectuar la eleccion parcial en el citado Distrito para reemplazar a los cuatro escusados".

2. Se é oral, en tal caso, o informe ou dictame só se pode levar a efecto se o xefe político se atopa presente na reunión, informárase primeiramente ó presidente, debaterase e votarase, sen máis trámites. En todo caso, o acordo ou o dictame recollerase brevemente por escrito.

En ámbolos casos, os conselleiros asistentes asinarán a acta que se redacte, na que poderán facer consta-lo seu voto particular, sempre que se produza algunha disensión.

A decisión final que adopte o xefe político deberá incluí-la fórmula "oído el Consejo provincial", cando o seu dictame fose obrigatorio, como garantía da legalidade da actuación concreta de que se trate, anque, temos que repetilo, o xefe político non estaba suxeito en ningún caso ó que propuxese o Consello³⁴.

Por último, o Consello, a teor do art. 7 da lei, tería as competencias, noutros sectores da Administración, que lle sinalasen as normas vixentes³⁵, o que significaba deixar unha porta aberta á posibilidade de que este órgano de nova impronta vise incrementadas as súas competencias nos máis variados campos, sen que existise ningún tipo de restricción a esta asimilación sucesiva de novos labores. Un exemplo claro podémolo encon-

³⁴ Unha mostra desta mención aparece no *BOPL*, n.º 112, do 2 de outubro de 1845: "Admitidas por este gobierno politico todas las reclamaciones que se le dirigieron por inclusion ó exclusion de las listas de electores... y con audiencia del Consejo provincial". En *BOPL*, n.º 133, do 7 de novembro de 1845 o xefe político expón que "no habiendose recibido otro alguno, de conformidad con lo que me propuso el Consejo provincial, he venido en admitir como mas ventajosa".

³⁵ Froito desta habilitación legal son unha serie de actuacións do Consello Provincial que, en palabras de Colmeiro, non son nin consultivas, nin contenciosas, senón "propias de la administración pura": o xefe político adopta a decisión pero sempre *de acordo* co Consello Provincial, o que supón reforza-lo papel deste órgano na toma de decisións que lle afecten á provincia. Cita, o mesmo autor, os seguintes supostos: a) para declara-las dúbidas e dirimi-las cuestións suscitadas entre os alcaldes e os depositarios dos fondos municipais sobre o pagamento dos libramentos non axustados ás partidas orzamentarias; b) para examinar e censura-las contas destes, sempre que o orzamento municipal non excedese de 200.000 reais de velón, segundo o teor dos arts. 104 e 108 da Lei do 8 de xaneiro de 1845; c) para decidir se o deputado provincial electo ten as cualidades requiridas pola lei e para resolve-las solicitudes de exención deses cargos, conforme ó art. 34 da Lei do 8 de xaneiro de 1845; d) para a distribución entre os municipios das cantidades aprobadas pola Deputación Provincial para a construción de camiños veciñais, para sinala-la contía da prestación persoal e para declara-la necesidade dun camiño cando os pobos afectados non se aviñesen a recoñecela, como se colixe dos arts. 4 e 9 do Real decreto do 7 de abril de 1847, e art. 7 da Lei do 28 de abril de 1849; e) en materia de sorteos para o recrutamento do exército, *vid.* a Lei do 4 de outubro de 1846 e a Real orde do 21 de outubro de 1846; en Colmeiro, M., *Derecho Administrativo Español*, Tomo I. Librería de don Ángel Calleja, Madrid-Santiago, 1850, páx. 213-214. Manexámo-la edición facsimilar da Escola Galega de Administración Pública, Santiago de Compostela, 1995.

trar, en relación co Consello Provincial de Lugo, nas actas das sesións dos anos 1848 e 1849. Nelas faise consta-la asunción dunha nova competencia, compartida co Comisario de Guerra, en virtude dunha Real orde do 16 de setembro de 1848, mediante a que os órganos citados serían os encargados de fixar “los precios a que deben abonarse á los pueblos las especies de suministro que faciliten a las tropas en el 4º trimestre del año actual” (dende o 1 de outubro ata o 31 de decembro), e así establecen o prezo das racións de pan, das fanegas de cebada, das arrobas de palla, de aceite, de leña e de carbón³⁶.

De acordo con Sánchez-Arcilla, o fundamento desta facultade de consulta oficiosa radicaba na necesidade de que os actos das administracións provinciais se sometesen a unha especie de “purga” previa á súa aprobación, a unha especie de control previo. Ademais debe destacarse o feito de que os xefes políticos, normalmente amobibles, debían de estar asesorados por un corpo experimentado, estático e con continua actividade³⁷.

Máis expresivamente destacaba Colmeiro as razóns que, ó seu xuízo, lexitimaban o labor consultivo destes novos órganos colexiados en contraposición ás deputacións, que foran tradicionalmente o corpo consultivo do órgano rector da provincia. O administrativista galego sinala catro claros argumentos a favor dos consellos provinciais: a súa actividade permanente, a inamabilidade dos seus membros, a busca do ben común por riba de intereses provinciais ou localistas, e o seu corte aristocrático, tal e como o afirma textualmente na obra que nos serve de referencia:

“Las Diputaciones provinciales tienen sesiones periódicas y la administración activa há menester un consejo permanente. - Las primeras se renuevan con frecuencia, y la administracion activa debe ser consultada por corporaciones habituadas á interpretar leyes y reglamentos. - Aquellas entienden mas de asuntos de interés provincial y los miran con preferencia á los de utilidad comun, y los Consejos, si no libres de toda afeccion

³⁶ ADPL, lex. 1, *Actas*, anos 1848 e 1849, ff. 1, 2 e 3, onde se recollen as únicas actas deses anos, con idéntico contido, e das datas seguintes: 15 de outubro de 1848, 12 de xaneiro de 1849, 11 de abril de 1849, 12 de xullo de 1849, 5 de setembro de 1849 e 10 de decembro de 1849. A título anecdótico, na última sesión apuntada fíxanse os seguintes prezos: “El de cada ración de pan a, veinte y tres y medio mrs... El de las fanega de cevada, veinte y siete reales... El de la arroba de paja, dos reales y veinte y cuatro mrs... El de la arroba de aceite, sesenta y dos rls. y medio... El de la de leña, un real y ocho mrs... El de la de carbón, dos reales y diez y seis mrs”.

³⁷ Sánchez-Arcilla, *Historia de las instituciones*, pág. 324, nota n.º 390. En realidade, esa reflexión sobre a esencia dos consellos, como xa advirte o propio autor, atribúselles a Cánovas del Castillo e a Cos Gayón.

local, por lo menos son mas dueños de sí mismos, y forman juicios mas independientes; y en suma, siendo las Diputaciones de origen popular, carecen de unidad de pensamiento y están exentas de responsabilidad, de lo cual se infiere que su cooperación sería pocas veces eficaz y menos todavía espontánea y sincera³⁸.

C) O Consello Provincial como tribunal administrativo

Pero a lexislación moderada non lles atribúe unicamente ós consellos a función arriba destacada, que xa existía na lexislación española aínda que atribuída a outro órgano, senón que introduce unha competencia radicalmente novidosa ó deseñar un modelo de xurisdicción contencioso-administrativa que se introduce así por primeira vez na nosa historia.

Non obstante, a función de control xurídico das actuacións da Administración non era algo totalmente descoñecido: no panorama institucional do antigo réxime, podemos albiscar certos exemplos de mecanismos de control relativos ás decisións gobernativas dos órganos do poder público. Basta cita-los estudos de García-Gallo, Villapalos Salas e doutros para encontrar notorias mostras do dito³⁹.

Afirmaba Tocqueville que a xustiza administrativa e a garantía dos funcionarios eran xa institucións vixentes no antigo réxime⁴⁰. Pola súa parte, García de Enterría engadíalle á idea

³⁸ Colmeiro, *op. cit.*, tomo I, páx. 209. En idéntico sentido se manifestara anos atrás Silvela, en *DSCD*, n.º 93, Sesión do 9 de marzo de 1838, páx. 1164, así como a súa proposición de lei posterior: "Para aconsejar á un hombre de luces, á un jefe á quien se confía el mando de una provincia; para proporcionarle un auxilio eficaz, se há menester un caudal de conocimientos especiales, una práctica en el manejo de negocios, una consumada experiencia, que mal pudiera suponerse en quienes no hayan tenido ocasión de adquirirla; y aconsejar todos los días, á todas horas y sobre infinita variedad de materias, requiere una inversion de tiempo que no hay derecho a exigir gratuitamente a nadie", en *DSCD*, n.º 7, apéndice terceiro, Sesión do 16 de novembro de 1838, páx. 83.

³⁹ Sen ánimo exhaustivo, debemos destaca-los seguintes estudos: García-Gallo, A., "Cuestiones y problemas de la Historia de la Administración española" en *Actas del I Simposio de Historia de la Administración*, Madrid, 1971, páxs. 39-59, e "La división de competencias administrativas en la Edad Moderna" en *Actas del II Simposio de Historia de la Administración*, Madrid, 1972, páxs. 289-306. Villapalos Salas, G., *Los recursos contra los actos de gobierno en la Baja Edad Media. Su evolución histórica en el reino castellano (1252-1504)*, Madrid, 1976. García de Enterría, E., "La formación histórica del principio de autotutela de la Administración" en *Moneda y Crédito*, 128 (1974), páxs. 59-87; e Morales Arizabalaga, J., "Procedimientos para el ejercicio gubernativo y contencioso de la jurisdicción de la Real Audiencia de Aragón en el siglo XVIII" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, LIX [LX] (1990), páxs 509-550.

⁴⁰ Tocqueville, A. de, *El Antiguo Régimen y la revolución*, Madrid, 1982, volume I, páxs. 91-95.

precedente que o réxime administrativo que impuxo a Revolución Francesa continuou a estrutura de poder do antigo réxime, "pero... agregó a la misma el ingrediente decisivo de la garantía jurídica en la relación con los súbditos"⁴¹.

A creación dunha xurisdicción contencioso-administrativa⁴² –auténtica xurisdicción especial fronte á civil e á criminal que conformaban a xurisdicción ordinaria– efectuarase mediado o século XIX. No seu banzo inferior situábanse os consellos provinciais, como órganos de primeira instancia. Este sistema xurisdiccional introdúcese en España a imitación do modelo francés, e ten o seu fundamento último na peculiar asimilación ou adaptación que os revolucionarios franceses fixeron da doutrina da división de poderes formulada por Montesquieu na súa obra *Del espíritu de las leyes*.

En efecto, esa división de poderes –que supoñía atribuír-las tres funcións de legislar, executar e vulgar a órganos distintos do Estado– será entendida nun sentido estricto, é dicir, deben existir tres poderes separados, como compartimentos estancos, sen permitir inxerencias, de ningunha clase, dun poder na órbita de actuación de calquera dos dous restantes. De aquí séguese que o poder xudicial nunca podería examinar ou controla-la actuación do Executivo, da Administración⁴³, o que ten o seu corrolario no *adagio* francés *juger l'Administration c'est encore admi-*

⁴¹ García de Enterría, E., "Alejandro Oliván y los orígenes de la Administración española contemporánea", *La Administración española*, Madrid, 1992, páx. 26.

⁴² Sobre as orixes da xurisdicción contencioso-administrativa, Nieto García, A., "Los orígenes de lo contencioso-administrativo en España", en *Revista de Administración Pública* (en adiante, *RAP*), 50 (maio-agosto de 1966), páxs. 27-50, e "Sobre la tesis de Parada en relación con los orígenes de lo contencioso-administrativo", en *RAP* 57 (setembro-diciembre de 1968), páxs. 9-33. Parada Vázquez, R., "Privilegio de decisión ejecutoria y proceso contencioso", en *RAP*, 55 (xaneiro-abril de 1968), páxs. 65-112, e "Réplica a Nieto sobre el privilegio de decisión ejecutoria y el sistema contencioso-administrativo", en *rap* 59 (maio-agosto de 1969), páxs. 41-70. Garrido Falla, F., "La evolución del recurso contencioso-administrativo en España", en *RAP* 55 (xaneiro-abril de 1968), páxs. 9-26. Gallego Anabitarte, A., "Administración y jueces: gubernativo y contencioso. Reflexiones sobre el Antiguo Régimen y el Estado constitucional, y los fundamentos del Derecho administrativo español", en *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, tomo 63 (231 da colección), 3, setembro de 1971, páxs. 237-348; e Santamaría Pastor, J. A., *Sobre la génesis del Derecho Administrativo español*, Instituto García Oviedo, Universidad de Sevilla, Sevilla, 1973.

⁴³ Así se recolle no art. 13 da Lei francesa sobre organización xudicial, do 16-24 de agosto de 1790: "Les fonctions judiciaires sont distinctes et demeureront toujours, séparées des fonctions administratives. Les juges en pourront, à peine de forfaiture, troubler, de quelque manière que ce soit, les opérations des corps administratifs, ni citer devant eux les administrateurs pour raison de leurs fonctions". Este principio recollerase posteriormente na Constitución de 1791 e na do ano III da Revolución (1795).

nistrer; pero isto non supuxo que a Administración tivese absoluta impunidad para actuar, senón que deu orixe a unha forma especial de autocontrol administrativo a través de distintos mecanismos⁴⁴, que culminará coa creación do Consello de Estado⁴⁵. En palabras de García de Enterría, trátase do "primer sistema contencioso-administrativo sistemático y general, aunque en la forma de una "justicia retenida" (por el Gobierno o por el Prefecto, que deciden sobre la propuesta de sus órganos)"⁴⁶.

No caso español, a evolución que se produce no século XIX en relación co control dos actos das administracións públicas pasa por tres grandes momentos: 1) a lexislación dictada en Cádiz, que consagra o sometemento da Administración ós tribunais ordinarios, conforme o Decreto do 13 de setembro de 1813⁴⁷;

⁴⁴ Admitida de forma xeral a idea de que os xuíces non podían inmiscuírse no labor da Administración, a seguinte cuestión á que se trata de responder é a de determinar cómo se controla a actividade administrativa. Seguindo a Santamaría Pastor, en *Fundamentos*, páx. 150, manifestáronse claramente dúas posicións: unha que propugnaba o control por parte dos tribunais ordinarios, representada, entre outros, por Sièyes e Bergasse; outra que defendía a creación dun tribunal especial, situado dentro do poder xudicial (Thoubet). Óptase, por proposta de Pezous, por unha solución salomónica: o contencioso-administrativo adxudícaselle á propia Administración activa (directorios de distrito e de departamento no nivel local; ós ministros no central), coa excepción dos litixios relativos ás contribucións indirectas que se lles atribúen ós tribunais de distrito (Leis de 6 e 7-11 de setembro e de 7-16 de outubro de 1790).

⁴⁵ García de Enterría, E., e Fernández Rodríguez, T. R., *Curso de Derecho Administrativo*, Madrid, 1991, tomo II, páx. 535: "La institución del Consejo de Estado, creada por la Constitución napoleónica del año viii para "resolver las dificultades que se susciten en materia administrativa", y como órgano puramente administrativo, por supuesto, de asistencia al Gobierno, va a admitir en seguida, primero las reclamaciones contra la Administración basadas en derechos patrimoniales... pero enseguida, y sobre todo, admitirá también las quejas de los ciudadanos que se sienten agraviados por cualquier ilegalidad en la actuación administrativa. En la esfera provincial el mismo papel asume otro órgano administrativo, éste creado el mismo año viii para asistir al Prefecto, el Consejo de Prefectura. En 1806 se crea ya en el Consejo de Estado una Sección de lo contencioso-administrativo, que comienza a operar con procedimientos formalizados; el propio Napoleón está en su origen y la llama «tribunal especial». Sobre o nacemento do contencioso-administrativo en Francia, Dareste, R., *La justice administratif en France*, París, 1898. Alibert, R., *Le contrôle juridictionnel de l'Administration*, París, 1926; e Appletón, J., *Traité èlémentaire du contentieux administratif*, París, 1927.

⁴⁶ García de Enterría e Fernández Rodríguez, en *op. cit.*, páx 535. Tamén en García de Enterría, E., *Revolución francesa y Administración contemporánea*, Madrid, 1986, se efectúa unha exposición de varios temas relacionados coas consecuencias xurídicas que a Revolución Francesa produciu no campo da Administración pública.

⁴⁷ Decreto CCCIX, do 13 de setembro de 1813, sobre o establecemento de xulgados para os negocios contenciosos da Facenda Pública, o art. 1 do cal dispoñía que "todos los negocios contenciosos de la Hacienda pública sobre cobranza de contribuciones, pertenencia de derechos, reversion e incorpo-

2) os decretos das Cortes, do 29 de xuño de 1821 e do 3 de febreiro de 1823, atribúenlles esa función de control ós órganos da propia Administración⁴⁸; e 3) a implantación dun sistema contencioso-administrativo orgánico, similar ó francés, tralas leis sobre consellos provinciais e sobre o Consello Real do ano 1845.

Esta última fase ten, non obstante, un precedente moi influente nos proxectos de Francisco Agustín Silvela⁴⁹. Tralo fra-

ción, amortización, generalidades, correos, patrimonio real, contrabandos, delitos de los empleados en el ejercicio de sus funciones, y las demas causas y pleitos de que han conocido hasta ahora los Intendentes y Subdelegados de Rentas, y el Consejo suprimido de Hacienda, se fenecerán en las provincias conforme al artículo 262 de la Constitución, substanciándose y determinándose en primera instancia por Jueces letrados, y en segunda y tercera, por las Audiencias respectivas", e engade o art. 3 que as causas e os preitos acerca de "contratas generales ó particulares" se ventilarán nas súas respectivas instancias perante os "Jueces de letras y las Audiencias que se hubiesen designado en los contratos". O texto en *Colección de Decretos y Órdenes de las Cortes Generales y Extraordinarias*, correspondentes ó ano 1813, Imprenta Nacional, Madrid, 1820, tomo IV, páxs. 246-250.

⁴⁸ Decreto LXXVIII, do 29 de xuño de 1821, art. 199: "El juicio en las reclamaciones de cualquiera especie que sean, en materia de contribuciones, pertenece á la autoridad administrativa; los Tribunales ordinarios no pueden conocer de ellas ni de las cobranzas, e art. 200: Los agravios, ya sea de pueblo á pueblo ó de los pueblos y partidos, serán resueltos y enmendados por las Diputaciones Provinciales. O texto en *Colección de Decretos y Órdenes Generales expedidas por las Cortes Ordinarias*", ano 1821, Imprenta Nacional, Madrid, 1821, tomo VII, páxs. 298-344. O Decreto XIV do 3 de febreiro de 1823 é a coñecida Lei para o Goberno económico e político das provincias, en *Colección de Decretos y Órdenes Generales expedidas por las Cortes Extraordinarias*, ano 1823, Imprenta Nacional, Madrid, 1823, tomo X, páxs. 171-222.

⁴⁹ Neste proxecto para a creación de consellos e tribunais de Administración de Provincia, do ano 1838 era dunha grande intensidade a influencia do modelo francés, a pesar do que o seu redactor manifestaba: "Anticipo esta observación, porque fuera de este recinto no dejará la ignorancia de tachar mi plan de una copia, una imitación francesa. Señores, es sabido que los principios no son ni franceses, ni españoles, ni rusos. El estudio de una ciencia; el hacer suyos, el hacer propios por una especie de digestion intelectual sus principios teóricos y sus máximas de aplicación, no es copiar, ó todo es copia en el mundo", en *dscd*, n.º 93, apéndice segundo, pág. 1164. O organigrama que deseñaba Silvela previa un consello por cada provincia, composto polo Xefe Político e tres conselleiros, propostos polas deputacións e nomeados polo rei -catro conselleiros nos proxectos de novembro de 1838 e xaneiro de 1839-, os cargos dos cales serían vitalicios. Na cúspide localizarase o Consello de Estado. O proxecto inicial de Silvela constaba de 19 artigos, divididos en dous capítulos: o primeiro sobre a organización dos consellos (arts. 1-16) e o segundo sobre as atribucións (arts. 17-19). A proposición posterior, do mes de novembro de 1838, era máis extensa -53 artigos- debido a que se regulaban máis asuntos. A súa estrutura é a que segue: título primeiro sobre formación dos consellos e tribunais de Administración provincial (arts. 1-11); título segundo sobre as sesións dos consellos (arts. 12-15); título terceiro acerca do procedemento (arts. 16-19); título cuarto sobre as sentencias e decisións (arts. 20-28); título quinto sobre notificación e execución das sentencias (arts. 29-31); título sexto dedicado á apelación e a outros recursos (arts. 32-40); título sétimo sobre a responsabilidade dos membros do Consello (arts. 41-45); título oitavo sobre as atribucións de consellos (arts. 46-48); e finalmente o

caso daqueles, polas circunstancias políticas do momento, a introducción do sistema contencioso-administrativo en España producírase por medio da Lei de consellos provinciais e pola Lei do 6 de xullo de 1845 que regulaba o Consello Real (despois chamado Consello de Estado).

O Consello Provincial actúa como un órgano xudicial de primeira instancia, con xurisdicción propia – polo tanto, non retirada como sucedía cos consellos de Prefectura franceses –, o cal implicaba a función de oír e resolve-las reclamacións dos cidadáns particulares contra os actos da Administración que lesionasen algún dos seus dereitos. En definitiva, a función de xulgar naqueles asuntos que conformasen a materia administrativa. Santamaría de Paredes, inspirador, en boa parte, da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa do 13 de setembro de 1888, destacaba que o recurso contencioso-administrativo, como tal recurso, era unha reclamación contra un acto da Administración, entendendo que para interpoñelo deberían concorrer tres notas fundamentais: a) que por medio do recurso se intente atacar unha resolución definitiva da Administración que ademais verse sobre materia administrativa; b) que tal resolución se dictase no exercicio dunha potestade regulada, isto é, non discrecional; c) que con esa resolución emanada da Administración se lesione un dereito administrativo do administrado, un dereito particular e preexistente⁵⁰.

título noveno que recollía disposicións xerais, especiais e transitorias (arts. 49-53). Con idéntico contido a este último, *vid.* o Dictame e o Proxecto de lei da comisión de febreiro de 1839. Poden consultarse respectivamente no *DSCD*, n.º 93, apéndice segundo, Sesión do 9 de marzo de 1838, páxs. 1.185-1.187; no *DSCD*, n.º 7, apéndice terceiro, Sesión do 16 de novembro de 1838, páxs. 95-100; e no *DSCD*, n.º 72, apéndice, Sesión do 2 de febreiro de 1839, páxs. 1.507-1.511. Para unha exposición e xuízo crítico sobre o citado proxecto pode verse Posada de Herrera, J. de, *Lecciones de Administración, trasladadas por sus discípulos Juan Antonio de Bascón, Francisco de Paula Madrazo y Juan Pérez Calbo*, Edición del Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 1978, tomo I, páxs. 186-202 e Nieto García, A., *Los primeros pasos del Estado constitucional. Historia administrativa de la Regencia de María Cristina de Borbón*, Barcelona, páxs. 441-449.

⁵⁰ Santamaría de Paredes, V., *Curso de Derecho Administrativo según sus principios generales y la legislación actual de España*, Madrid, 1888, pág. 839. En idéntico sentido pronunciárase anos antes M. Colmeiro, en *op. cit.*, tomo II, pág. 223, cando afirmaba que “son asuntos contenciosos aquellos en los cuales hay oposición legítima entre el interés público y el privado, entre el individuo y la sociedad, si la reclamación particular se funda en un derecho”. Quizais o máis destacable é a ausencia dun control xurídico dos actos administrativos dictados no exercicio dunha potestade discrecional, xa que, como sinalara o Consello Real, nunha Resolución do 24 de maio de 1848, citada por Colmeiro, *op. cit.*, tomo II, páxs. 223-224, “considerando que las varias disposiciones citadas no pueden en ningun caso servir de fundamento para reclamar por la vía contenciosa, pues ni crean derechos, ni modifican los preexistentes, ni

A cuestión máis importante estriba en dilucidar qué é a materia administrativa. A resposta dánola o art. 8 da Lei de 1845, do que se segue a existencia dun sistema impugnatorio de lista e non de cláusula xeral⁵¹; esas materias son as que seguen⁵²:

1. Uso e gozo de bens e aproveitamentos provinciais e comunais.

2. Repartimento e exacción individual de cargas municipais e provinciais, o cobro das cales non se uniría ó de contribucións estatais.

3. Cuestións referidas ó cumprimento, interpretación, rescisión e efectos dos contratos e remates concertados pola Administración central, provincial ou municipal, para toda clase de obras e servizos públicos.

4. Indemnizacións polos danos causados pola execución das obras públicas.

5. Indemnizacións polos danos causados por fábricas, establecementos, talleres, máquinas ou oficios, así como o seu traslado a outros lugares.

6. Os deslindamentos dos contornos correspondentes ás vilas ou concellos, en canto procedan de disposicións administrativas.

7. Os deslindes e amolloamentos de montes que fosen de titularidade estatal, das vilas ou dos establecementos públicos, sen que nestes casos se entrase a discutir sobre a propiedade destes.

tienen otro objeto que el arreglo de un servicio público confiado exclusivamente a la administración activa, la cual fija reglas y concede garantías á los agentes subalternos, pero conservando siempre el carácter discrecional y la absoluta libertad para aplicarlas, libertad de que no pueden prescindir los actos de esta naturaleza". A prestación de servizos esenciais e a axilidade no desenvolvemento deses é o que xustifica a discrecionalidade e a absoluta falta de control dos actos que se dictan no exercicio das potestades que así sexan cualificadas. Non obstante, o propio Colmeiro sinala a posibilidade de efectuar un control da discrecionalidade da Administración por medio de dúas institucións tomadas así mesmo do dereito francés (a incompetencia e o exceso de poder), dado que "entonces la administración vulnera derechos dignos de respeto, ya conociendo de causas extrañas á su autoridad, ya violando las formas protectoras de un interés legítimo", en *op. cit.*, tomo II, páx. 224.

⁵¹ A chamada Lei Santamaría de Paredes (1888) seguirá decantándose polo sistema de lista á hora de definir qué é a materia administrativa. Sen embargo, a Lei da xurisdicción contencioso-administrativa (1956), que derogou a anterior, sanciona no seu artigo 1, un sistema de cláusula xeral para os efectos de determinar cales son os actos administrativos que quedan suxeitos ó control dos tribunais.

⁵² O número de materias das que coñecerán os consellos provinciais é bastante reducido se se toma en consideración o preceptuado nas proposicións de Silvela. Na primeira delas, recóllanse vinteseite materias (art. 18 do proxecto) e vinteseis na segunda (art. 48), así como no proxecto da comisión, en *dscd*, n.º 93, apéndice segundo, páx. 1186; n.º 7, apéndice terceiro, páxs. 98-99, e *DSCD*, n.º 72, apéndice, páxs. 1510-1511, respectivamente.

8. Por último, os litixios relativos ó curso, navegación e á flotación dos ríos e canles, ás obras efectuadas nos seus leitos e marxes, así como os referidos á distribución das augas para regos e outros usos.

O art. 9 da lei contiña unha cláusula de competencia residual por canto que estes consellos coñecerían tamén as reclamacións contra a Administración que non estivesen atribuídas a outros órganos xudiciais especiais⁵³, ó mesmo tempo que se advertía que as competencias citadas poderían verse ampliadas no futuro: “y en todo aquello que en lo sucesivo se estienda la jurisdiccion de estas corporaciones”⁵⁴.

A decisión do Consello Provincial era neste sentido executiva e decidía o preito concreto que se suscitara (art. 10 da lei), e prohibía, tamén, que o Consello lles pasase peticións ó Goberno ou ó Parlamento, ou que publicase os acordos sen permiso do Xefe Político ou do Goberno (art. 11).

En canto ó funcionamento como tribunal, a lei no seu art. 15 remitía a un regulamento especial posterior⁵⁵, pero sinala unha importante novidade en relación co funcionamento do Consello como órgano consultivo e é que o art. 13 da lei establece que cando actúe como tribunal as súas sesións serán públicas: “será pública la vista del proceso y se oirán las defensas

⁵³ Atribúeselles ós consellos provinciais unha cláusula de competencia xeral para coñecer tódolos litixios en que se vexa afectada a Administración civil. P. ex., todo o contencioso dos ramos de correos, camiños, canles e portos; o contencioso-administrativo de teatros, minas, subhastas ou arrendamentos de bens nacionais, etc., en Colmeiro, *op. cit.*, tomo II, páxs. 245-246.

⁵⁴ Así, os consellos coñecían certas reclamacións en grao de apelación (e non en primeira instancia, como era o habitual), como é o caso dos recursos contra as providencias dos xefes políticos previstas no art. 8 da Lei do 28 de abril de 1849, en relación cos camiños veciñais, ou contra as providencias dos concellos referidas ós mozos sorteables, ás exencións dos alistados e ás declaracións de prófugo.

⁵⁵ Promulgouse o 1 de outubro de 1845. Este regulamento sobre o procedemento que han de seguir os consellos provinciais cando actúen como tribunais contencioso-administrativos estruturábase da seguinte forma: título 1º (arts. 1-20) sobre organización e réxime interno; título 2º sobre procedemento (arts. 21-77), dividido, pola súa vez, en cinco capítulos que, respectivamente, abordaban as fases nas que se dividía o proceso: discusión escrita, vista do proceso, a sentenza, a actuación en rebeldía e os recursos contra as sentencias definitivas. De importancia capital, na miña opinión, eran os artigos 24 e 25 na virtude dos cales o xefe político, como presidente do tribunal, era o encargado de verificar se o contido da demanda era competencia do órgano xudicial ou se se trataba dunha materia gobernativa que debía resolver a propia autoridade política. No primeiro caso, dáballe conta destas ó Consello e no segundo, o propio Xefe Político resolvía o asunto do que se tratase, se ben o demandante podía recorrer ó ministro da Gobernación para, logo de ó-lo Consello Real, decidise o conveniente.

de las partes". Estas disposicións completaríanse con outras posteriores⁵⁶.

O título IV da lei refírese á sentenza, á súa execución e á posible apelación. Toda decisión xudicial do Consello Provincial ha de estar motivada (art. 16) e o propio Consello pode aclarala ou interpretala, por pedimento do interesado, cando existan dúbidas sobre a súa comprensión (art. 18), sen que por iso se poida alterar ou modifica-la *ratio decidendi* desta.

A execución das sentencias dictadas por estes órganos pode revestir dúas modalidades, en virtude do art. 17: con carácter xeral, corresponderalles a execución ós axentes da Administración autora do acto recorrido. Pero se houberse que proceder ó remate ou á venda de bens, daquela remitíraselle-la causa ós tribunais ordinarios, que serán os competentes para resolver tódolos incidentes e as reclamacións que resultasen da dita execución.

Os recursos contra as sentencias do Consello Provincial interpoaos e resolveraos o Consello Supremo da Administración do Estado –referencia que debe entenderse efectuada ó Consello Real– anque cunha limitación derivada da contía do litixio. Así, conforme ó art. 19 da lei, non cabe apela-las sentencias daqueles preitos, nos que a contía fose inferior a dous mil reais de velón, litixios estes contra os que si cabe, en cambio, o recurso de nulidade.

Tamén cabía a actuación no ámbito do contencioso-administrativo do propio xefe político, o cal dá pé a que Colmeiro o cualifique como *juez administrativo de excepción*⁵⁷. Seguindo o mesmo ilustre xurista compostelán esas materias nas que in-

⁵⁶ Ademais do regulamento arriba sinalado, promulgáronse outras normas que afectaban directamente á actuación do Consello Provincial como Tribunal Contencioso-Administrativo, como a Real orde do 1 de xaneiro de 1847 que declaraba que nos asuntos sobre os que coñecen os consellos non é necesario o xuízo de conciliación e que estes como tribunais deben descansar en días festivos, salvo os casos de urxencia que estimará o propio órgano ou o Xefe Político; a Real orde do 24 de outubro de 1847 que lle mandaba remisión por parte dos xefes políticos ó Ministerio da Gobernación dunha relación sobre o estado dos litixios que a Administración seguía perante os respectivos tribunais contencioso-administrativos de primeira instancia, así como das sentencias que nas ditas causas se pronunciasen; a Real orde do 17 de marzo de 1848 que establecía que os conselleiros supernumerarios podían presencia-la resolución dos negocios contencioso-administrativos sometidos á deliberación dos consellos; a Real orde do 5 de febreiro de 1848 que consagraba unha serie de disposicións para remove-los obstáculos que puidesen retardar-la marcha dos negocios contenciosos; e a Real orde do 8 de abril de 1848 que dispoñía que non se admitisen como conselleiros substitutos os licenciados do Exército contra os que aparece nota de deserción.

⁵⁷ Colmeiro, *op. cit.*, tomo II, páxs. 248-252, nas que se mencionan outros xuíces administrativos extraordinarios como os alcaldes das vilas, os xefes políticos e os ministros, se ben esta actuación se limita a materias moi concretas.

tervén como órgano xurisdiccional de primeira instancia son tres⁵⁸:

1. Ó resolve-las instancias sobre inclusión ou exclusión de electores nas listas electorais para nomeamento de deputados a Cortes ou de deputados provinciais.

2. Ó declarar de oficio ou por solicitude de parte a caducidade de concesións de augas públicas feitas polo Goberno a favor dunha persoa ou compañía, cando non se puxese en práctica ou cando se interrompese o seu uso durante o termo legal.

3. Ó designa-la parte coa que cada vila haberá de contribuír para a construción dun camiño veciñal, ou ben para efectuar unha redistribución destas cando se cambie a dirección. Só neste caso cabe apelación perante o Consello Provincial.

A remisión que o art. 15 da lei efectuaba de cara ó desenvolvemento regulamentario desta levouse a cabo por medio dun Regulamento do 1 de outubro de 1845, aprobado polo ministro da Gobernación, Pedro José Pidal, sobre o procedemento que debían seguir os consellos provinciais cando actuasen como tribunais contencioso-administrativos (en diante, referirémonos a el só como regulamento), no cal é clara e notoria a influencia do Regulamento Provisional para a Administración de Xustiza do 26 de setembro de 1835. Trátase dun auténtico regulamento mixto, en canto ó seu contido, porque regula tanto aspectos procedementais como de corte orgánico e de réxime interno⁵⁹.

Importante e, por iso, o traemos a colación, era o sistema de recursos deseñado para ataca-las sentencias. O Regulamento de outubro de 1845 prevía tres tipos de recurso: o de interpretación da sentenza, o de apelación e o de nulidade. Se a Administración se vía prexudicada pola sentenza, a lexitimación para interpoñe-lo recurso concreto correspondíalle soamente ó xefe político (art. 76 do regulamento). Vexamos sucintamente cada un deles.

1. O recurso de interpretación das sentencias⁶⁰, como o seu propio nome indica, ten como finalidade a aclaración dos termos daquela sen que en ningún caso se vaia afectar ou modificar a *ratio decidendi* da sentenza, senón soamente a inteli-

⁵⁸ Colmeiro, *op. cit.*, tomo II, páxs. 248-249.

⁵⁹ A extensión e a minuciosidade do regulamento fan que consideremos oportuno referirnos exclusivamente ó aspecto máis importante, ó noso xuízo, que é o relativo ós recursos contra as sentencias. Para unha mellor comprensión dese texto regulamentario, véxase Colmeiro, en *op. cit.*, tomo II, páxs. 255-267, onde se realiza unha exposición do procedemento que se había de seguir perante os consellos provinciais.

⁶⁰ Arts. 63-67 do regulamento.

xencia ou a comprensión dos termos nos que a sentenza aparece formulada. Como sinala o art. 63 do regulamento "tendrá lugar el recurso de interpretación contra la sentencia, cuando la parte dispositiva de esta fuere contradictoria, ambigua ú oscura en sus cláusulas". O prazo para a súa interposición é de cinco días que se contan dende a notificación da sentenza e non leva aparelada a suspensión na execución da sentenza, salvo que o consello, en atención ás circunstancias do caso, decida a dita suspensión en todo ou en parte. Interposto o recurso, o Consello Provincial, oídas as partes, decidirá se procede ou non a interpretación solicitada nun termo de tres días como máximo. Non cabe, por último, este recurso contra as sentencias xa interpretadas ou contra as providencias de interpretación.

2. O recurso de apelación non ten unha causa específica que motive a súa interposición⁶¹. Polo tanto, como sucede no proceso civil⁶², cabe este recurso naqueles casos en que a parte recorrente recibiu un prexuízo ou gravame como consecuencia da sentenza dictada, coa excepción que sinalaba o art. 19 da Lei de consellos provinciais e que reitera o art. 68 do Regulamento de outubro de 1845: só cabe este recurso contra aquelas sentencias dictadas en primeira instancia polos consellos provinciais "cuando el interes del litigio ó valor de la demanda, pudiendo sujetarse á una apreciación material, llegue á 2000 rs."; tampouco cabe a apelación respecto das providencias interlocutorias xa que "las nulidades y agravios que con ellas se causaren, se ventilarán y decidirán en el Consejo Real con los recursos de nulidad y apelación que se interpongan de las sentencias definitivas". O prazo para interpoñelo é de dez días contados dende a notificación da sentenza e, a diferenza do anterior, é un recurso devolutivo, posto que o seu coñecemento e resolución lle corresponde ó Consello Real (coa excepción que destaca o art. 109 da Lei de concellos⁶³). Non é un recurso suspensivo, a non ser que a sentenza dispuxese o contrario. Cabe a posibilidade

⁶¹ Arts. 68-72 do regulamento.

⁶² O art. 42. 3 do regulamento provisional sinalaba, para a apelación de sentencias dictadas polos xuíces de primeira instancia, que "dentro el preciso termino de ocho días de haberse pasado los autos, el Ayuntamiento pleno, asistido de algún asesosr letrado, se instruirá bien de los que de ello resulte, y oyendo de palabra cuanto las partes tuvieren que exponer, ó intentaren probar con nuevos testigos que presenten en el acto, pero sin admitirles ningun escrito, ni dar lugar á mas trámites, pronunciará ex aequo et bono la sentencia que le parezca mas justa".

⁶³ O art. 108 da Lei de concellos do 8 de xaneiro de 1845 dispoñía que "las cuentas del Depositario ó Mayordomo se presentarán igualmente al Ayuntamiento para su exámen y censura. En seguida se pasarán al Gefe político para

de que a parte non recorrente se adhira á apelación con posterioridade. Finalmente, en canto ós seus efectos, a apelación orixinaba a conformación dunha segunda instancia na que se reproducía o xuízo primeiro, salvo certas limitacións⁶⁴.

3. En último lugar, o **recurso de nulidade** da sentenza só era procedente nos sete casos taxados que enumera o art. 73 do regulamento⁶⁵. Estatúese a aplicación das regras do recurso de apelación, a teor do art. 74, se ben nos negocios de maior contía⁶⁶ os recursos de nulidade e de apelación han de ser formulados conxuntamente. A declaración de nulidade daba orixe á eliminación daquelas actuacións que estivesen contaminadas por algúns dos vicios que se enumeraban no art. 73 do regulamento, é dicir, á eliminación da sentenza viciada.

Concluía o citado regulamento sobre o procedemento contencioso-administrativo, no seu art. 77, no que se dispoñía a supletoriedade da lexislación e da xurisprudencia ordinarias “en canto a súa aplicación sexa compatible co rápido curso das cuestións contencioso-administrativas e coa letra e o espírito da dita lei e regulamento”, o que implicaba a remisión á lexislación procesual común do momento nos casos en que existisen lagoas ou supostos non previstos pola lexislación dos consellos provinciais.

su ultimación en el Consejo provincial, si no llegase el presupuesto del pueblo á 200.000 rs. Vn.; y si llegase, para que con el dictamen del mismo Consejo, se remitan al Gobierno”. Pola súa parte, o art. 109 prescribía que se do exame das contas resultase algún alcance, sería de inmediato satisfeito, e se o interesado quixese ser oído en xustiza, debería depositar previamente o importe do dito alcance. Destes recursos coñecería o Consello Provincial e contra as súas sentencias podía apelarse ó Tribunal Maior de Contas.

⁶⁴ Art. 42.3 do regulamento provisional. Hai un segundo exame do litixio, pero sen que o xuíz poida admitir novos escritos das partes.

⁶⁵ Estes supostos son: a) cando o asunto non fose da competencia da xurisdicción administrativa; b) cando as sentencias non as dictasen o número necesario de conselleiros; c) cando a sentenza fose contraria á lexislación vixente; d) cando algunha das partes carecese de poder bastante ou de capacidade para litigar; e) cando se producise un emprazamento defectuoso dalgunha das partes; f) cando non se citase algunha das partes para a práctica da proba ou para a lectura da sentenza; g) cando se denegase a proba necesaria para dictar sentenza xusta. Nos casos d, e, f e g, cómpre que se reclamase en primeira instancia, no tempo e na forma legalmente prescritos, contra a nulidade.

⁶⁶ A teor do art. 41 do Regulamento provisional de 1835, os xuízos de maior contía eran aqueles, o importe dos cales excedía de 40.000 maravedís, se se celebraba na Península ou nas illas adxacentes, ou de 160.000 mrs. no suposto de que se celebrase en Ultramar, todo iso de conformidade co que dispoñía a Novísima Recopilación, libro 11, título 20, lei 11, onde se recolle unha Real Cédula de Carlos III baixo a rúbrica “los Ayuntamientos de los pueblos conozcan de las apelaciones de las sentencias de sus Justicias hasta en cantidad de quarenta mil maravedís”.

O sistema contencioso-administrativo completábase coa creación do Consello Real⁶⁷ (chamado dende 1858 Consello de Estado) que nace en virtude dun Decreto do 6 de xullo de 1845, ó que se lle engade un regulamento sobre o modo de proceder nos negocios contencioso-administrativos do 30 de decembro de 1846, dotado dunha sala encargada de resolve-los asuntos contencioso-administrativos, se ben actuaba con xurisdicción retida⁶⁸.

Trala reacción progresista de 1854, suprimíronse tanto o Consello Real como os consellos provinciais polo Real decreto do 7 de agosto de 1854, o cal repuxo o sistema provincial implantado pola Lei do 3 de febreiro de 1823, o que implicou que as deputacións provinciais asumisen as competencias daqueles en sede xurisdiccional. A restauración do sistema moderado prodúcese novamente por medio dun Real decreto en outubro de 1856 que sancionaba a recuperación e a posta en vigor da lexislación da década anterior⁶⁹, ó que se lle engaden novos cam-

⁶⁷ De acordo co Real decreto do 6 de xullo de 1845, o Consello Real configuraríase como o supremo órgano consultivo do Reino. Conforme ó seu art. 2, estaría composto polos ministros secretarios de Estado e de Despacho, por trinta conselleiros ordinarios e por un número de conselleiros extraordinarios que o rei autorizase, ademais dun secretario xeral e dos auxiliares necesarios. O presidente do Consello de Ministros actuaría como presidente do Consello (art. 3). Os conselleiros ordinarios serían nomeados polo rei, por proposta do Consello de Ministros, entre aquelas persoas maiores de trinta anos e con recoñecido prestixio en coñecementos e servicios nas diversas carreiras do Estado (arts. 4 e 5). Os conselleiros extraordinarios eran nomeados de idéntica maneira, pero entre as persoas que desempeñasen os cargos que establecía o art. 7. As súas funcións aparecen no art. 11, do que se deduce que o Consello Real sería sempre consultado: a) sobre as instrucións xerais para o réxime de calquera ramo da Administración pública; b) sobre o pase e a retención de bulas, breves e rescritos pontificios e das preces para obtelos; c) sobre os asuntos do Real Padroado e recurso de protección do Concilio de Trento; d) sobre a validez das presas marítimas; e) sobre os asuntos contenciosos da Administración; f) sobre as competencias de xurisdicción e atribucións entre as autoridades xudiciais e administrativas, e sobre as que se suscitan entre as autoridades e axentes da Administración; g) sobre os demais asuntos que as leis especiais, reais decretos ou regulamentos sometan ó seu exame.

⁶⁸ É dicir, non decide directamente, senón que lle propón ó Goberno unha posible sentenza para que aquel sexa o encargado de darlle forma legal mediante un real decreto. Como expresivamente destaca Colmeiro, o rei en Consello Real decide en grao de apelación e sen ulterior recurso as cuestións contenciosas deste tipo, xa procedan en primeira instancia dos consellos provinciais, xa dos chamados xuíces de excepción; en definitiva, o Consello Real é o que ten *de facto*, de feito, a facultade de resolve-los litixios que se lle presentan, mentres que o rei e o goberno teñen esa facultade *de iure*, de dereito, en *op. cit.*, tomo II, páx. 232-233.

⁶⁹ ADPL, libro 91, *Actas del Consejo Provincial de Lugo*, anos 1856-1858, f. 1 e 2, nos que se recolle a acta de instalación do Consello Provincial de Lugo, con data do 22 de outubro de 1856, cando era presidente do José Manuel Puga, secretario do Goberno Civil e gobernador interino, e cos vocais Manuel Neira Montenegro, Juan López, ámbolos dous letrados, e Juan Yáñez.

bios operados en virtude da Lei de 25 de setembro de 1863, completada por un real decreto de idéntica data, con novas disposicións sobre o goberno das provincias, e outro Real decreto do 21 de outubro de 1866, que establecía certas reformas naquela lexislación. No período comprendido entre os anos 1866 e 1875, prodúcese unha nova derogación da lexislación moderada. Posteriormente, en tempos de Alfonso XII, recupérase aquel sistema por un Decreto-lei do 20 de xaneiro de 1875, aunque os consellos provinciais pasaron a denominarse comisións e a actuar con xurisdicción retida⁷⁰. A Lei de Santamaría de Paredes, do 13 de setembro de 1888, cambia todo este deseño, dende o punto de vista orgánico, ó establecer un sistema harmónico (nin estritamente xudicial, nin estritamente administrativo) que consistiu na constitución de órganos xurisdiccionais con xurisdicción delegada, na composición da cal entran á par persoal xudicial e persoal administrativo⁷¹.

3. A actuación do Consello Provincial de Lugo nos seus primeiros anos de existencia

Para a elaboración deste apartado do traballo no que nos imos dedicar esencialmente ó exame do labor práctico do Consello Provincial de Lugo, tomei como base da investigación as actas da institución que se encontran no Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, así como a consulta dos boletíns oficiais da provincia correspondentes ós anos iniciais da institución. Circunscribei o meu labor ó período de tempo que comprende os catro primeiros anos do Consello, dende a súa instalación no verán do ano 1845 ata o ano 1849. O material empregado confórmano as actas do ano 1845, que recolle dende a constitución do Consello o 19 de xullo ata a Sesión do 20 de decembro, se ben faltan as sesións comprendidas entre o 29 de outubro e o 26 de novembro; as do ano 1846, que dan fe das sesións celebradas entre o 3 de xaneiro e o 10 de decembro dese ano; as de 1847, abarcando as sesións celebradas entre o 1 de xaneiro e o 27 de decembro e as de 1848 e 1849⁷².

⁷⁰ Cfr. Baraja Carceller, E., e Cifuentes Calzado, A., *La provincia, pasado, presente y futuro*, Cádiz, 1985, páxs. 102-105.

⁷¹ García de Enterría e Fernández Rodríguez, *Curso*, tomo II, pág. 551.

⁷² As actas manexadas agrupan un total de 36 folios para o ano 1845, 91 para o 1846, 38 para o 1847 e unicamente 3 folios para as dos anos 1848 e 1849. Quero agradecer dende aquí as facilidades prestadas polos funcionarios do Arquivo da Deputación de Lugo, tanto para a consulta directa dos fondos como para a reprodución das actas citadas.

A) *A súa composición*

A instalación do Consello Provincial de Lugo ten lugar o 19 de xullo de 1845 no despacho do xefe político⁷³. As primeiras decisións que se van adoptar son de corte organizativo posto que se procederá ó xuramento e toma de posesión dos distintos vocais e ademais o xefe político procedeu a nomealo secretario do Consello, recaendo o dito nomeamento en José Saturnino Saavedra y Pando, ata entón oficial 4º do Goberno político e avogado dos tribunais nacionais⁷⁴.

Foi o seu primeiro presidente Juan Ferreiro Caamaño, á sazón xefe político da provincia⁷⁵, e os seus primeiros vocais efectivos, Juan Pardo y Prado, Ignacio Timoteo Yáñez e José Castro Bolaño. Como vocal supernumerario tomou posesión Juan Manuel Pardo, que será nomeado vocal efectivo por Real orde do 30 de setembro de 1846, se ben na acta de instalación faise constar tamén a renuncia a outro posto de supernumerario de Hermenegildo Guitián, renuncia que se lle comunicou oportunamente ó ministro da Gobernación por oficio do 11 de xullo⁷⁶.

A composición do Consello Provincial de Lugo, no período que estamos examinando, sufriu unha serie de modificacións puntuais das que se fan eco as actas das sesións. Destacámolas seguintes:

⁷³ A constitución estivera precedida dunha convocatoria do propio Xefe Político do 11 de xullo, segundo se deduce do manifestado na acta de instalación, en *ADPL*; Legajo 1: actas, ano 1845, f. 1. Cotexando os escasos datos de que dispoñemos, podemos afirmar que o Consello de Lugo se constitúe con anterioridade a outros consellos e respectando, en todo caso, o ordenado polo ministro da Gobernación. P. ex., o Consello Provincial de Biscaia instáurase o 7 de agosto, en Pérez Núñez, *El poder provincial en Vizcaya, 1808-1868: La Diputación Foral*, páx. 440, e o Consello Provincial de Canarias o 9 de agosto, en Galván Rodríguez, *El origen de al autonomía canaria.*, pág. 82, nota n.º 15.

⁷⁴ Durante o período examinado, o Consello Provincial manterá a este secretario no exercicio das súas funcións, a diferenza do que sucede no Goberno político no que observamos máis variacións: o primeiro secretario do novo Goberno político é Miguel Rodríguez Guerra (nomeado por Real orde do 3 de decembro de 1844; *BOPL*, n.º 2, do 5 de xaneiro de 1845), ó que lle sucede Genaro Alas, ata entón oficial 1º no Goberno de Oviedo, en xaneiro de 1847 (nomeamento por Real orde do 17 de xuño de 1847; *BOPL*, n.º 81, do 7 de xullo de 1847) ó que pola súa vez substitúe José María Radío (Real Orde do 17 de xuño de 1847; *BOPL*, n.º 81, do 7 de xullo de 1847); finalmente noméase como secretario a Francisco Javier Camuño, que desempeñaba o cargo de xefe civil en Xixón (Real orde do 3 de xullo de 1849; *BOPL*, n.º 99, do 17 de agosto de 1849).

⁷⁵ Nárvaez, ó pouco tempo de acceder ó poder, coloca á fronte da provincia de Lugo a Ferreira Caamaño, deputado a Cortes as veces que se presentou –nove sempre co Partido Moderado– e que sabía utilizar con eficiencia electoral a maquinaria electoral en beneficio do seu partido e da súa persoa, en Barreiro Fernández, X. R., *Galicia. Historia*, tomo VII: Historia Contemporánea. Política, A Coruña, 1985, páx. 306.

⁷⁶ *ADPL*, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 1.

■ Sesión do 9 de setembro de 1845, na que se deu conta da Real orde do 11 de agosto de 1845 pola que se nomeaba vicepresidente do Consello Provincial ó vocal Ignacio Timoteo Yáñez⁷⁷.

■ Sesión do 3 de decembro de 1845, na que o xefe político pon en coñecemento do Consello outra Real orde do 24 de novembro pola que se designou vocal supernumerario a Francisco Miranda y España⁷⁸.

■ Por outra parte, o presidente do Consello comúncalle a este a Real orde do 23 de maio de 1846 pola que a raíña aceptou a renuncia de Ignacio Timoteo Yáñez ós cargos de conselleiro e vicepresidente do Consello⁷⁹. Neses instantes queda o Consello Provincial sen vicepresidente⁸⁰.

O presidente do Consello Provincial de Lugo, Ferreiro Caamaño, ó que se lle atribuíran importantes cargos na Administración central como destacado membro que era do Partido Moderado na provincia, deixa de asistir ás sesións celebradas entre finais do ano 1845 e o mes de maio de 1846. A acumulación de cargos por parte deste é o que xustificará as decisións posteriores que o Goberno central adopta a comezos de 1847. Así, polas reais ordes do 26 de outubro e o 12 de novembro de 1846 respectivamente, comúncaselle ó órgano provincial que Ferreiro Caamaño foi nomeado consultor da Dirección de Correos e Camiños e tamén ministro do Tribunal Supremo de Guerra e Mariña, e na Sesión do 26 de xaneiro dese mesmo ano, o Consello Provincial é informado dunha consulta do Goberno Político da provincia pola que se lle encomenda o mando político da mesma ó vicepresidente do Consello Provincial agora José Castro Bolaño⁸¹ "en atención á que en las tardes de dho. día se ausentaba para las Cortes á tomar asiento en el Congreso el Sr. Dn. Juan Ferreira Caamaño".

⁷⁷ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 5 v.

⁷⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 29.

⁷⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 45 v.

⁸⁰ BOPL, n.º 105, do 15 de setembro de 1846, que transcribe un oficio do Goberno Político de Lugo do 9 de setembro de 1846 no que se comunica que "debiendo salir para las Cortes en la tarde del día de hoy, como diputado a cortes por la provincia de la Coruña, y en virtud de la real convocatoria de 28 de agosto ultimo, queda encargado de este gobierno político, durante mi ausencia, el secretario del mismo don Miguel Rodríguez Guerra, según lo dispuesto por S.M. mediante á no estar nombrado vice-presidente del Consejo provincial".

⁸¹ BOPL, n.º 142, do 11 de decembro de 1846; R.O. do 21 de novembro de 1846 pola que se nomea vicepresidente do Consello Provincial de Lugo a José María Castro Bolaño.

Nese estado de cousas, o Consello Provincial recibe a Real orde do 6 de febreiro de 1847 pola que a raíña nomea xefe político *en comisión* o ata entón secretario do Goberno Político, o señor Miguel Rodríguez Guerra, e por Real decreto do 7 de abril de 1847 o anteriormente citado pasa a desempeña-lo cargo de xefe político *en propiedade*.

A última modificación vaise producir como consecuencia dunha Real orde do 8 de setembro de 1847, segundo se deduce da Sesión do día 20 do mesmo mes e ano na que que “se dio cuenta y el Consejo quedó enterado de la Rl. orden de ocho del corriente por la que S. M. ha tenido por conveniente resolver que Dn. Juan Perales Gefe Politico de Leon pase a desempeñar igual cargo á esta provincia cesando en el mismo Dn. Miguel Rodríguez Guerra”. O xefe político cesado, non obstante, emite unha última comunicación na que se lle transmite ó Consello Provincial que en cumprimento da real orde antedita e por atoparse ausente ó gozar de licencia o daquela vicepresidente, quedaba encargado do Goberno Político, o conselleiro máis antigo, Juan Pardo y Prado⁸².

Un novo cambio na presidencia do Consello Provincial acontece a finais do ano 1847. Na Sesión do 25 de outubro “se dio cuenta y el Consejo quedó enterado de una comunicación del Sr. Gefe Politico de esta Provincia fha de hoy en que traslada la Real orden de veinte del actual por la que S. M. se ha dignado nombrar Gefe Politico de esta Provincia a Dn. Miguel Rodriguez Guerra cesante del mismo destino en reemplazo de Dn. Juan Perales que pasa a desempeñar igual cargo a la de Orense; manifestando al mismo tiempo que en este dia hace entrega del Gobierno politico al mencionado Sr. Dn. Miguel Rodriguez Guerra⁸³”.

Ó longo dos seus primeiros anos, o Consello tivo que facerlles fronte ás situacións persoais dos seus membros, para o cal o desenvolvemento regulamentario da Lei do 2 de abril establecera uns mecanismos reguladores das licencias e dos permisos dos conselleiros, ós que xa aludimos con anterioridade. Exemplo destas previsións das reais ordes subsecuentes á Lei de consellos provinciais é a Acta da Sesión do 1 de agosto de 1846

⁸² Ámbalas dúas noticias figuran na acta da Sesión do 20 de setembro de 1847 en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 21 v. e 22. Na seguinte Sesión (do 23 de setembro), o xefe político interino comunicoulle ó Consello a chegada do novo titular do Goberno Político nesa mesma data polo que “queda encargado desde este día del desempeño del mismo destino”, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 22 e 22 v.

⁸³ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 25.

na que se dá noticia doutra Real orde do 26 de xullo dese mesmo ano pola que se lle concedía ó vocal Castro Bolaño a licencia de dous meses que solicitara por motivos de saúde⁸⁴, todo de conformidade coa lexislación antes apuntada⁸⁵.

Debemos destacar, seguindo a X. R. Barreiro Fernández, que a maior parte dos vocais do Consello Provincial de Lugo eran destacados membros do Partido Moderado, como non podía ser doutra maneira, que exercían nos diferentes distritos nos que se instalaran as súas familias un intenso control político⁸⁶. É interesante destacar, en último lugar, que o Goberno do xeneral Nárvaez procedeu, ó pouco tempo de subir ó poder, a nomear para os altos cargos da Administración a persoas afíns ó moderantismo, é Lugo un deses lugares nos que con maior celeridade se renovaron as estruturas de poder pola tradición progresista que a cidade acumulaba⁸⁷.

B) *O seu labor como corpo consultivo: procedemento e materias*

O groso do traballo do Consello Provincial de Lugo nos seus primeiros anos de existencia vaise centrar fundamentalmente no campo gubernativo-consultivo. Non existía na lexislación sobre consellos provinciais ningunha regra acerca do procedemento que debería seguirse á hora de elaborar dictames ou decisións de forma conxunta co Xefe Político, salvo as prescricións que contiña o art. 9 da Real orde do 2 de xullo de 1845. O mecanismo de traballo que se pode extraer nesta materia do labor do Consello Provincial de Lugo no período 1845-1849, á luz do que se deduce das actas consultadas, sintetízase nas seguintes fases:

1. En primeiro lugar, o asunto chegaría á Secretaría do Goberno Político da provincia xa que era o Xefe Político a peza clave no funcionamento de toda a Administración provincial.

⁸⁴ ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 63 v.

⁸⁵ En concreto, a Real orde do 1 de novembro de 1845.

⁸⁶ Na relación que o citado profesor efectúa, na xa mencionada *Galicia. Historia*, páxs. 333-335, alúdese ós seguintes personaxes que tiveron un grande influxo na vida política da provincia: Juan Ferreira Caamaño, que tiña o seu feudo no distrito de Cee (provincia da Coruña), era natural de Treos. Avogado, fiscal do Tribunal das Ordes Militares, xefe político da provincia de Lugo dende 1844; obtivo acta de deputado en oito ocasións no período comprendido entre 1846 e 1864; a familia Yáñez Ribadeneira, cos tres irmáns Ignacio Timoteo, Manuel e Matías, repártense, respectivamente, os distritos de Monforte de Lemos, Allariz e Verín; José María Pardo Montenegro no distrito de Vilalba, conseguiu así mesmo acta de deputado tódalas veces que se presentou -10 veces en total- ben polo distrito vilalbés, ben polo de Mondoñedo.

⁸⁷ Sobre esta última cuestión, referida ó pasado progresista da cidade, deben consultarse os artigos de A. Prado Gómez, "La rebelión progresista de 1840 en Lugo" no *Boletín del Museo Provincial de Lugo*, 4 (1988-1989), páxs. 57-77, e "El pronunciamiento lucense de 1843" en *BMPL*, 5 (1990), páxs. 27-35.

2. Este comunicárallo, nun primeiro momento, ó Pleno do Consello Provincial, tal e como preceptuaba a lexislación da época⁸⁸, o cal, para simplifica-lo traballo comisionaba un vocal, que era o encargado de elaborar unha proposta de dictame ou de decisión, dependendo da materia concreta⁸⁹.

3. Esta proposta sometíase con posterioridade á decisión do Consello en pleno novamente, que adoitaba admitir, sen a penas ningunha alteración ou coas indicacións que se estimasen oportunas, a proposta que formulaba o vocal e así llo comunicaba ó xefe político⁹⁰. Este, como xa dixemos, podía apartarse do dictame do Consello, en ningún caso vinculante, aunque debía leva-la fórmula *óido el Consejo* como garantía da legalidade da actuación, ou ben facer súa a decisión do órgano colexiado, se se trataba dun asunto no que o xefe político debía actuar *de acuerdo* co Consello Provincial.

Debemos sinalar tamén que a estrutura das sesións é similar en practicamente tódolos casos, era o primeiro tema que se trataba a lectura e a aprobación da acta da sesión anterior, para darlles paso despois ós diferentes asuntos que integrarían a orde do día.

Visto de forma superficial o procedemento que se pode deducir do exame dalgunhas das actas, hai que mencionalas materias sobre as que o Consello vai emitir dictames ou decisións. Convén precisar que o Consello se configura, á luz do seu labor práctico, como un auténtico órgano de asesoramento para todo tipo de asuntos ou materias, posto que non só vai acudir o Xefe Político a este corpo nos supostos preceptuados legalmente, senón que lle vai solicita-lo seu parecer para moitos asuntos non previstos na normativa do momento. A iso debemos engadi-la función de consulta e resposta ás peticións ou solicitudes que

⁸⁸ Real orde do 2 de xullo de 1845, art. 7: "El Jefe político remitirá al Consejo, instruidos y extractados, los expedientes; por manera que el trabajo del Consejo haya de limitarse á examinar el expediente, y á dar el dictamen ó tomar el acuerdo que corresponda".

⁸⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 4 v. e 5: "Finalmente se dio cuenta del expediente remitido por el Sr. Gefe político relativo al arreglo del Servicio del ramo de montes conforme a la dispuesto". Como exemplo desa comisión que designaba o Consello, ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 27: "Se dio cuenta de un expediente instruido a instancia de Ramon Rigueiro Tomas da Vila Juan Grandio y otros vecinos de Santiago de Progalo distrito de esta Capital en q. se quejan de Francisco Punin y Rois por construir una cas en el termino comun de dicha parroqa. y el Consejo acordó Sr. Vocal Castro Bolaño para que emita su dictamen a fin de poder informar convenientemente al Gefe político".

⁹⁰ Para resalta-la aceptación da proposta efectuada, o Consello adoita empregar-la expresión *de conformidad con lo propuesto por el Sr. Vocal* ou *de acuerdo con el Sr. Vocal*.

formulaban tanto os particulares como as corporacións locais que chegaban ó Consello por conducto do Xefe Político.

A actividade consultiva do Consello é rica en moitos e variados temas. Sinalarémo-los máis importantes con remisión a algúns exemplos, que nos pareceron máis significativos, segundo se deduce das actas do período examinado. A elección dos asuntos é en todo caso subxectiva, sen prexuízo de elaborar unha táboa ó final deste epígrafe na que se indica o groso dos temas tratados en cada ano dos que examinamos, tendo en conta que un mesmo asunto podía ser obxecto de varios debates ó longo de sesións sucesivas, en tal caso cuantificámo-lo asunto unha soa vez.

1. En primeiro lugar, hai que falar dos **dictames** ou **informes sobre actuacións urbanísticas e obras públicas**, por petición do Xefe Político, como se pode observar na Sesión do 27 de xullo de 1845, onde o Consello acepta unha disposición daquel, datada o 19 de abril dese mesmo ano, pola que se autoriza a Antonio Lamas a pecha-los arcos da casa situada no n.º 14 da praza da Constitución, se ben o Consello engade que "la fachada de aquella casa se mejorase en beneficio del hornato publico"⁹¹; ou na acta da Sesión do 9 setembro de 1845, na que se pon de manifesto que o Consello recibiu a información correspondente a unha obra que o brigadier José Valcárcel estaba realizando no barrio de San Roque, e informou o Xefe Político de que a dita obra "era perjudicial a los vecinos y que afeaba notablemente el ornato publico; por todo lo cual y por haber presunciones veementes de qe. el Sr. Valcarcel edificaba en suelo publico no debia permitirsele continuar aquella"⁹².

O Consello convértese así no asesor máis importante do Goberno Político provincial e dos distintos concellos da provincia nestas materias aludidas⁹³.

⁹¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 2 v. e 3.

⁹² ADPL, lex. I, *Actas*, ano 1845, f. 5 v.

⁹³ Como exemplo de informes urbanísticos, pode consultarse ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 25: "Dado cuenta de una comunicación del Alcalde de Vivero acompañando testimonio de la orden por la que se concediera al Ayuntamiento de aquella Villa la reforma del edificio que fue convento de San Franco. Según se le previniera por el Sr. Gefe Politico en oficio de 10 del mes ultimo con todos los demas pormenores que abraza, y atendida la novedad que causa en este negocio la comunicación del Sr. Yntendente fecha catorce del mes pro-simo pasado, acordó el Consejo que antes de resolver sobre este asunto conviene se transcriba la citada comunicación al Ayuntamiento de Vivero para que en su vista se deduzca e informe lo que tenga por conveniente a los intereses de sus administrados". En materia de obras públicas, *vid.* ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 48: "El Sr. Vocal Dn. Jose Castro Bolaño emitio su dictamen

Incluso se chega máis alá e, a propósito da realización dunha estrada que se estaba construíndo entre Lugo e Monforte, o Xefe Político solicita o parecer do Consello Provincial sobre os criterios que han de tomarse en consideración á hora de efectuar a cuantificación das indemnizacións⁹⁴.

Tanxencialmente, o Consello Provincial de Lugo aborda algún asunto no que se produce algunha expropiación. En concreto, a citada casa de baños termais da capital provincial é obxecto dunha consulta do Xefe Político “para que le proponga lo que se le ofrezca y parezca en atención á que D. Francisco Lopez de Neira no garantizó de modo alguno la construcción de dicha casa en el término de dos meses que S. M. hubo a bien concederle por Real orden de 1º de Abril último notificada en 2 de Marzo”⁹⁵. Esta cuestión é obxecto dunha nova discusión, como se deduce da acta da Sesión do 5 de setembro⁹⁶, onde se indica que o Consello acordou informalo xefe político que “siendo la expropiación por utilidad pública una venta forzosa debe esta ser otorgada ante una autoridad, que le de todo el valor legal, como es el Juez de primera instancia de este Partido”, escritura que se incorporará ó expediente e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, como destacaba a Real orde do 1 de abril de 1846, dándose cumprida información sobre a expropiación e os restos da casa de baños, a cantidade á que ascendía a indemnización, a cantidade presupostada para a obra, e ó remate en que esta deba ser concluída.

sobre el expediente entre Dn. Antonio Casas de la Villa de Rivadeo y Dn. Pedro Vivero y Mores de la Ciudad de Mondoñedo y el Alcalde y Ayuntamiento de Lorenzana acerca de la traslación de un camino de servicio común y el Consejo en su vista y de los antecedentes acuerdo informar al Sr. Gefe político q. en su concepto debe prevenirse al Alcalde de Lorenzana agote todos sus esfuerzos para poner espedito y en buen estado el camino llamado das Cabanas sin trasladarlo á la Vega de Longarela sino cuando por el expediente q. instruye resulte de absoluta necesidad de hacer esta innovación elevando en tal caso el mismo expediente con un croquis de los terrenos al Gobierno político para q. este determine lo q. haya lugar, sin perjuicio de los propietarios del terreno, autorizándose por de pronto a estos para q. supriman las cancellas establecidas en dicha Vega de Longarela con la obligación de dejar en todo caso las cosas en el estado q. tenían antes de esta novedad”.

⁹⁴ ADPLL, lex. 1, Actas, ano 1846, f. 22 e 22 v; Sesión do 26 de febreiro de 1846: “Habiendo sometido el Sr. Gefe político á la deliberación del Consejo los inconvenientes que á su juicio ofrecía el sistema seguido hasta aquí pra las indemnizaciones de terrenos ocupados por la carretera que se está construyendo de esta Ciudad á la Villa de Monforte y lo fácil que era según él indemnizar terrenos comunes ó de realengo como si fuesen de propiedad particular”. Tras longas deliberacións, o Consello propón unha serie de medidas para o coñecemento do cal remitimos á acta da sesión arriba sinalada.

⁹⁵ ADPL, lex. 1, Actas, ano 1846, f. 54 v.

⁹⁶ ADPL, lex. 1, Actas, ano 1846, f. 74 v.

2. En materia de instrucción pública⁹⁷ destacan tres consultas da Sesión do 8 de agosto de 1845⁹⁸: unha primeira, tras oficio da Comisión Provincial de Instrucción Primaria, dirixida ó Xefe Político, pola que se lle pedía a este que lle ordenase ó Concello de Xermade a inclusión nos seus presupostos sucesivos da cantidade de 1000 reais para atender a catro escolas fixas no dito concello, ó que o Consello Provincial contesta que “para el distrito de Germade son suficientes tres escuelas con doscientos cincuenta re. cada una”.

En segundo lugar, debe destacarse outro oficio da mesma Comisión pedíndolle ó Xefe Político que preveña a tódolos concellos para que no seu presuposto inclúan partidas para pagarlle a suscripción ó Boletín de Instrucción Pública⁹⁹. Finalmente, comunícase unha memoria do director do Instituto de 2º ensino de Lugo sobre as medidas que se adoptarían para mellora-lo ensino no dito establecemento, sen que o Consello tome una decisión concreta (ou polo menos iso deducimos da acta), posto que “resolvio aquel Cuerpo decirle que ha visto con agrado su memoria, y qe. la tendra presente en tiempo oportuno, dandole desde luego las debidas gracias”.

Neste mesmo ámbito, debemos mencionar outra instancia elevada ó Goberno da provincia por Manuel Gómez, veciño de Lugo, na que pedía que o Xefe Político o autorizase durante seis meses para exercer-la profesión de perito agrimensor “mediante se halla examinado y aprobado sin que le fuese posible obtener el titulo por su notoria pobreza”, en vista do que o Consello, tras informe do vocal Yáñez, lle comunica ó Xefe Político que denegue tal petición por non acomodarse ás disposicións que rexen nesa materia¹⁰⁰.

⁹⁷ Sobre esta materia pode consultarse Prado Gómez, A., *La Diputación Provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*, Lugo, 1990.

⁹⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, ff. 4, 4 v. e 5.

⁹⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 4, 4 v. e 5, ó que responde o Consello que “deseando conciliar los beneficios que reporta á todas las clases de la sociedad de la Instrucción primaria con los intereses de los pueblos, conceptuaba que por ahora se podía mandar se suscribiesen al Boletín Oficial de Instrucción publica los Ayuntamiento de las cabezas de Partido y los Maestros de escuela de los mismos, abonando á los primeros su coste en el presupuesto municipal, con encargo a los Alcaldes de qe. comuniquen dicho periodico a las Comisiones locales respectivas”.

¹⁰⁰ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 8 v. Outra cuestión análoga preséntase na Sesión do 22 de xaneiro de 1846 cando José López Pantoja solicita que se lle “reponga en el destino de Catedrático de Latinidad que por espacio de treinta años estubo desempeñando y en el que ceso en el pronunciamiento de 1840”, pasando o asunto ó vocal Castro Bolaño para que emitise un informe sobre a antedita cuestión, en ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 9. Máis adiante, dáselle solución a este expediente en Sesión do 28 de xaneiro: “Visto el informe que el Sr.

Castro Bolaño emitio acerca de la instancia que el Presvitero D. Jose Lopez Pantoja vecino de Vivero presento ... se acordo informar al Gefe politico que no convenia el establecimiento de la Catedra de Latinidad por no ser incorporables los cursos mientras la Villa de Vivero tenga un Ynstituto de 3ª clase por lo menos con arreglo al plan vigente de estudios; que entretanto podra destinarse el sobrante de los fondos a la dotacion de una Escuela de Matematicas muy ventajosa para la mayoria de la poblacion sin perjuicio de contribuir con una pequeña jubilacion al ex Rector D. Jose Lopez Pantoja cuyos antecedentes le hacen acreedor á ella”, en ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 14 v.

3. Outras funcións de servizo público son as constituídas por outros dictames do ano 1847 referidos a sanidade e **beneficencia**. O primeiro é elaborado na Sesión do 20 de marzo de 1847 a propósito dunhas febres que aparecen nunha parroquia do municipio de Pastoriza e nunhas vilas do concello de Monforte. O Consello informa o xefe político sobre a necesidade de destinar fondos provinciais para paliar esa enfermidade e ante a falta de dotación presupostaria para iso, solicita se sirva pedirlle ó Goberno unha cantidade entre oito mil e dez mil reais para atende-los veciños enfermos¹⁰¹. O outro asunto ó que aludiamos refírese a unha herdanza deixada á Xunta de Beneficencia da cidade de Lugo¹⁰².

4. **Asuntos relativos ó patrimonio municipal**, isto é, cuestións relativas á economía municipal, que engloba materias de natureza variada como as cuestións referidas ós arbitrios municipais¹⁰³, ós bens propios dos concellos¹⁰⁴, ás pesas e medidas que debían adoptarse para a cuantificación dos tributos

¹⁰¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 4 e 4 v.

¹⁰² ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 24 v; Sesión do 24 de outubro: "Visto por el mismo Sr. Vocal Castro Bolaño el expediente remitido al Gobierno político por el Presidente de la Junta de Beneficencia de esta ciudad en el cual consta que Vicente Lopez Arias, vecino de Puertomarín dejó a su fallecimiento la herencia á aquel establecimiento para que reduciéndola a dinero contribuyese a sostenerlo, y que ahora el hermano de Arias Andres reclama por medio del Juzgado de primera instancia de Chantada; acordo el Consejo en conformidad a lo propuesto por dho Sr. manifestar al Sr. Gefe político: que la cuestion que provoca a Andres Lopez Arias contra la casa de Beneficencia es dela competencia de los tribunales de Justicia, sin quele corresponda otra cosa a la Administracion mas que conceder o negar la licencia para litigar; que por esta razon debia autorizarse al Alcalde por ahora para sostener en juicio los intereses de la Casa de Beneficencia y los derechos que pueda tener por consecuencia de las disposiciones de Vicente Lopez Arias sin perjuicio de remitir a su tiempo al Gobierno Político copia de la demanda de Andres y un extracto del expediente para acordar en su vista definitivamente sobre la licencia para litigar y tener presente la Real orden de veinte y cuatro de mil ochocientos treinta y ocho que previene que los establecimientos de Beneficencia sean defendidos gratuitamente".

¹⁰³ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 2 v; Sesión do 23 de xullo de 1845: "Se leyó al Consejo el dictamen que el Sr. Vocal D. Ygnacio Timoteo Yañez emitió en el expediente instruido a instancia del Ayto. de Vivero contra el de Riobarba sobre la renta titulada "pan de propios" con el cual se conformo el Consejo y determinó pasase con el expediente al Sor. Gefe político pa. la terminacion que estimase conveniente".

¹⁰⁴ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 5; Sesión do 2 de setembro de 1845, na que se dá conta do expediente instruído polo Goberno político acerca da necesidade e da utilidade de construír un cárcere na vila de Viveiro, e véndese para iso a casa consistorial; o Consello, antes de autoriza-lo concello para allear ese edificio, estimou que sería conveniente que se presentase un plano e un presuposto da nova obra que se vai executar, para así decidir con mellor coñecemento de causa.

municipais, provinciais ou estatais¹⁰⁵, abastecemento dos municipios¹⁰⁶, débedas dos concellos da provincia¹⁰⁷, etc. Outra materia abordada frecuentemente é a relativa ó **control dos orzamentos e contas dos distintos municipios da provincia**, froito da habilitación legal que sancionaba a Lei de concellos de xaneiro de 1845. Así o fai o Consello coas contas de gastos da vila de Ribadeo, correspondentes ó ano 1843¹⁰⁸. Unha grande cantidade destes asuntos aparecen mencionados nas actas do ano 1847 –un total de 22 asuntos– que se inician na Sesión do 15 de marzo na que se aproban as contas de ingresos e gastos dos concellos de Sarria e Foz, correspondentes ó ano 1845, e o

¹⁰⁵ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 32 v.; Sesión do 11 de decembro de 1845: “Se dio cuenta de una comunicación del Aymo. de Samos en que consulta si la arroba en la exaccion del arbitrio sobre cerdos es gallega ó castellana, y si los livianos ó higados se deben tomar á cuenta para el peso del cerdo; y el Consejo por mayoría resolvió que el peso debe ser arroba gallega mediante es la que se usa generalmente en esta provincia y en cuyo concepto es de suponer lo rematases los arrendatarios, sin que entren a componer el peso las menudencias y si el canal”.

¹⁰⁶ ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 21: “Dado cuenta del espediente instruido por el Ylustre Ayuntamiento de esta Capital relativo al arriendo de dos casetas existentes en la plaza de abastos nums 8 y 9 y vista una instancia presentada en aquella Corporacion por D. Antonio Castro Romay en que ofrece mejorar la postura hecha por D. Jose Maria Carreira, y teniendo en consideracion que tanto aquella como esta han sido producidas en tiempo oportuno y antes que el Ayuntamiento hubiese lebandado la sesion... es del parecer del Consejo que el Sr. Gefe politico puede servirse aprobar el remate del arriendo de dichas casetas por los diez meses del corriente año a favor de Dn. Antonio Castro Romay por la cantidad que ofrece en razon de ser la mas ventajosa y conforme a lo que reclama la conveniencia publicatan preferente en casos analogos”.

¹⁰⁷ ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 26: “Se dio cuenta de un oficio del Ayuntamiento de Mondoñedo á que se acompañaba copia del acta en que consta que aquella Corporacion de acuerdo con el Dr. Dn. Vicente Manresa y Saavedra representante de su padre otro D. Vicente hizo la liquidacion del debito a que este es acreedor por atrasos en el pago de su dotacion de Cirujano Titular de aquella Ciudad haciendose constar la avenencia acordada entre las partes y proponiendose los medios de cubrir este credito: el Consejo en vista de estos antecedentes acuerda informar al Sr. Gefe politico que debe aprobarse la concordia en que han convenido dicho Ayuntamiento y el acreedor Manresa con la modificacion de que se consigne al pago de su credito unica y exclusivamente el producto de los bienes de propios deducidos gastos de administracion, contribuciones, pensiones y mas cargas que afectan realmente las fincas, debiendo figurar esta consignacion en los presupuestos como deuda de la Ciudad de Mondoñedo”.

¹⁰⁸ O Consello comisiona a Ignacio Timoteo Yáñez para o exame destas contas na Sesión do 4 de agosto de 1845, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 3 v. O dictame daquel apróba o Pleno do órgano provincial na Sesión do 8 de agosto do mesmo ano, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 4, onde se di: “con el cual se conformo el Consejo, acordando se devolviese al Sr. Gefe politico para qe. en su vista se sirviese acordar lo que creyese mas conveniente escogiendo un medio eficaz qe. evite cualquier fraude al practicarse por el Aymo. de Rivadeo la operación de rehacer o justifica debidamente los gastos que aparecen de la cuenta”.

presuposto do primeiro para o ano 1846¹⁰⁹, e conclúen na Sesión do 27 de maio, onde se aproban as contas de gastos dos concellos de Pantón e Becerreá do ano 1845 e as de Villadodríd, Cervo, Xove e Cospeito do ano 1846¹¹⁰.

5. Baixo a denominación de **cuestións municipais varias** recollo unha serie de consultas de contido heteroxéneo que os distintos municipios da provincia lle formulan ó Consello Provincial, por medio do Xefe Político. Así pódense incluír informes e dictames referidos ó cambio da capitalidade municipal¹¹¹, á segregación de pobos¹¹², cuestións suscitadas en relación coa provisión de certos cargos municipais¹¹³ ou peticións de destitución dalgúns deles¹¹⁴. Como botón de mostra desa variedade mencionada, hai dous curiosos informes que o Consello Provincial de Lugo emite no ano 1847. O 19 de abril¹¹⁵, o vocal Castro Bolaño dá conta dun sumario remitido polo alcalde de Pol no que se narra que “en la parroquia de Caraño correspondiente a

¹⁰⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 2.

¹¹⁰ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 15.

¹¹¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 5; Sesión do 2 de setembro de 1845: “Ygualmente se acordo en vista del expediente instruido acerca de la capitalidad del Distrito de Cabarcos q. se trasladase a S. Cosme de Barreiros”.

¹¹² ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 10 v.; Sesión do 28 de outubro de 1845: “Con presencia de lo prevenido en el capitulo 10 del reglamento de 16 del mes ultimo sobre la organización de los Ayuntamientos, se acordó devolver al Sr. Gefé político todos los expedientes q. estaban a su informe acerca de la segregacion, agregacion y formacion de nuevas municipalidades, a fin de que estos se instruyan con arreglo á lo por aquel se ordena en su arto. 10 y siguientes”.

¹¹³ ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 6 v.: “Se leyo un oficio del Alcalde del Corgo en que hace presente al Sr. Gefé político que habiendo procedido al nombramiento de Procurador Sindico de dicho Ayuntamiento y resultando electos dos por igual numero de votos se sirva resolver cual de ellos debe desempeñar aquel cargo; el Consejo resolvió que la eleccion del Procurador Sindico hecha por el Ayuntamiento no era procedente ni legal por lo que el Sr. Gefé político esta en el caso de ordenar al Alcalde reuna nuebamente a la Corporacion convocandola previamente para este obgeto y haciendo asistira los Concejales que se muestren reacios por los medios que la ley le concede, y que se proceda en seguida a nueva eleccion dando conocimiento de ella al Gobierno político sin demora”.

¹¹⁴ Así o fan Justo Manuel Mencia e José López del Retiro, veciños de Terrachá do Valadouro, respecto do alcalde do dito distrito, Ramón María Villares, e alega que este último está *enteramente fallido y adeudar crecidas sumas á particulares*, así foi informado o Consello na Sesión do 7 de marzo de 1846. Conforme ó seu proceder habitual, o Consello trasládalle o asunto ó vocal Juan Pardo y Prado que presenta o seu informe na Sesión do 21 de marzo: “se acordo manifestar al Gefé político que convenia se pidiesen informes acerca de esto al Ayuntamiento el cual para evacuarlo deberia celebrar la sesion bajo la presidencia del Teniente de Alcalde 1º, y de ninguna manera estando presente el Alcalde Dn. Ramon Maria Villares”, en ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, ff. 28 v. e 31, respectivamente.

¹¹⁵ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 8 e 8 v.

dho. distrito se notan cuatro amancebamientos escandalosos y entre ellos dos de personas casadas”, polo que se solicita, a prol da protección da moralidade pública, a adopción de certas medidas, non só para esa parroquia, senón para toda a provincia; as medidas propostas polo Consello Provincial eran cinco que transcribimos por curiosidade, sen que teñamos constancia de se se levaron ou non á práctica:

“1º Sabedor el Alcalde por las partes ... de la existencia de algun amancebamiento, dispondra que siendo alguno de los amancebados vecino de otro pueblo, salga inmediatamente para el; 2º Si entrambos fuesen de la parroquia o hijos de familia, convocara a sus padres; les impondrá la obligacion de vigilar las conductas de sus hijos y les hara responsables con sus personas y bienes si el amancebamiento continua; 3º Siendo casado alguno de los amancebados, el Alcalde de acuerdo con el parroco hara concurrir á presencia de entrambos al varon y le amonestara para que deje la vida escandalosa, apercibiendole que en otro caso se procedera contra el. De hecho le pondra bajo la vigilancia inmediata del pedaneo, y sino desistiese le amonestara por segunda vez; pero si todo esto fuese inutil procedera a instruir el correspondiente sumario y lo remitira al Gobierno politico para que este determine lo conveniente; 4º En nignun caso consentira el Alcalde que vivan en casa independiente mujeres cuya edad no llegue a treinta y cuatro años, obligando a las que no tengan esta edad á que se reunan á algun pariente, ó á que se empleen en el servicio. De esta regla general se esceptuaran solamente las mujeres de notoria y probada moralidad á juicio del Alcalde y bajo su responsabilidad; 5º En cumplimiento de las medidas que anteceden, procedera el Alcalde con el mayor tino y prudencia, procurando evitar vejaciones inutiles y sobre todo el desasosiego de las familias y consultando sus dudas al Gobierno politico”.

O outro asunto que queremos resaltar polos seus caracteres peculiares abordouse na Sesión do 25 de maio de 1847. Trátase dun expediente por instancia de Antonia Noguero, veciña de Chantada, que solicitaba licencia supletoria, que os seus pais lle negaban, para contraer matrimonio con Ramón Suárez, veciño de Villamarín, provincia de Ourense¹¹⁶. O dictame do vocal Castro Bolaño, que asumiu o Consello provincial, di así:

¹¹⁶ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 14 v. e 15. A petición efectuada ó xefe político ten a súa base no que contemplaba o alínea 9, do art. 5 da Lei do 2 de abril de 1845 para o Goberno das provincias: “Para el buen desempeño de su autoridad deberá el Jefe politico ... suplir ó negar el consentimiento paterno en los casos en que los hijos de familia ó menores de edad quieran contraer matrimonio: esta facultad corresponde al Jefe politico en cuya provincia tenga su vecindad, domicilio ó residencia ordinaria el padre, madre ó persona cuyo consentimiento se haya de suplir”.

“manifestar al Sr. Gefe político que la instrucción de dicho expediente debía ampliarse pidiendo unos informes acerca de la conducta, oficio y posición social de Dn. Ramon Suarez y oficiarse al Alcalde de Chantada para que reciba las declaraciones de los padres de la Señorita Nogueroles y mas individuos de la familia sobre la hora, día y circunstancias de la evasión de dha joven, practicando a la persona encargada de la Curaduría de Dn. Bernardo Nogueroles y de la administración de sus bienes la diligencia prevenida por S. S. en oficio de vte y ocho de abril último”.

6. Importante para a cidade de Lugo son as mencións que o Consello efectúa nas súas sesións de 1846 respecto da **Revolta do 2 de abril de 1846**¹¹⁷. Na sesión do 11 de maio de 1846, o xefe político leulle ó Consello, a Real Orde do día 2 daquel mes, que contiña unha serie de disposicións relativas ó modo de proceder contra os autores e os cómplices da revolta militar progresista “para reintegrar á los fondos publicos, Corporaciones y particulares los caudales que hubiesen dilapidado durante su dominacion”. O Consello comunícalle, non obstante, que soamente na capital da provincia se produciron as subtraccións e dilapidacións denunciadas, xa que “no teniendo este Cuerpo noticia de que en ningun otro punto de la Provincia excepto en esta capital hubiese habido sustraccion y dilapidacion de fondos en favor de la rebelion que contra los que la promovieron ó secundaron deben dirigirse las gestiones”. Con carácter subsidiario alúdese a unha cuestión xurisdiccional xa que o Consello estima que “respecto á la culpa personal de los mismos considera estan sometidos á la accion de los Tribunales ordinarios y á los Militares constituidos por efecto de las circunstancias”¹¹⁸.

¹¹⁷ O levantamento progresista en Galicia do ano 1846 ten as súas orixes na cidade de Lugo: o 2 de abril dese ano pronúnciase na praza Maior da capital o Segundo Batallón do Rexemento de Zamora, mandado polo comandante Miguel Solís, e iníciase unha serie sucesiva de pronunciamentos nas distintas cidades galegas. Os progresistas constitúen unha Xunta Superior de Goberno de Galicia (formada por Pío Rodríguez Terrazo, José María Santos, Ramón Buch e Antolín Faraldo) que se encargaría das administracións e do Goberno da rexión. Trala batalla de Cacheiras, os insurrectos son derrotados e os seus principais líderes escapan a Portugal; peor sorte correron os mandos militares que foron fusilados na localidade coruñesa de Carral o 26 de abril dese ano. Sobre esta revolta, Barreiro Fernández, X. R., *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, 1977.

¹¹⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 35 v. e 36; finalmente, o Consello recomendalle ó xefe político a publicación da real orde no BOPL para determinar se noutros puntos da provincia se produciron *conatos sediciosos* e para que se formen así os correspondentes sumarios. Así mesmo establécese que coa finalidade de restaurar los caudais públicos, o xefe político pode proceder a decreta-lo embargo preventivo dos bens das persoas ás que alcance a responsabilidade.

Máis adiante, en Sesión do 13 de maio, abórdase outra cuestión conexas cos resultados da Revolta de 1846. Francisco Vizcaíno, arrendatario dos arbitrios impostos pola Deputación Provincial no distrito da cidade de Lugo, presenta unha solicitude para que se lle indemnizen os danos e as perdas que supuxo a revolta militar “rebajandole al efecto el importe de mes y medio que considera perdido y mandar q. se le admita el resto de los cuatro meses en pago del primer tercio vencido”, ademais sinala o Consello que o Xefe Político podía ter presente esa instancia ó finaliza-lo último tercio para determina-lo que crese máis oportuno¹¹⁹.

Naquela mesma sesión, presentou as contas da Xunta Revolucionaria o seu depositario Pedro Pardo Vivero, sinalándolle ó mesmo unha serie de irregularidades de tipo contable¹²⁰. Na Sesión seguinte do 16 de maio de 1846, tralo exame das contas da Xunta, “despues de haberse suscitado una larga discusion acerca de si el Pardo Vivero era o no manifestamente responsable á la indemnizacion de los caudales que resulten desfalcados de los fondos provinciales”, os distintos vocais tomaron similares posicións á hora de sinala-los responsables: “los Sres. Yañez, Pardo y Prado y Castro Bolaño ... entendian q. según los datos q. arroja el espediente y sin perjuicio de la defensa de los interesados en su caso hay responsabilidad manifiesta en el Coronel Solís y en los individuos q. compusieron la Junta llamada de Gobierno de esta ciudad”, en todo o relativo á indemnización dos fondos provinciais que resultasen desfalcados. Por outra parte, Pardo Vivero, entenden os anteriores vocais, que ó non contestar favorablemente ás observacións que se lle fixeron na anterior sesión, debe ser considerado tamén responsable anque non dea unha forma tan manifesta como os restantes individuos.

O presidente do Consello, sen embargo, opinou que existía responsabilidade mancomunada entre os membros da Xunta e os citados Pardo Vivero y Solís, anque podía estenderse a outros suxeitos que tomasen parte na rebelión¹²¹.

Na Sesión do 12 de agosto¹²², leuse no Consello un comunicado do Concello de Lugo no que se pedía a condonación e a aplicación do produto do arbitrio provincial de augardentes e licores que se consuma no seu distrito “á fin de atender a las

¹¹⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 40.

¹²⁰ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 40 e 40 v.

¹²¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 41 v.

¹²² ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 69 v.

urgentes e indispensables reparaciones delos destrozos egecutados en las murallas de esta Ciudad, sus puertas y otros puntos por disposicion de la Junta revolucionaria instalada en Abril ultimo é igualmente á las Casas Consistoriales y Calles pcas". O Consello responde que se trata dun caso excepcional e, sen prexuízo do que determine o Goberno central, debería o Xefe Político acceder só por un ano ó que solicita o concello lucense "en vista de las justas y poderosas razones que alega, librando desde luego a su favor el importe del arbitrio impuesto sobre dhos liquidos en esta Ciudad y su distrito". Outras cuestións incidentais relacionadas coa mencionada rebelión militar son tratadas noutras sesións do mesmo ano¹²³.

7. Os deslindamentos dos montes de titularidade pública orixinan tamén un gran número de asuntos non contenciosos; trátase fundamentalmente de consultas, oficios ou comunicacións realizadas polos concellos da provincia ó xefe político nos cales se informa sobre a situación na que se encontran os montes nas parroquias dos distintos municipios, coa finalidade de que a dita autoridade proceda despois a efectua-los labores de deslindamento con pleno coñecemento de causa. As sesións do ano 1846 son as que se refren con máis frecuencia a estes asuntos. Así, cabe menciona-lo oficio que dirixe ó Xefe Político o alcalde de Becerreá no que manifesta que "en aquel distrito no hay montes comunes de propios, sino de dominio particular" ¹²⁴. O informe posterior do vocal Castro Bolaño, que é admitido polo Consello Provincial, parte da información transmitida polo alcalde da citada localidade¹²⁵: "Enterado el Consejo del informe que el Sr. Castro Bolaño emitio en vista del oficio dirigido por el Alcalde de Becerrea al Sr. Gefe político manifestandole que en su distrito no habia montes comunes ni de propios, sino de dominio particular, y consultando si en este caso se hallan las

¹²³ En concreto, na Sesión do 20 de xullo, examínanse seis expedientes de indemnizacións solicitadas por veciños de Lugo ó arruina-las súas casas a Xunta rebelde, e pásaselle o asunto para o seu dictame ó vocal Miranda e España, dictame que lerá na Sesión do 30 de setembro; na Sesión do 26 de setembro, trasládasele ó Consello unha comunicación do Concello de Lugo acerca de se pode satisfacerlles ós seus dependentes os soldos do mes de abril, ó que o Consello di que só se lles debían aboar a aqueles que non estivesen ó inmediato servizo da Xunta revolucionaria; na Sesión do 1 de decembro dáse conta dunha instancia na que Ramón Portas Saavedra solicita que o Goberno político se declare incompetente para coñecer dun litixio pendente entre el mesmo e o xa coñecido Pedro Pardo Vivero sobre a construción dun muro nunha parroquia da cidade de Lugo, en *ADPL*, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 61, 79 v., 80 v. e 89 v.

¹²⁴ *ADPL*, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 4; Sesión do 8 de xaneiro.

¹²⁵ *ADPL*, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 9 v. e 10.

parroquias del mismo distrito en el de plantar la dehesa con la cabida que marca la disposicion 1^a de la circular de 30 de noviembre del año ultimo... acordo el Consejo ... que la mencionada circular solo podia aplicarse de su entender a las parroquias que tubiesen montes comunes ó de propios, sobre los cuales tiene la administracion un deber de proteccion y vigilancia”.

A construción da devesa nas distintas parroquias por mandato do Goberno político, segundo consta na Circular do 30 de novembro de 1845¹²⁶, vai ser obxecto de novas consultas por parte doutros concellos. Así, o de Samos, por medio de oficio, pregunta se os veciños das parroquias do dito distrito están obrigados a comprar e a vender terreos para forma-la devesa previda polo Goberno político “mediante a que en casi ninguna hay montes nacionales ni baldios y si pertenecen a dominio particular o concejil”, ó que responde o Consello que a solución é a mesma que se deu para Becerreá, é dicir, que a Circular só é extensible ós montes comúns ou de propios¹²⁷. A totalidade das consultas posteriores van xirar sobre idénticos temas: o deslindamento dos montes e a polémica construción da devesa ordenada polo Xefe Político, o cal pode axudar a xustifica-lo escaso número de asuntos contencioso-administrativos que sobre esta materia se van desenvolver no curso das actuacións do Consello Provincial.

Outras cuestións relacionadas cos montes pertencentes ós municipios da provincia son, entre outras, as que tratan sobre o investimento das rendas obtidas daqueles¹²⁸ ou as recomendacións pertinentes para o castigo dos que contraviñesen ordes do Xefe Político nesta materia¹²⁹.

¹²⁶ BOPL, n.º 146, do 7 de decembro de 1845.

¹²⁷ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 10 v.

¹²⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 3; Sesión do 17 de marzo: “Visto el dictamen emitido por el Sr. Pardo y Prado sobre la autorizacion que solicita el Ayto. de Rivadeo para vender una partida de montes del comun á fin de invertir su producto en obras de utilidad publica; se acordo informar al Sr. Gefe politico que podia permitirse dicharenta con condicion de que se haga en publico remate y de que antes instrua aquella Corporacion expediente en que consten la obra que se trata de empreder, su necesidad y costes con arreglo a los articulos ciento tres y ciento seis de la ley de ocho de Enero del cuarenta y cinco, remitiendo dho expediente al Gobierno politico para la resolucion a que haya lugar”.

¹²⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, 1847, f. 12; Sesión do 11 de maio: “Examinado por el Sr. Pardo Pimentel el expediente instruido por el Teniente de Alcalde de Castroverde por orden del Gobierno politico á consecuencia del parte dado al mismo por el pedaneo de S. Juan de Barredo relativo á manifestar la tala del arbolado y franqueo de la dehesa nacional de dicha parroquia; se acordo informar al Señor Jefe Politico que en atencion al insignificante daño ocasionado en la mencionada Dehesa de Barredo pues que solo asciende a setenta

8. Pero a maior parte dos dictames vanse centrar en **cuestións electorais**, o que fai que o Consello Provincial aparecese como unha especie de supervisor, xunto co Xefe Político, das eleccións desenvolvidas na provincia. Iso é así no ámbito das eleccións municipais e provinciais, a teor da lexislación sobre concellos e deputacións, intervención que se facía nas distintas fases en que se dividía o procedemento electoral.

Así, de acordo, coa lexislación de concellos, a participación do Consello Provincial no campo electoral, estendíase a variadas cuestións. Mencionarémolos casos máis significativos e a fundamentación legal que xustificaba a acción do Consello.

En primeiro lugar, debemos cita-lo art. 31 da Lei de concellos que dispoñía que o xefe político decidirá, oíndo o Consello Provincial, sobre a elaboración das listas electorais, que previamente efectuará o alcalde¹³⁰. Como exemplo desta actuación podemos cita-la Sesión do 10 de outubro de 1845 onde se pode observar claramente a función destacada¹³¹: Francisco Javier Pardo Balmonte incoa un expediente contra o alcalde e asociados do Concello de Castro de Rei por negarlle a inserción, en calidade de elector, nas listas do citado municipio, e engádesse ademais que o fillo do citado Pardo Balmonte, José Benito Pardo, soamente figura naquelas dentro da categoría de electores e non de elixibles.

Tralo dictame do vocal Juan Pardo y Prado, o Consello de Lugo "opino qe. se accediese a la pretension del Sor. Pardo Balmonte, por resultar ser vecino del distrito de Castro de Rey y uno de sus mayores contribuyentes. Que respecto al Licdo. D. Jose Benito tambien debia darsele lugar en el sumario de los elegibles por no faltarle según el espediente ninguna de las circunstancias prevenidas por la ley". Incluso se lle recomendou ó xefe político que lles chamase a atención ó alcalde e asociados do citado municipio para que no futuro "obren sin resentimientos y si imparcial y legalmente".

Seguindo coa citada lei municipal, outra función encomendada a estes corpos é a que establece o art. 54 onde se dispón que o xefe político, oído o Consello, procederá a aprobación

y seis reales según la tasacion hecha y considerando que del Sumario instruido no resulta quienes hubiesen sido los que lo causaron, que se estaba en el caso de mandar desde luego se procediese á formar el apeo ó deslinde del monte según lo propone el Perito Agronomo... previniendo al mismo tiempo a los vecinos... procedan ala colocacion y plantacion de la Dehesa... todo sin perjuicio del castigo que deba imponerse a los autores dela indicada tala".

¹³⁰ Sobre as listas electorais, *vid.* arts. 25-34 da Lei de concellos de 1845.

¹³¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 6.

das actas das eleccións celebradas nos diferentes distritos da provincia e do mesmo modo resolverá tódalas reclamacións e as escusas que se presentasen. O Consello Provincial de Lugo informou sobre a validez das actas electorais dos distintos municipios da provincia nas sesións do 29 de outubro de 1845 e seguintes, nas actas do cal se pode ver unha clara mostra desa función de supervisión á que aludiamos, dado que o Consello informa favorablemente a aprobación das actas, anque nalgúns casos lle recomenda certas actuacións ó Xefe Político, tendentes á corrección dos documentos que presentan os municipios. Na primeira das sesións citadas con anterioridade, o Consello Provincial aproba os informes referidos ás eleccións municipais dos distritos de Sober, Valadouro, O Courel, Páramo, Vilalba, A Fonsagrada, Taboada, Antas de Ulla, Ribas de Sil, Doncos, Pantón, Carballedo, Castro de Rei e Monforte¹³², e quedan as de Xermade para unha sesión posterior. Na Sesión do 26 de novembro do mesmo ano continuouse con esa actividade en relación coas actas dos concellos de Navia de Suarna, Muras, Oroul, Meira, Lourenzá e Xermade¹³³; en idéntico sentido pódense consultar as actas das sesións do 29 de novembro¹³⁴ e as de decembro dese ano de 1845¹³⁵.

En xeral, o Consello aproba as actas tal e como lle chegan, sen introducir case ningunha modificación, ademais de resolver cuestións conexas como renuncias ou escusas para desempeñalo cargo de concelleiro¹³⁶ ou calquera outro de índole muni-

¹³² ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 21-23. Unha mostra desa dobre función que preceptuaba a lei de concellos (informar para a aprobación das actas e resolver renuncias e escusas) podémola encontrar nas actas do Concello de Páramo onde se nos di que "se vio el informe qe. el mismo Sr. Pardo y Prado emitio en las Actas deParamo y se determino decir al Sr. Gefe politico que podia aprobarlas y acceder a la renuncia q. con arreglo al art. 8 de la ley de 8 de enero solicita el concejal reelecto D. Froilan Liz".

¹³³ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 23-24 v.

¹³⁴ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 24 v.-27, onde se recolle a aprobación das actas electorais dos distritos de Cervantes, Cebreiro, Barreiros, Abadín, Trasparga, Riotorto, Pastoriza, Trabada, Saviñao e Friol.

¹³⁵ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 27-36. Na Sesión do 1 de decembro vense e apróbanse polo Consello as actas de Ribadeo, Villadrid, Quiroga, Guntín, Portomarín, Mondoñedo e Samos; na do 3 de decembro, as de Baleira; na do 6, as de Villamea, Ríoarba e Lán cara; na do 9, as de Outeiro de Rei, Castrovirde e Palas de Rei; na do 10, as actas do Corgo e as de Ribas de Sil, o día 11 as de Neira de Jusá, e o 20 a de Saviñao.

¹³⁶ Así, por exemplo, en ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 51 v., dáse conta do expediente instruído por instancia de José Barallobre para que se exonere do cargo de concelleiro no Concello de Trasparga "y se acordo a la vista de lo q. resulta de la informacion recibida á su instancia y delo manifestado por el Alcalde y Procurador Sindico de dicho Ayuntamiento q. debia estarse a lo resuelto

cial¹³⁷. Unha excepción pode verse na citada Sesión do 29 de outubro de 1845 cando o Consello dispón que “el Sr. Gefe político debia reclamar certificación separada del acta de elección firmada de los respectivos presidentes y Srios. constando en ella los que resultaban nombrados concejales por el distrito electoral con expresión del numº de votos q. cada uno reunio y una lista de los electores y elegibles de cada distrito”. Este asunto é retomado na Sesión do 10 de decembro do mesmo ano cando o Consello Provincial de Lugo “acordo decir al Sr. Gefe político que las certificaciones de las actas de este Aymo. no vienen en forma porque debia estar autorizada la de cada Distrito por los respectivos Presidentes y escrutadores”, non obstante o cal, o órgano provincial entende que o Xefe Político pode aprobar as ditas actas, sen prexuízo de reprende-lo alcalde “por no haberse arreglado a los modelos y y exigirle nota de los elegidos q. saben o no leer y escribir”.

As reclamacións referidas a renuncias e escusas de oficios son moi frecuentes nas actas dos anos examinados e nelas é habitual que o Consello aluda á normativa aplicable ó caso concreto e sobre todo ó cumprimento dos prazos establecidos na lexislación, o que fai que moitas destas solicitudes sexan desestimadas por razón de forma. Na Sesión do 17 de xaneiro de 1846 dáse conta dunha petición de Manuel Carnero, veciño de Pantón, para que se o exima do cargo de concelleiro por ser menor de vintecinco anos, ó que o Consello responde que “teniendo presente... el informe del Alcalde y la partida de bautismo del interesado, resolvio que debia de accederse a su solicitud, no en concepto de excusa voluntaria que no seria admisible por inoportuna, si no por la incapacidad legal en que esta ese menor de edad de desenvolver cargos municipales”, decisión do corpo provincial que se sustenta na propia lexislación de concellos á que se fai referencia de modo implícito.

en las sesiones de 7 y 28 de Marzo ultimos fijandose un termino corto para tomar posesion y no haciendolo dentro de él imponerle una buena multa por su resistencia”.

¹³⁷ Entre outras ADPL, lex. 1, *Actas*, 1846, f. 16 v.: “Vistas por el Consejo la solicitud que nuevamente dirigió al Sr. Gefe político Francisco Lamelas Labrador y vecino de S. Esteban del Valle, distrito de Riobarba suplicando se le exima del cargo de primer Teniente de Alcalde de dicho Ayuntamiento por ser mayor de sesenta y seis años y hallarse achacoso y privado de la vista y teniendo mismo tiempo presentes la certificación del Facultativo y la información de testigos de los cuales resultan los achaques que padece el mencionado Lamelas como tambien aquella edad se acordo informar al Sr. Gefe político que procede la exoneración del cargo de Teniente de Alcalde primero que solicita este interesado y el reemplazo de otro Concejel que merezca su confianza”.

O labor de aprobación das actas das eleccións municipais vai ser desenvolvido novamente a finais do ano 1847, en concreto, a partir da Sesión do 6 de decembro¹³⁸.

A lexislación electoral provincial tamén lle daba cabida a un importante papel dos consellos provinciais en termos similares ós anteriormente expostos¹³⁹, pero na práctica é destacable o labor do Consello Provincial de Lugo en relación cunha función previa ó proceso electoral. Dispoñía o art. 13 da Lei de deputacións que o xefe político procedería, cando o número de electores ou a extensión dos partidos xudiciais así o esixise, a dividilos nos distritos electorais que máis conveñan e sinalaría as cabezas dos distritos, e esta división será remitida máis adiante ó Goberno para a súa aprobación¹⁴⁰.

En cumprimento do anterior, o xefe político da provincia de Lugo solicitalle ó Consello Provincial un informe sobre esta po-

¹³⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 30 e seg. A orde seguida é a seguinte: Sesión do 6 de decembro (actas dos concellos de Neira de Jusá, Cebreiro, Triacastela, As Nogais, Becerreá, Cervantes, Muras, Orol, Riobarba, Cervo, Xove, Viveiro, Navia de Suarna, Meira, A Fonsagrada, Baleira, Quiroga, Brollón, O Courel, Ribas de Sil, Paradela, Páramo, Lán cara, Sarria, Samos, Portomarín, Chantada, Antas de Ulla, Palas de Rei, Taboada, Monterroso e Carballedo); Sesión do 8 de decembro (actas dos concellos de Alfoz, Riotorto, Abadín, Foz, Pastoriza, distrito da Terra Chá, distrito de Lourenzá, Mondoñedo e Cospeito); Sesión do 10 de decembro (actas dos concellos de Begonte, Vilalba, Trasparga e Xermade, Villaodrid, Villamea, Trabada, Ribadeo e Barreiros); Sesión do 12 de decembro (actas dos concellos de Lugo, Friol, Castro de Rei, Outeiro de Rei, Pol, Castroverde, Guntín e Corgo); Sesión do 13 de decembro (*Actas* dos concellos de Saviñao, Pantón, Bóveda, Monforte e Sober). Da totalidade de actas que o Consello examina, soamente se ordena a celebración de novas eleccións no municipio de Sober (di a acta da sesión que "el Consejo apreciando en todo su valor las consideraciones emitidas en el dictamen del Sr. Vocal Supernumerario Dn Francisco Miranda y España en expediente de elecciones municipales de Sober, y teniendo presente la ilegalidad con que se verifico la votacion de las dos mesas, acordó decir al Gefe politico que deben anularse las actas, y procederse á nuevas elecciones en los dos distritos por el orden que menciona la ley y reglamento"). Estas actas apróbaas, finalmente, o Consello na Sesión do 21 de decembro, pero só as do distrito de Proemos, e declárase novamente a nulidade das eleccións no distrito de Piñol, polo que se ordena unha nova celebración de eleccións (bajo la presidencia de uno de los Tenientes de Alcalde que merezcan la confianza de dho Sr. Gefe).

¹³⁹ O art. 32 da Lei de deputacións destacaba que o Xefe Político, oído o Consello Provincial, se non existisen reclamacións atendibles e entendese correcta a elección, procedería a nomealos deputados correspondentes. Completan este precepto os arts. 33 e 34 da mesma lei.

¹⁴⁰ Tamén para as eleccións de deputados a Cortes, sancionaba a Real orde do 21 de marzo de 1846 que os xefes políticos, oídos os consellos provinciais, deberían propoñer a división das provincias en distritos electorais, así como a elección das vilas que han de ser cabeza deles. Estes distritos servían, polo xeral, tanto para as eleccións provinciais como para as xerais.

¹⁴¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 37 e seg.

sible división que ten o seu resultado na Sesión do 12 de maio de 1846 onde se expón a división provincial en distritos electorais coas capitais deses e a indicación das vilas que se comprenden en cada sección e o número dos seus habitantes¹⁴¹; así, propónse que o distrito de Quiroga se divida en dúas seccións, unha con capital en San Martín de Quiroga (que englobaría os concellos de Quiroga, Rivas de Sil, A Pobra de Brollón e O Courel) e outra con capital na vila de As Nogais (que comprendería os concellos de Cervantes, O Cebreiro, Doncos, Becerreá e certas parroquias de Neira de Xusá); en cambio, os distritos de Chantada, Lugo, Monforte, Mondoñedo, Viveiro, Vilalba, Sarria e Ribadeo non serían divididos en seccións.

En abril de 1847 o Consello Provincial volve efectuar unha proposta de división da provincia en partidos xudiciais e destes en seccións para os efectos de proceder á elección de deputados provinciais. Na Sesión do 17 de abril de 1847 acordouse que "para cumplimentar las R. ordenes de tres de marzo ultimo y seis del actual mandando por la primera qe. pa. la eleccion de Diputados provinciales se proceda á la division de partidos judiciales en secciones que nunca podran pasar de dos, teniendo pa. ello presentes la estension de los citados partidos y el numero de electores; y disponiendo por la segunda su remision al Ministerio de la Gobernacion del Reino para el veinte y cinco del corriente se procedio a hacerlas en los terminos siguientes"¹⁴². Nesta situación, o Consello afástase da división proposta o ano anterior: configúranse sen seccións os partidos xudiciais de Lugo, Viveiro, Fonsagrada, Becerreá, Quiroga e Sarria. En cambio, o partido de Ribadeo divídese en dúas seccións (unha que abarcará a Ribadeo e o seu distrito e outra na que figuran os restantes concellos do partido xudicial); o partido de Mondoñedo así mesmo divídese en dúas seccións: a primeira que comprende os municipios de Mondoñedo, Abadín, Riotorto, Pastoriza e Lorenzana, e a segunda onde destacan os municipios de Valle del Oro, Alfoz e Foz); o partido de Vilalba tamén se constitúe en dúas seccións (unha para Vilalba, Xermade e Cospeito, e outra para Trasparga e Begonte); Monforte tamén é obxecto de división: unha primeira sección que englobaría a Monforte, Pantón e Sober, fronte a unha segunda onde se sitúan Bóveda e Saviñao; finalmente, o partido de Chantada comprende outras dúas seccións: unha cos concellos de Chantada, Carballedo e Taboada e outra segunda cos de Monterroso, Portomarín, Antas de Ulla e Palas de Rei.

¹⁴² ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 6 v. e 7.

O exame das actas non permite entrar a valora-la actuación do Consello Provincial de Lugo no marco das eleccións xerais xa que non encontramos ningunha sesión na que se faga referencia a este tipo de consultas electorais¹⁴³.

Asuntos gubernativos tratados polo Consello Provincial de Lugo (1845-1849)			
Materia	Ano		
	1845	1846	1847
Urbanismo e obras públicas	8	35	5
Patrimonio municipal	5	101	43
Educación e outros servizos públicos	3	11	3
Montes	1	34	9
Cuestións municipais varias	2	11	9
Cuestións electorais	20	67	37

Respecto das sesións dos anos 1848 e 1849, como sinalamos con anterioridade, só se conservan tres folios que recollen as actas de cinco sesións correspondentes a ese período, nas cales o Consello Provincial de Lugo, de acordo co Comisario de Guerra da provincia, dálle cumprimento á Real Orde do 16 de setembro de 1848 por virtude da cal ámbolos dous órganos fixan *los precios a que deben abonarse á los pueblos las especies de suministro que faciliten á las tropas*¹⁴⁴.

¹⁴³ Non obstante, a lexislación moderada -a Lei do 18 de marzo de 1846- recoñecía certa participación xa que, por exemplo, debía ser oído o Consello Provincial cando o xefe político resolvía, como auténtico xuíz administrativo, as reclamacións sobre exclusión ou inclusión nas listas electorais.

¹⁴⁴ Son, en concreto, a Sesión do 15 de outubro de 1848, e as sesións do 12 de xaneiro, 11 de abril, 12 de xullo e 5 de setembro do ano 1849. A estrutura das actas das citadas sesións é similar (cambian as datas durante a cal vai ser efectiva a resolución acordada conxuntamente, que ten unha vixencia de tres meses) polo que, a modo exemplificativo, transcribimo-la última celebrada en setembro de 1849: "En la ciudad de Lugo a cinco de septiembre de mil ochoc. Cuarenta y nueve, reunidos los Sres. del Consejo provincial bajo la presidencia del Sr. Gefé político y con asistencia del Comisario de Guerra de esta plaza para fijar los precios a que deben abonarse a los pueblos de esta provincia las especies de suministro que faciliten a las tropas en el ultimo trimestre del año actual que principiara en primero de Octubre proximo, y concluye en treinta de diciembre siguiente, conforme a lo dispuesto en Rl. Orden de diez y seis de Setiembre del año 1848, han acordado señalar los siguientes: El de cada racion de pan, veinte y tres maravedis. El de fanega de cevada, veinte y siete reales. El de la arroba de paja, tres reales. El de la arroba de aceite, sesenta y cuatro reales. El de la de leña, un real y ocho maravedis. El de la de carbon, dos reales y diez y seis maravedis. Y para los efectos que la Rl. Orden citada espresa, acordaron tambien que de esta acta se espidan los certificados necesarios".

C) *O seu labor como tribunal contencioso-administrativo: exame dalgúns casos*

A pesar de que a atribución de funcións xurisdiccionais constituíse a novidade máis salientable da lexislación sobre consellos provinciais, é de destacar o escaso labor que neste ámbito desenvolveu o Consello lucense, ou polo menos iso parece deducirse da documentación conservada. E iso é congruente co que sinalaba Nieto García¹⁴⁵, xa que ó crearense os consellos provinciais, os administrados pasaron a dispoñer de tres grandes vías para defenderse da Administración –a gubernativa, a contencioso-administrativa e a civil ordinaria para certa clase de asuntos–, o que orixinou multitude de conflitos de competencias entre as distintas instancias depositarias desas funcións mencionadas. Isto é así porque en certas materias (sobre todo, no campo tributario) era moi difícil sinalar cál era a autoridade habilitada para xulgar-los conflitos que xurdían en conexión con tales asuntos.

As poucas decisións conservadas que dictou o Consello Provincial de Lugo no período examinado permiten, dunha forma moi xeral, coñece-lo fondo dos litixios xa que as actas recollen mencións moi xerais referidas ás partes en conflito e ó asunto que os leva a litigar. A pesar do preceptuado legalmente, o órgano provincial non motiva as sentencias pormenorizadamente e aínda menos cita a normativa a aplicar. Tampouco encontrei referencias ó labor xurisdiccional do Consello no *Boletín Oficial de la Provincia* de Lugo, onde se supón que deberían recollese esas sentencias, nin nos apéndices da *Colección de Decretos*, nos que, a partir de 1845, se incluían as decisións e sentencias emanadas do Consello Real¹⁴⁶.

Non obstante o exposto, nas actas pódense encontrar referencias a algúns litixios. Nunha das súas primeiras sesións, a do 27 de xullo de 1845, o Consello constitúese por primeira vez como tribunal contencioso-administrativo para resolver un

¹⁴⁵ Nieto García, *Los orígenes*, pág. 42, onde ofrece un cadro comparativo de asuntos gubernativos, contenciosos e conflitos de competencias que ilustran a súa conclusión: a proliferación dos conflitos entre órganos administrativos e xurisdiccionais.

¹⁴⁶ A única sentenza do Consello Real que se orixina a partir dunha providencia do Consello Provincial de Lugo pode consultarse en *Colección Legislativa de España (continuación da Colección de decretos)*, tomo LXII, segundo cuatrimestre de 1854, Imprenta Nacional, Madrid, 1854, págs. 497-499. Trátase dunha apelación na que se discute sobre a competencia do Consello Provincial de Lugo para coñecer acerca das cuestións contenciosas relativas á validez, intelixencia e o cumprimento dos arrendos e poxas dos bens nacionais e actos posteriores que delas se deriven.

Asuntos contencioso-administrativos do Consello Provincial de Lugo (1845-1849)			
Materia	Ano		
	1845	1846	1847
Contratos celebrados polas administracións públicas	1	3	4
Montes	1	1	1
Indemnizacións por obras públicas	3	1	0
Indemnizacións por fábricas ou outros establecementos	1	1	0
Aproveitamentos dos recursos hidráulicos	1	0	0
Cuestións electorais	20	67	37

conflicto entre algúns pobos da ribeira do río Eo e o Gremio de Mareantes da localidade de Ribadeo "sobre el derecho á la navegacion de la Barca de Porto en el mencionado Rio"¹⁴⁷, litixio que ha de encadrarse no marco da configuración como materia administrativa dos conflitos sobre aproveitamento das canles fluviais que expresaba o art. 8.8 da Lei de consellos provinciais. A sentenza dispón que "respetando la posesion en que esta el Gremio de Mareantes de Rivadeo del derecho exclusivo de barcage en el punto del porto a la Balina, queden autorizados los habitantes de entrambos margenes para barquear en todos los puntos del rio Eo que no sean en el citado do Porto sin mas condiciones que la de ser tripuladas las Barcas por matriculados en la localidad á donde llegue el agua salada, engadindo que esta medida concilia el interes general con los privilegios especiales del Gremio del mar y deja espedita la comunicaci3n entre las dos Provincias, pero siempre debe considerarse provisional" xa que o propio Consello fai unha recomendaci3n ás autoridades competentes para a construcci3n dunha ponte que una as marxes do río Eo.

O asunto será retomado a finais do ano 1846 cando se dá conta, na sesi3n do 10 de decembro¹⁴⁸, dunha real orde coa que se trataba de fixa-lo límite da auga salgada no río Eo. Á vista das diverxencias entre o Comisario do Comandante Xeral do Departamento de Ferrol, o nomeado polo Goberno político de Lugo e o designado polo Goberno político de Oviedo, acordou o Consello remitirle o asunto ó Goberno "para resolucion que hubiere lugar, llamando su superior atencion, al verificarlo, so-

¹⁴⁷ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 3 e 3 v.

¹⁴⁸ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 90 v.

bre la necesidad de poner espedita y facilitar la comunicación entre los dos márgenes, obstruida por el derecho exclusivo de barcajes que ejerce en la localidad de Porto el Gremio de Mareantes de Rivadeo". A remisión ó Gobierno e non ó Consello Real explícase porque non existe ningún tipo de conflicto competencial ou de atribucións, senón que simplemente as persoas comisionadas para efectuar-la delimitación non chegan a un acordo. De aí, que se acuda ó superior xerárquico para que este lle poña fin á desavenencia existente.

Haberá que agardar á Sesión do 6 de decembro de 1845 para encontrar outra referencia ó labor xurisdiccional do Consello, aunque na acta desta sesión se alude de forma xeral a esa actuación, dado que "se dio cuenta de varios espeditos de indemnizaciones de daños causados por la construcción de la Carretera q. va dese esta Capital a Quiroga dirigidos por el Sr. Gefe político al Consejo, quien acuerdo pasasen al Sr. Vocal Castro Bolaño para q. manifestase su opinión", o que parece darnos a entender que o citado vocal pasaría a actuar como ponente, se ben nas actas de sesións posteriores non se volve retomar esta cuestión indemnizatoria¹⁴⁹.

Na Sesión do 11 de decembro de 1845 exponse a ponencia do vocal Castro Bolaño sobre "indemnizaciones de terrenos de propiedad particular ocupados con motivo de la construcción de la carretera desde Nadela hasta S. Fiz de Paradela", aunque o Consello non vai dictar sentenza ningunha, xa que o relator propón nomear a un perito para a taxación dos danos e perdas ocasionados, o que acepta o Pleno do Consello (que o encontra moi oportuno) e engádese que "aunque la tasa hecha por este es en concepto de este Cuerpo proval. bastante alta, no halla inconveniente el qe. el Sor. Gefe político se conforme con ella para indemnizar los propietarios"¹⁵⁰. Outro litixio contencioso-administrativo tratouse na Sesión do 20 de decembro de 1845¹⁵¹. Nela fíxose un pronunciamento expreso á función que se vai desenvolver posto que se nos relata que "se dio cuenta de una solicitud de D. Pedro Araujo Vecino de esta Ciudad, en qe. pide que el Consejo mande suspender la demolición de una casita edificada a la inmediación de la suya, constituyéndose solo pa. esto en Tribunal contencioso administrativo, pero sin conocer sobre el fondo de la cuestión", recordando na súa providencia o Consello que o preito principal se atopaba pendente

¹⁴⁹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 30 v.

¹⁵⁰ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 32 v. e 33.

¹⁵¹ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1845, f. 34 e 34 v.

de apelación ante a Audiencia Territorial. Trala vista, o Consello Provincial decide "que mediante el interesado no reconozca su competencia para conocer sobre las causas que pudieron motivar la providencia de demolición no procede el acudir a él para la resolución de un incidente inseparable de la cuestión principal, siendo contradictorio que este Cuerpo provincial pueda entender para dejar sin efecto dicha providencia cuando se le niega la facultad de sugetar a examen las razones en que se ha fundado". É dicir, abstense de dictar sentenza e comunica mediante a providencia que transcribimos a súa incompetencia para coñecer da cuestión formulada.

A comezos de 1846, o Consello Provincial coñece dun litixio entre Joaquín Gabacho, veciño da Coruña, e a Fábrica de Sargadelos, situada ó norte da provincia. O primeiro solicitaba que se lle deixase extraer terra refractaria do porto de San Ciprián, ó que a familia Ibáñez, propietaria da fábrica de munições e loza de Sargadelos, se opoñía aducindo o Privilexio outorgado por Carlos IV nunha Real orde do 29 de novembro de 1806, a dita familia para explotalas minas, vetas e filóns de terras areas e outras materias aptas para a fabricación dos materiais nos que se especializara a dita fábrica, "sin perjuicio de pagar a los dueños de los terrenos su justo valor por convenio ó a tasación de peritos". Este litixio debe enmarcarse en apartado n.º 5 do art. 8 da Lei de consellos provinciais, na virtude do cal constituía materia contencioso-administrativa a referida á incomodidade ou insalubridade de fábricas, talleres ou establecementos¹⁵². A decisión do Consello Provincial dispuxo "que el arto. 2º del Real decreto de 4 de junio de 1825 que declara de aprovechamiento comun ó particular las producciones de naturaleza terrosa según los terrenos en que se encuentran sin necesidad de especial concesión; y la Real orden de 2 de agosto de 1833 facultando a todo español ó extranjero para hacer indagaciones y escabaciones con el fin de descubrir y reconocer las arenas y piedras refractarias, previos ciertos requisitos que en la misma se establecen; y en cuyas disposiciones se funda Gabacho, no derogan el privilegio exclusivo concedido por el Sr. D. Carlos 4º en Real orden de 22 de Noviembre de 1806 á la familia Ibáñez".

¹⁵² Sinalaba Colmeiro respecto disto que o recurso soamente procede unha vez que se outorgase a correspondente autorización administrativa, en *op. cit.*, tomo II, páx. 244. É destacable neste litixio cómo se lle concede un peso específico importante á lexislación do antigo réxime fronte á nova orde xurídico liberal.

Outro asunto litixioso xorde en febreiro de 1846, pero neste caso o particular –como xa sucedera na cuestión anterior– non se vai dirixir contra a Administración pública, senón contra o empresario encargado da edición e da distribución do *Boletín Oficial da Provincia* coa finalidade de que admita a súa subscrición ó dito periódico por todo o ano e polo prezo que satisfan os concellos¹⁵³. O empresario alega que, fundándose na condición 7ª do contrato celebrado coa Deputación Provincial, ten liberdade de admitir ou non as subscricións que se lle presenten. O Consello resolve o litixio establecendo “que siendo aplicable al caso ... la condicion 7 de la contrata cuyo sentido es claro y terminante, procede estrechar al referido empresario á que admita la suscripcion en los terminos que si por solicita asi como tambien á que le remita los numeros que salieron a la luz desde 1º de enero e iso porque aunque la referida condicion deja al arbitrio del empresario el admitir o no suscripciones cuando estas no se estienden a todo el año, quedó sugeto por otra parte a admitirla por el precio que pagan los Ayuntamientos cuando se refieren a todo el año”¹⁵⁴.

A propósito dun litixio sobre o deslindamento de montes, xorde na Sesión do 9 de novembro de 1846 un conflito competencial, xa que “en vista del espediente remitido por el Alcalde de Abadin relativo ala queja promovida entre los dos barrios que componen las parroquias de Sta. Maria del Abelero sobre division y roturacion de un trozo de monte en el sitio llamado Babiña dos Cinceles”. Deste asunto encargárase con anterioridade o Xulgado de Primeira Instancia de Mondoñedo, polo que o Consello sinala que esa contenda lle correspondía unicamente á autoridade administrativa de acordo coa Lei de consellos provinciais e que por iso o xefe político debía “oficiar a dicho Juez pa. que se sirviese dejar sin efecto la determinacion que en el espediente haya tomado, ó remita las diligencias practicadas” coa finalidade ou ben de que o Consello continuáse a tramitación do asunto, cousa da que non hai constancia

¹⁵³ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 18 v. e 19.

¹⁵⁴ Outro litixio análogo aparece na acta da Sesión do 6 de maio de 1847: “Esaminada por el Sr. Castro Bolaño la instancia de Dn. Joaquin Gragena vecino de esta ciudad pretendiendo que el empresario del Boletin Oficial de la Provincia en el corriente año se limite á cobrar de los suscriptores particulares el precio contratado respecto de los pueblos, y examinado tambien por el mismo el pliego de condiciones con que se hizo el remate de dho periodico, se acordo ... que Dn Joaquin Gragena debia proponer su reclamacion en el orden y forma que establece el Reglamento de primero de octubre de mil ochocientos cuarenta y cinco por referirse su pretension al cumplimiento é inteligencia de un contrato celebrado con al Admon provincial sobre un servicio determinado”, en ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1847, f. 11.

nas actas das sesións seguintes que consultamos¹⁵⁵; ou ben de que o xefe político procedese a efectuar as operacións que comportaba o deslindamento, en tal caso o asunto veríase reducido a unha cuestión simplemente gobernativa e non contenciosa.

Un preito no que o Consello Provincial dicta unha sentenza máis extensa cás que habitualmente pronunciaba, nace como consecuencia dunha débeda do Convento-Hospital de San Bartolomé, da que é acredor José Ángel Capón. As mencións a este litixio inicianse na Sesión do 21 de maio de 1846 e continúan na do día seguinte¹⁵⁶. O Consello Provincial, nunha decisión que consta de cinco puntos, dispón:

- que debe levarse a efecto o preceptuado pola Lei de beneficencia de 1836 e outras disposicións sobre a materia, de modo que o alcalde da cidade de Lugo e a Xunta de Beneficencia han de facerse cargo da Administración do citado hospital.
- que non pode facerse efectiva a escritura entre o concello e o apoderado da herdeira de Antonio Vázquez (unha transacción de bens raíces) xa que non conta co permiso da Deputación Provincial.
- que tampouco pode facerse efectiva outra escritura que carecía da autorización do xefe político.
- conforme ós dous puntos anteriores o xefe político pode dálle-la súa aprobación ós citados contratos escriturados ou negárllela, en tal caso o alcalde e a Xunta de Beneficencia han de exercita-las correspondentes accións contra a herdanza de Antonio Vázquez.

Outro litixio posterior referirase de novo ós contratos celebrados por institucións públicas: Donato Fernández, veciño de Becerreá, "rematante del suministro de bagages para partidas sueltas que transiten por el Cuartel de Nogales" presenta unha queixa contra o concello desta vila por incumprimento do contrato, xa que alega na súa defensa a cláusula 2ª do prego de condicións¹⁵⁷, petición que desestima o Consello.

Na Sesión do 19 de agosto do ano 1846, o Consello vaise ver implicado de novo noutro conflito competencial co Xulgado de

¹⁵⁵ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 85 v. e 86.

¹⁵⁶ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 44, 44 v. e 45.

¹⁵⁷ ADPL, lex. 1, *Actas*, ano 1846, f. 60 v.; Sesión do 20 de xullo. O Concello das Nogais obrigara o citado rematante "a facilitar a aqueles para los cuadros de los Batallones provinciales q. dirigen en sus respectivas capitales; o recorrente sinalaba que de acordo co prego de condicións por "batallón" entendíase unicamente el peloton de tropa de cuatrocientos hombres arriba con su correspondiente plana mayor".

Esto no invalida una deseable interconexión entre la Administración fiscal y las cámaras municipales en el presupuesto y fiscalización de la contribución autonómica. Tal principio de cooperación quedó diseñado en el código, pero no tuvo la concretización que se esperaba.⁶⁶

La situación actual se caracteriza por un cierto desaprovechamiento de medios. De hecho, los municipios son quien más contacta con la realidad predial, quien tiene los medios en el terreno, pero continúa existiendo una total indiferencia y separación entre quien administra el impuesto y quien recibe el respectivo rendimiento. ¿Cuántos predios habían sido extra-oficialmente inscritos en la oficina principal por iniciativa municipal? ¿Cuántas valoraciones habían sido promovidas por haber constatado las cámaras municipales la alteración física de predios como resultado, por ejemplo, de obras clandestinas?

¿Cuál es el acceso de las cámaras municipales a la información contenida en los registros y cuál la actualización de éstas como resultado de la licencia de construcciones por los municipios?

Creemos que ésta es un área esencial para analizar en materia de reforma legislativa, pues los municipios tienen que ser efectivamente llamados a colaborar en la administración de un impuesto que es suyo. Sólo que se trata de una cuestión con ramificaciones complejas (p. ej. las relativas al sigilo fiscal y al intercambio de bases de datos informáticos) que no podemos, ahora, desarrollar. 

⁶⁵ Cfr. Relatório de la DGCI cit., pág. 43 y sigs.

⁶⁶ Por determinación del secretario de Estado de los Asuntos Fiscales de 31/12/97 se está preparando un proyecto legislativo que les atribuirá a las cámaras municipales competencias de fiscalización directa en materia de C.A., principalmente la de la elaboración de autos de noticia con la fuerza probatoria consagrada en la ley.

Os concellos galegos na encrucillada política do primeiro constitucionalismo

Interventora xeral do
Concello de Narón.
Profesora da Universidade
da Coruña

Rosa M^o Gabriela de Cal y Cortina

1. Limiar para concellos constitucionais

Consagrada como estiven durante anos ó estudio das orixes constitucionais dos concellos galegos, temo ter esquecido que unha investigación desa índole pode –e debe– ser obxecto de divulgación resumida, de forma que me permita, sobre aquela complexísima armazón institucional, situa-los puntos cardinais de algo que é, en si mesmo, bastante sinxelo: Galicia debeu, en tan só 28 anos, deixar atrás unha peculiar e arraigada forma organizativa –cando menos no ámbito normativo– para dar ese grande salto cara a diante: o constitucionalismo (1809-1837).

Quero, con este artigo, reparar ese esquecemento, débollelo ós concellos e a aqueles que os dirixiron expoñendo a súa vida

por defende-las súas ideas liberais e, por último, débome a min mesma para que moitas das cuestións que ocuparon anos da miña vida, non queden en tema para eruditos na materia. A historia das institucións galegas incúmbenos a todos e a súa extraordinaria beleza debe ser aireada, desempoadada, para o noso orgullo e porque nos achega irremediabilmente a un presente ategado de incógnitas¹.

2. A inevitable periodificación

A perplexidade que acompaña ó investigador comeza *moi cedo* cando se ve forzado a organizar aquelas inxentes cantidades de papel que se amorean e que van demandando protagonismo e –o que é peor– un espacio físico do que polo regular carecemos. Non é por iso de estrañar que a orde e a organización se impoñan como secuela inevitable. E cada un amáñase como pode. A periodificación non é senón unha resposta a esta demanda agonizante cando se trata de recuperar etapas do pasado; nunca é doado e, o rigor debe conciliarse cunha indiscutible visión persoal dos acontecementos. A historia non é lineal e tampouco é posible simplificar ata o extremo de crer que determinados feitos poden cambiar nun día o que tarda moito tempo en durar.

Os cambios decisivos na estrutura social son lentos e vanse reflectindo no dereito con sorte desigual. A pesar do cal existe un suceso que nos permite situar de modo bastante fiable para o xurista o comezo dunha nova forma de entende-las relacións de poder: o **constitucionalismo**. Ideario este xestado durante un período dilatado de tempo e que fará eclosión na lexislación local española a partir de 1812.

Sobre esa data, de referencia ineludible, dividín este traballo en catro etapas: unha preconstitucional, que é posible subdividir en dúas distintas, pero reducidas nesta exposición por inexorables razóns de “economía procesual”, e tres posconstitucionais; de modo que sirvan de estudiado contraste do tránsito dos concellos galegos dende o caos organizativo do antigo réxime ata a súa definitiva xeneralización a todo o territorio do antigo Reino. Cada unha delas enmarcada polas diversas normas deseñadas para constitucionaliza-la vida local en Galicia.

É, pois, unha cronoloxía concreta sobre un espacio administrativo determinado.

¹ Os aspectos ós que vou facer referencia proceden fundamentalmente da miña tese de doutoramento, titulada *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, dirixida polo profesor González Mariñas e editada pola Exma. Deputación Provincial da Coruña en 1997.

3. O estado da cuestión

Ineludible limiar a esta exposición é referir, en primeiro lugar, en breves palabras o estado da cuestión. A situación organizativa da Galicia de finais do século XVIII era certamente heteroxénea: unha provincia Reino, 7 provincias como ámbito territorial de representación e unha multiplicidade desordenada de divisións territorialmente menores. Non me interesa tanto destaca-lo seu número, que é forzosamente confuso xa que nin sequera a súa denominación é sempre homoxénea, como salienta este inestable punto de partida para unha posterior municipalización do territorio.

Sobre este confuso panorama superpoñíase unha tamén desordenada estrutura de poder que engarza plenamente cos alicerces dunha sociedade estamental.

Sen embargo, a partir da segunda metade do século, un período pacífico e a presenza dun home capaz á fronte do Estado, propiciarán un fructífero movemento crítico á caótica organización herdada de séculos anteriores. O principio de **centralización**, xa na medula da formación do Estado, fertilizará esta inicial pretensión á que se irán incorporando en fase aínda rudimentaria o **uniformismo** e a **democratización** da vida local. Vive Galicia un brillante momento cultural, como expresión dun mundo en expansión e dunha sociedade que alcanzou unha grande madurez intelectual. A xenial obra do padre Feijóo será ineludible punto de partida para enmarca-los comezos dun prolífico movemento crítico ilustrado.

Coexiste neles, en harmonioso contraste, a inquietude pola desorganización do próximo, as súas xurisdiccións, coutos, aldeas etc., coa recepción dos ideais que se estaban xestando en Europa.

En última instancia, a invasión francesa será decisivo punto de inflexión para xeneraliza-la reflexión ó redor destas cuestións nun marco favorable para introducir modificacións nas relacións de poder. Os órganos creados para supli-lo baleiro xerado pola ocupación estranxeira en Galicia serán os primeiros que reflectan o tránsito dunha sociedade estamental cara ó constitucionalismo. Os liberais galegos entrarán neles dotándoos dun sólido impulso que xa sería, gozosamente, irreversible.

O seu ideario xa non é o ilustrado, que consistía en poñerlle parches e remendos ó vetusto edificio estatal, senón o liberal que pensaba en derrubalo para construír outro sobre os sólidos cimentos da soberanía nacional, a división de poderes, o constitucionalismo, a redución da nobreza, a separación das xurisdiccións civil e eclesiástica e unha nova organización do te-

ritorio. Estes principios serán o xermolo da prolífica lexislación posterior.

A. Primeira etapa

1. Este inestable punto de partida dará paso a unha primeira etapa, de fronteira inicial pouco precisa, pero que en Galicia pode fixarse no ano 1809, cando remite a invasión francesa. A estrutura organizativa de Galicia segue ancorada ó pasado, un dato obxectivo témolo cando con ocasión da xura e publicación da Constitución de 1812 se reúnen as xuntas subalternas e dos pobos, que debían circular e remiti-lo testemuño de que fora xurada, coñecida e aceptada a Constitución de 1812. As xuntas, articuladas ó redor das 7 provincias, estendían a súa xurisdicción a un territorio inferior ó clásico da provincia pero superior ó das parroquias, coutos ou xurisdiccións. Circunscrición que frecuentemente se denomina partido na documentación da época, termo xuridicamente impreciso, pero terminoloxicamente certo.

Consta a existencia en Galicia de 58 comisións:

5 na Coruña, 9 en Betanzos, 12 en Lugo, 11 en Santiago, 12 en Ourense, 6 en Tui e 3 en Mondoñedo.

Esta división de emerxencia do territorio está, como non podía ser doutro xeito, máis achegada ó antigo réxime que á subsecuente división en distritos xudiciais, tan próxima, sen embargo, no tempo. Aínda quedaba lonxe a municipalización de Galicia. É unha división sen criterio uniformista ningún, na que aparecen xunto ás xurisdiccións máis poboadas de Galicia, outras que xa estaban en franca decadencia. Houbo intentos por parte das autoridades galegas de iniciar o proceso de municipalización do territorio, pero resultaron vana, a peculiaridade da dispersión territorial de Galicia impediu o seu asentamento.

2. A pesar diso neste momento prodúcese o grande avance do liberalismo galego. Dende a tímida presenza nos órganos creados para enche-lo baleiro de poder provocado pola contenda con Francia deuse o grande paso cara a un decidido compromiso da Xunta galega coa convocatoria dunhas eleccións xerais e extraordinarias, que porían as bases xurídico-políticas do novo réxime local.

Non obstante, non sería axustado á realidade ignorar que non só o esquema organizativo seguía intacto, os principios liberais tan laboriosamente sostidos tiñan o seu contrapunto na permanencia do ideal absolutista, en boa parte da poboación e dos deputados galegos. O pensamento reaccionario seguía pleno de louzanía en Galicia. As intervencións no Parlamento son

proba destas dúas posturas enfrontadas nas Cortes e na sociedade galega. Podemos dicir, empregando un termo moi taurino, que existía unha xeneralizada división de opinións.

3. Dende o punto de vista normativo este primeiro período consumou, nas máis variadas disposicións, a utopía liberal. Coñecida é a influente posición que ocupou na nosa historia política, a Constitución de 1812 e outras normas coma o Decreto do 6 de agosto de 1811, que aboliu –timidamente– os señoríos. A recepción en Galicia de ámbalas normas permite apreciar ata qué punto os principios liberais terían que aplicarse nunha sociedade plenamente ancorada no absolutismo sociolóxico e, por aqueles que estudiaran leis e xurisprudencia en Las Partidas.

Sen embargo conveniente é obxectiva-lo momento ó redor dunha norma que particulariza de modo exemplar o caso de Galicia, trátase do Decreto XLIII (cuadraxésimo terceiro), do 18 de marzo de 1811, aprobado polas Cortes para evitar calquera posible baleiro de poder mentres se aprobaba a Constitución. Esta disposición establecía para Galicia o seguinte esquema organizativo, distinto do resto da Nación. Galicia organizarase ó redor de:

■ **Unha Xunta de Provincia do Reino de Galicia** composta polo capitán xeneral, o intendente e 11 vocais: 3 por Santiago, 2 por Ourense, 1 pola Coruña, 1 por Tui, 1 por Betanzos, 1 por Mondoñedo e 2 por Lugo.

■ **Comisións da Xunta Provincial**, que se situaban nas cabezas de partido ou corrimento, pero que en Galicia, porque –diciña o decreto– *“se atopan máis complicadas as xurisdiccions e máis subdivididos as vilas”*, situáranse nas sete capitais das antigas provincias. Componíanse, entre outros, do corridor ou xuíz principal das respectivas cidades e do procurador síndico xeral.

■ **Comisións das vilas** que debían establecerse nas vilas que tiveran máis de douscentos veciños e nas que, curiosamente, en Galicia se deixa á elección das vilas elixir para aquelas o párroco da súa maior confianza, sen atender á súa antigüidade.

B. Segunda etapa

1. No ano 1812 atrás quedaba o antigo réxime, comeza, coa aprobación da Constitución de Cádiz, o punto de inflexión que nos sitúa na idade contemporánea.

O desenvolvemento das previsións constitucionais conduciu á celebración paralela das eleccións a deputados en Cortes,

a individuos da Deputación Provincial e a membros dos novos concellos constitucionais. Desta primeira campaña electoral organizada da nosa historia, imos só a referir dúas cuestións ó fío desta exposición:

- a) **En primeiro lugar** a polémica cuestión das circunscricións electorais sobre as que se articulou o proceso, e
- b) **En segundo lugar** a formación dos primeiros concellos constitucionais de Galicia.

O primeiro dos temas é importantísimo porque pon en evidencia, de novo, a pervivencia do modelo organizativo estatal na sociedade galega. Vaise articula-lo proceso electoral ó redor dunha división infraprovincial formada por 69 partidos, que correspondían a cada unha das 7 provincias galegas:

Santiago 21 partidos

A Coruña 6 partidos

Betanzos 6 partidos

Lugo 12 partidos

Mondoñedo 6 partidos

Ourense 12 partidos

Tui 6 partidos

Total 69 partidos.

A documentación sobre esta división infraprovincial é certamente máis fiable cás citadas anteriormente que proviñan das xuntas subalternas e das vilas. Ten a súa orixe na Instrución que dictaron as Cortes Xerais para organiza-lo proceso electoral citado e, en tódalas capitais do antigo Reino atopei pegadas desta subdivisión.

Nembargantes, o seu asentamento non debía ser moi firme porque nun momento tan complexo, no que se superpoñía a formación de todo o esquema organizativo do estado liberal (Parlamento, deputacións e concellos) e a liquidación “por asalto” do antigo réxime, a instalación dos concellos, especialmente nas 7 capitais de provincia, deveu en ineludible necesidade para apoia-los restantes procesos.

O segundo dos temas propostos, profundamente ligado ó anterior, ten tamén un fondo calado porque, comeza, neste momento, o primeiro intento organizado de instalar concellos constitucionais en Galicia, a “complicidade” dos cales era precisa para logra-la súa implicación legal co novo Réxime constitucional. Era a única base organizativa sólida para apoia-los restantes procesos electorais. E isto é así porque, en realidade, en Galicia todo cambiara pero a estrutura administrativa seguía a se-la mesma. O criterio normativo consistía en autoriza-la ins-

talación de concellos nas vilas con máis de 1000 almas e en nomear un elector por cada parroquia que excedese de 50 veciños. Combinar ámbolos dous aspectos resultou ben dificultoso en Galicia.

Formáronse os primeiros concellos constitucionais galegos nas sete capitais de provincia. E, os que ata ese momento exerceran a súa xurisdicción no ámbito do gubernativo e contencioso, pronto comprenderon que a separación de poderes, auspiciada polo texto constitucional, tiña consecuencias xurídicas irreversibles na extensión dos distritos municipais. Ampliar o ámbito do gubernativo o que tradicionalmente fora o ámbito do contencioso, foi pretensión xeneralizada nunhas cidades que non se resignaban a perder a súa pasada hexemonía. A Constitución consagrara o sufraxio universal e, convertera en electores aqueles que ata ese momento carecían de capacidade para interviren nos procesos electorais. Con isto, os centros de poder da sociedade estamental sufriron unha grande convulsión que se solapou tras terxiversadas interpretacións das normas vixentes.

Basten dous exemplos notables como son Lugo e Betanzos para lle serviren de mostra a este prototipo histórico.

Tiña Lugo nada menos que 93 parroquias, 5 das cales lle correspondían á capital e anexos e, as 88 restantes eran pequenas poboacións agregadas á cidade. Desde Lugo, o que despois sería o seu alcalde durante o trienio constitucional, don José Gabriel Somoza y Saavedra, propúxolle ó xefe superior de Galicia un estudiado plan, en virtude do cal dos 61 electores parroquiais que lle correspondían á cidade, 26 serían elixidos polas 5 mencionadas parroquias e os 35 restantes polas outras 88. O Marqués de Campo, naquel tempo xefe superior de Galicia, ordenou que se reduciran a 3 os 26 propostos por Somoza, que en última instancia concorrerían en igualdade de condicións cos 35 das restantes parroquias. Se Somoza obviara a esixencia dun elector por parroquia, Campo Sagrado, á súa vez, obviará calquera criterio demográfico, porque eses tres electores representaban nada menos que a 1312 veciños e os 35 restantes a 1725. Poñíase o nomeamento do primeiro alcalde constitucional de Lugo en mans das parroquias máis afastadas da cidade, cando a capital por si mesma podería ter formado o seu propio concello, xa que excedía das 1000 almas. Non se formulou esta cuestión en Lugo porque supoñería unha diminución moi notable do seu ámbito de influencia tradicional. O seu primeiro concello constitucional quedou instalado o 3 de xaneiro de 1813, e foi o seu primeiro alcalde don José M^a Plaza de Guevara.

Máis curioso aínda resulta, a instalación do primeiro concello constitucional de Betanzos, porque dende a capital se intentou consolidar a situación preconstitucional. Existían na dita provincia só 4 concellos tradicionalmente: Ortigueira, Pontedeume, Ferrol e Betanzos. Dende a capital –Betanzos– intentouse perpetuar esta débil municipalización, común polo demais a toda Galicia, e fixo que tódalas xurisdicións da provincia nas que non houbera concello concorresen á elección de alcalde de Betanzos. O tema provocou a ira de numerosas xurisdicións que se consideraban con número suficiente de persoas como para constituí-lo seu propio concello. A pesar de que se intensificaban as protestas e de que Campo Sagrado reiterara o criterio xa referido para Lugo, chegaron a concorrer á elección do primeiro alcalde constitucional de Betanzos, 72 electores parroquiais, algúns de lugares tan afastados como que distaban da capital máis de 50 quilómetros (entendámonos, quilómetros do século XIX). Baste subliñar que, no ámbito deste primeiro concello constitucional de Betanzos, quedarían constituídos na cuarta década do século, 20 concellos. En Lugo, Campo Sagrado logrou impoñe-lo seu criterio, pero os brigantinos impuxéronlle o seu.

O 2 de decembro de 1812 quedaría instalado este primeiro concello constitucional de Betanzos. Foi o seu primeiro alcalde de feito, don Jacobo Couceiro de Andrade y Brea.

Descoñécese o número dos concellos constituídos neste primeiro período constitucional en Galicia. A única referencia fiable é o libro de resolucións da primeira Deputación única de Galicia que, durante o período comprendido entre xullo de 1813 e xaneiro de 1814, dá por constituídos, ademais dos concellos das capitais de provincia Ferrol e Vigo, 64 concellos. Non debe ignorarse o feito de que é moi similar o número de municipios ó de partidos –69– (entendidos estes como división preconstitucional), para comprender-lo interesado proceso de comarcalización no que se converteu o primeiro intento de municipalizar Galicia.

2. Así pois, os modernos principios liberais normativizados en Cádiz ían ter que ser desenvolvidos nunha Galicia na que pouco ou nada cambiara. Unha cousa é proclamar enfaticamente a división de poderes e outra, ben distinta, levala a un dos órganos competencialmente máis confusos do antigo réxime: os municipios.

Ó poder absoluto do monarca sucedeulle o poder *cuasi* absoluto do Parlamento. A disputa entre executivo e lexislativo que viviron con toda virulencia a Rexencia e as Cortes vai te-la súa similitude local na conflictiva separación entre alcaldes e xuí-

ces. Vive toda Galicia un momento certamente confuso no que algúns alcaldes constitucionais administran xustiza e, incluso, lle pospoñen ó seu nome o híbrido de "*alcalde constitucional y justicia ordinaria de la jurisdicción de ...*" ou "*alcalde constitucional del coto de ...*". E non fai falta para encontrar estes desatinos referirse a pequenos lugares. No primeiro concello constitucional de Ourense o mesmo día da súa toma de posesión, os rexedores ourensáns resolven que sexa o alcalde quen substitúa o xuíz de letras da cidade nos casos de ausencia ou de enfermidade. É fácil concluír que pouco ou nada entenderan os munícipes ourensáns das novas teorías que se viñan tecendo nunha Europa en cambio.

A indefnida vixencia da Novísima Recompilación e a existencia dun territorio aínda coincidente contribuirán a manter esta situación. Manter para "*o gubernativo*" o ámbito territorial que tivera "*o contencioso*" foi unha interesada interpretación dos grandes municipios galegos, para conservaren uns privilexios que, co sufraxio universal e a elección indirecta de alcaldes e rexedores, recibiran o golpe de gracia.

Esta interesada confusión e a existencia dun número moi reducido de concellos terá como consecuencia inmediata un desordenado proceso de **comarcalización**, que demostrou cómo as previsións constitucionais resultaban vas ante o infranqueable muro dunhas divisións territoriais deseñadas *ad hoc* para servir a unha sociedade estamental.

Os liberais galegos aprenderon desta singular lección que as vetustas estruturas administrativas do antigo réxime non eran o instrumento adecuado para municipalizar territorio de tan dispersa poboación. A experiencia demostrara ata qué punto estaba encadeado o absolutismo á multiplicidade de funcións dos alcaldes.

3. Non hai dúbida de que a norma por excelencia deste primeiro período posconstitucional é a Instrucción para o goberno económico político das provincias do 23 de xuño de 1813. Aprobada, pois, cando xa estaba avanzado o proceso de instalación de concellos constitucionais en Galicia.

Sen embargo, para Galicia as disposicións realmente significativas desta época son, sen dúbida, as que emanaron da Xefatura Superior de Galicia para adecuar á tradicional estrutura das divisións infraprovinciais galegas a normativa estatal e para lograr que a división de poderes penetrara no ánimo das novas autoridades locais. Disposicións que, fixeron da necesidade virtude, e trataron de utilizar partidos, provincias e parroquias do antigo réxime.

Con dispar fortuna esta tarefa desempeñouna un dos personaxes claves do constitucionalismo en Galicia: o Marqués de Campo Sagrado, xefe superior de Galicia e primeiro presidente da Deputación galega. Home controvertido e de dubidosa vinculación ó ideario liberal, pero que, sen embargo, desenvolveu un pertinaz labor para logra-lo obxectivo de municipalizar Galicia. Foi cesado por morneza no cumprimento dos seus deberes constitucionais, ante o conflito formulado polos concellos de San Pedro Domayo e San Martín de Moaña, que denunciaron o feito perante as Cortes. Sen embargo a frenética actividade que exercitou en Galicia e o feito irrefutable de que ningún dos concellos citados lograse constituírse como tal, demostra o interesado da polémica suscitada. Feito este que sería recoñecido ó recaer no ano 1822, sentenza absolutoria na causa seguida contra el.

C. Terceira etapa

Cando, tralo alzamento de Riego, comeza a renace-lo liberalismo en Galicia no ano 1820, o legado organizativo do primeiro constitucionalismo fora desterrado xunto con aqueles que o deseñaron, nese continuo tecer e destecer da nosa decadente historia decimonónica.

Sen embargo, non conseguiron, en seis anos de involución política, poñerlle fin ó fundamental: romper coas liñas básicas do pensamento liberal; democratiza-la vida local; separa-las funcións de xuíces e alcaldes; levar ós concellos os puxantes principios de unidade nacional e de igualdade de tódolos cidadáns; seguían a se-lo estandarte duns liberais que, a pesar das persecucións, conservaban intacta a utopía matizada pola experiencia dos anos vividos. É o principio do que coñecemos como trienio constitucional. Imposible evitar que este retorno recorde os belísimos versos de Machado, porque o certo é que volveron *los liberales, cual torna la cigüeña al campanario, ...* ó campanario constitucional, naturalmente.

A pesar de todo, os mesmos ou similares problemas van ter agora unha resposta novidosa en materia organizativa. O territorio converterase en obxecto dun pragmático tratamento político. Tres apostas fixeron as autoridades galegas neste sentido, nun modelo descentralizador imprevisible nos seus resultados pero, certamente, utilitarista e estudiado:

1. Unha primeira decisiva para levar ata a última aldea de Galicia a defensa dos límites constitucionais do poder xudicial. Por iso antes de que se nomearan os novos alcaldes era preciso nomea-los xuíces letrados que debían servi-los empregos de xuí-

ces de primeira instancia *coa calidade de por aora* –o que evita calquera comentario sobre a precaria situación dos nomeados–.

Era evidente que só mediante esta prudente providencia se podía loitar con certas garantías de eficacia contra as interferencias entre xuíces e alcaldes. Os recentemente creados 47 distritos xudiciais galegos serán a organización obxecto de desvelo das autoridades galegas do trienio, que proxectaron neles canto de bo había nos principios organizativos previstos na Constitución.

Esta división debía substituír, co seu firme afianzamento constitucional, as vellas provincias das que a ineficacia para municipaliza-lo territorio quedara plenamente demostrada.

2. A segunda aposta era ineludible. A parroquia galega era a forma tradicional dos asentamentos poboacionais galegos e, se tivera escaso reflexo nas normas posconstitucionais, tiña, sen embargo, a forza indomable de se-la forma tradicional dos galegos para entende-la súa relación co territorio. Calcúlase que os 47 distritos xudiciais estaban divididos nunhas 3281 parroquias.

Sen xeneralizar aínda a institución municipal, encontramos en 1820 un modelo irrepetible: Galicia dividida en distritos xudiciais e estes nas tradicionais parroquias galegas. Por iso é ocasión única para comprender ata qué punto os primeiros excedían dos límites razoables para goberna-los asuntos locais e as segundas non alcanzaban o mínimo preciso para ningunha organización político-administrativa eficaz.

3. A terceira aposta liberal foron os concellos, que se mostraran decisivos para logra-lo renacer do constitucionalismo e que, a longo prazo, serían o seu máis firme piar para sostelo. Os concellos galegos puxeron a súa indubidable forza política ó servizo da causa liberal. E con iso convertéronse en órganos politicamente tan rendibles que a súa propia existencia garantía que os ideais do constitucionalismo chegaran a tódolos lugares do Reino.

Inaugurada polo propio rei, a castiza tradición do pronunciamento, os liberais, no ano 1820, non fan senón devolve-lo movemento pendular iniciado no 1814, polo que se reinstalan os concellos galegos segundo o modelo que tiñan daquela. Entre febreiro e abril do ano 1820 reinstaláronse os concellos constitucionais das capitais galegas. Ós libros de actas non chegaron as intrigas, os enfrontamentos nin tan sequera as diverxencias entre liberais e absolutistas. Os ditos documentos semellan para o lector como un grande teatro no que uns saen polo foro para que entren outros. Os profundos intereses que se moveron nos concellos galegos hai que encontralos agregando os múltiples retallos que compoñen o todo que perseguimos.

1. Como exemplo das primeiras eleccións locais do trienio témo-la instalación do Concello constitucional de Lugo. Neste municipio pretendeuse no ano 1812 consolida-la situación de privilexio da cidade perante os seus asentamentos lindantes; sen embargo neste segundo período constitucional a formulación práctica da elección vai ser moi diversa, das 93 parroquias que formaban o Lugo do ano 1812, só 5 van concorrer nesta ocasión á elección de alcalde da cidade. A separación entre *gubernativo e contencioso* comezaba a traspasa-lo ámbito do puramente formal para penetrar na pragmática vida local.

Esta posibilista forma de entender en Galicia, o binomio política-territorio derivou no recoñecemento de máis de 650 concellos constitucionais (onde hoxe só existen 316). Quiméricos concellos que as máis das veces só existiron na mente e no papel dos que os idearon. Por citar algún exemplo, especialmente significativo, o distrito xudicial de Lalín estaba formado por 26 concellos dos que hoxe quedan 6.

A historia, sempre mestra, amósanos cómo os liberais, por quererem fuxir do modelo organizativo do antigo réxime, terminaron, no trienio, por imitalo, se non na súa dinámica política, si na súa excesiva fragmentación que, evidentemente, lle restaba eficacia a calquera armazón deseñada para compartilo goberno dos pobos.

Así pois, en *comarcaliza-lo* territorio galego para defende-lo ámbito do xudicial e *inframunicipaliza-lo* territorio para mante-lo gubernativo, consumiu-se a política territorial do efémero trienio constitucional.

2. Estes feitos foron o calculado deseño dun modelo liberal que a estas alturas xa tiña unha desgraciada experiencia política no seu haber. Os ilusionados principios liberais de 1812 maduraran no desterro e coa represión de seis anos de absolutismo feroz. Cando no ano 1820 retorna a utopía liberal ó noso horizonte político, era máis liberal pero cada vez menos utopía.

Ademais do xa exposto confirman este proceder algúns outros feitos que non é posible pasar por alto, porque constitúen o complemento de canto veño expoñendo:

■ A decisiva influencia que nos sucesos de canto aconteceu nestes tres apaixonantes anos de historia tivo a **Milicia Nacional**, é un feito pouco estudiado en Galicia pero que levou a cada concello a constituí-los seus batallóns de voluntarios, entre os feis ó liberalismo. Apoio armado, a potencialidade do cal non desdeñaron os liberais galegos, unindo de forma indisoluble estes concellos do trienio ó destino deste peculiar exército popular.

■ En segundo lugar outro aspecto vinculará, en Galicia, os concellos ó ideario liberal e non é outro senón, a presenza nelles, como alcaldes, rexedores e procuradores do común das figuras máis ilustres do liberalismo galego. Personaxes, entre outros, como: D. José Alonso López (segundo alcalde de Ferrol); don José M^a Moscoso de Altamira (alcalde de Ferrol); don Claudio González Zúñiga (alcalde de Pontevedra); don José Gabriel Somoza (alcalde de Lugo); don José M^a Luaces y Presno (alcalde de Mondoñedo); don José Vereá y Aguiar (secretario do Concello da Coruña); don Lucas Labrada, secretario da Deputación de Ourense; don Manuel Sánchez Núñez (alcalde do Concello da Coruña); don Pedro de Llano (procurador síndico do Concello da Coruña); don Marcial Francisco del Adalid (Rexedor da Coruña) e don Antonio Pérez Mosquera (alcalde de Ourense).

■ E, por último, paga a pena engadir outro asunto importante que condenou a existencia de Santiago como capital de provincia: o intento, van ó fin, de descabeza-la poderosa Igrexa compostelá. Dende esta pragmática forma de entende-lo territorio forzouse a creación dun novo distrito e concello que dividira Compostela en dous municipios e distritos: Santa M^a do Sar e Santiago. Santiago, sen embargo, comezaría o seu lento declinar como capital de provincia.

3. Cando volvémola vista á actividade lexislativa sobre o réxime local do trienio constitucional, instintivamente dirixímo-la nosa atención á *Instrucción para o goberno económico-político das provincias*, cando é o certo que os municipios tiveron que agardar á quinta lexislatura dese período para ver satisfeita unha das súas grandes necesidades: un marco normativo adecuado. Outras cuestións, máis ancoradas no sentimento que na razón, ocuparon meses de interminables debates parlamentarios polo que, cando o 23 de febreiro do ano 1823 se aprobou, pouco restaba de poder liberal. Pódese asegurar que, polos convulsos momentos que se viviron a partir desa data, practicamente non chegaría a ter vixencia efectiva. Foi o paradigma das solucións descentralizadoras do pasado século e por iso foi norma moi estudada polos xuristas que se ocuparon desta época.

A min só me interesa destacar que a tardía normativización dos principios liberais propiciou unha notable orfandade xurídica dos concellos do trienio que, non obstante, supliron a súa debilidade *de iure* cunha irrepitible fortaleza *de facto*. O efémero trienio constitucional é inmellorable laboratorio de ensaio para observar dende a praxe a extraordinaria contradicción que en si mesmo pechaba o modelo liberal de réxime local. Contradicción arrastrada de tempo atrás, que propiciará unha manifesta

desconfianza cara a todo o local: a uns concellos que foron o seu principal sostén só se dotan dun adecuado instrumento normativo cando xa podía albiscarse o fin deste segundo renacer do constitucionalismo.

Deixando pois esa disposición, que pouco lles afectou ós concellos galegos pola razón exposta, gustaríame referirme a unha norma emanada das autoridades galegas, cando aínda o desencanto non fixera efecto na súa benintencionada pretensión de xeneraliza-la institución municipal a toda Galicia. Trátase da *Instrucción do 13 de abril do ano 1820* sobre a formación de concellos para ese ano.

Esta instrucción é emblemática do ideario dos liberais galegos, que querían fuxir dos criterios organizativos do anterior período constitucional e para iso converteron en órgano de intermediación a tódolos concellos cabezas de partido. Tamén comprenderon, como xa expuxen, os *benéficos* resultados políticos que podían obterse dun adecuado tratamento organizativo. É a primeira norma que descoñece as anteriores capitais das provincias galegas, considerándoas un residuo de tempos pasados e ineficaces para os fins que se propoñían os membros da Xunta galega. A única modificación que se introduce nelas é precisamente segrega-lo Concello de Sar do de Santiago que se propón incluso antes de que estivera instalado.

O criterio poboacional –que tanto lle preocupara ó lexislador gaditano– tamén se supedita, a través de diversas matizacións, á conveniencia de xeneraliza-la instalación dos concellos galegos.

Foi, sen dúbida, o trienio constitucional a idade de ouro dos concellos constitucionais, aínda que, xusto é recoñecelo, moitos deles só existiron na mente e no papel dos que os crearon.

D. Cuarta etapa

1. Sabido é cómo os liberais perderon a inxenuidade política que lles quedaba na forza da praza da Cebada que, durante anos, se alzou como símbolo da nova restauración absolutista. Este feito unido ó azaroso final do reinado de Fernando VII, condicionará en boa medida a evolución dos acontecementos na cuarta e última etapa na que dividín este traballo.

Dúas décadas despois volvemos ter a Galicia sumida no mesmo caos organizativo que denunciaban os liberais de finais do século XVIII pero, sen embargo, non se pode negar que as experiencias pasadas alimentaran o definitivo golpe de temón que cambiará o rumbo da desorientada nave da municipalización en Galicia. Liberais, afrancesados, absolutistas, ilustrados conflui-

rán para establecer, sobre bases sólidas, un movemento reformista que, loxicamente, será un estar *a medias* entre o antigo réxime e Cádiz.

A nova división provincial e unha remozada organización dos distritos xudiciais serán, unha vez máis, necesario antecedente para emprende-la máis difícil de tódalas divisións territoriais: a municipal. Instada, nesta terceira ocasión, dende os propios órganos da recentemente estreada estrutura provincial do Estado.

Este prolífico movemento reformista iluminou unha forzada división municipal do territorio de Galicia que *mutatis mutandi* chegou sen variacións significativas ata os nosos días.

Instaláronse, entre 1835 e 1837, 347 concellos: 101 na Coruña, 83 en Lugo, 96 en Ourense e 63 en Pontevedra. Se tivo o seu apoio na división provincial e xudicial non é menos certo que a parroquia cumpriu con toda eficacia a insubstituíble función de dotar de identidade física uns concellos que a estas alturas xa tiñan unha sólida identidade xurídica.

O proceso de municipalización de Galicia está ateigado dun aleccionador pragmatismo que permitiu ese salto cara a adiante dende o antigo réxime ó constitucionalismo e, niso, a parroquia galega prestoulle un servizo extremadamente útil á causa municipal.

2. É indubidable que os principios que naceran no século anterior perderan boa parte da súa louzanía, o devir dos acontecementos e a presenza de moitos liberais xa desencantados no Goberno da nación, foron acicate dunhas reformas que conservaron a forma para perder irremediamente o fondo.

O primeiro asalto foi á **soberanía nacional**, os concellos reformistas xa non serán elixidos a través da pluralidade de votos polos seus veciños, o **sufraxio universal** acantoaríase no baúl dos recordos. O **sufraxio censitario** instalárase nos concellos projectando unha limitada lexitimación do sistema: só os que dispoñan dunha determinada renda poderán ser electores e elixibles. Nas primeiras eleccións celebradas baixo a vixencia da Lei de 1835, o número de electores foi moi reducido, e oscilaba nos municipios estudados entre o 10% dos veciños en Chantada e o 50% en Mondoñedo. Pouco que ver cos datos oficiais que indicaron porcentaxes moi superiores. A democratización afastábase do noso panorama político.

O segundo dos principios que se forxaran no século anterior, o **uniformismo**, tamén a estas alturas se mostraba en Galicia inservible para municipaliza-lo territorio. Só a división provincial estivo próxima a este ideal. A xudicial e a municipal afasariáanse buscando adaptarse á dispersión territorial de Galicia.

Na provincia da Coruña instaláronse concellos con 1 parroquia como Somozas ou Santiago e, outros con 26 como Melide. En canto á poboación tamén as diferencias eran notables, variaban dende as 19.968 persoas de Santiago ás 1338 de San Antolín de Toques (no partido de Arzúa).

En Lugo, tampouco as circunstancias foron distintas pois, aínda que as fontes para esta provincia son máis precarias, pódese afirmar que tamén os concellos instalados o fixeron sobre bases tan heteroxéneas como as referidas para a Coruña. Coñecemos-lo número de parroquias por distritos xudiciais e oscilou entre as 268 do partido de Lugo e as 33 de Ribadeo. Tamén é posible saber que na década dos 40 se instalaría un macro concello de Lugo con 60 parroquias.

Segue Ourense o modelo descrito, con concellos compostos de 41 parroquias como Viana e outros con 1 coma o Concello de Arnoia. E completa Pontevedra un esquema que se imporá en toda Galicia, con dous concellos como Cereijo e Lalín formados por 51 parroquias e Puente Sampayo e Grobes con 2. Tamén se coñece a poboación dos concellos pontevedreses dende Cereijo que tiña 15.002 persoas a Sayar que tiña 1204.

Se a democratización e o uniformismo sufriran un forte revés co paso do tempo, a centralización, entendida como concepto ómnibus e estreitamente vinculada ó vigoroso principio da unidade nacional, vivía un período de grande fortaleza política en que, superados pasados delirios descentralizadores, se converterán, os concellos reformistas, en órganos *cuasi* periféricos da Administración do Estado. Pouco durará esta situación, pero é certo que a xeneralización dos concellos a todo o territorio de Galicia se alcanzou neste período.

3. Tamén os concellos reformistas tiveron unha disposición a modo de buque insignia: a **Lei de concellos de 1835**. Que tamén sufriu a fugacidade das súas antecesoras, posto que aprobada o 23 de xullo do ano 1835 pasou a mellor vida en agosto do 1836, tralo Motín de la Granja, data na que se recupera a lexislación trienal.

Non obstante, o cambio de norma en momento tan inoportuno en termos políticos, o certo é que entre 1835 e 1837 fraguou un modelo municipal que substancialmente non se alteraría en todo o século. Non resulta doado comprender por qué este texto tivo o éxito que outros buscaran –quizais con maior rigor técnico–; non obstante, esta disposición que concibe os concellos como órganos “*cuasi* periféricos” da Administración do Estado e que estreita o cerco da dependencia funcional do alcalde, logrará, integrándose no proxecto reformista do estado, impul-

sar dende fóra unha decidida política municipalizadora. As reviravoltas do poder son difíciles de coñecer e, con frecuencia, aínda máis difíciles de comprender.


O seu escaso período de vixencia foi unha feliz coincidencia que propiciou a xeneralización do municipio dende unha decidida intervención estatal pero que, ó ser substituída en tan breve período de tempo, contribuíu a matiza-las tensións que a práctica faría inevitables.

As autoridades provinciais pronto viron as múltiples dificultades que encerraba, nun territorio de poboación tan dispersa, a aplicación do artigo 4 da Lei de 1835, que dispuxera que:

“Se a poboación estivese dispersa e sen centro de reunión, como acontece nalgunhas provincias, marcarase o territorio correspondente a cada concello, que non deberá exceder de catro leguas en cadro, nin dunha poboación de cincocentos veciños, pouco mais ou menos. Nos casos referidos os gobernadores civís formarán os correspondentes expedientes nos termos máis sinxelos, e dirixirallos á soberana aprobación de S.M.”.

A posibilista actuación das autoridades galegas consistiu en converte-las parroquias, a única organización estable que quedaba do pasado, especialmente nas zonas rurais nas que as previsións legais resultaban quiméricas, en auténticos motores para municipalizar Galicia. O proceso electoral desenvolvido conforme esta disposición nas Pontes de García Rodríguez (provincia da Coruña e distrito de Ortigueira), o único dos estudia-dos que se instalou seguindo as previsións das autoridades galegas, resulta exemplar: os cinco maiordomos pedáneos convertéranse no preciso fío conductor para entregárllle-la testemuña ós novos rexedores.

4. Epílogo para unha Galicia en cambio

Tres décadas foron, pois, necesarias para que se entendera que os concellos non eran nin comarcas nin parroquias, senón unha realidade gozosamente distinta que, dende a Constitución, debía chegar a todo o vello Reino de Galicia, como símbolo dun cambio que, a esas alturas, formalmente xa sería irreversible para toda a Nación. A evolución posterior non fará senón confirmar esta argumentación porque a polémica municipal foi *in crescendo*, nun imparable movemento ascendente, ata polarizar durante anos a maior diferenciación entre moderados e progresistas. 

Ferrol, 7 de xaneiro de 1997

El recurso extraordinario de revisión y la LOFAGE: Un recorrido por la normativa estatal y autonómica

Licenciado en Derecho.
Cuerpo Superior de la Junta
de Castilla y León

Joaquín Meseguer Yebra

Para abordar en la actualidad el tema de los recursos administrativos y, en concreto, el recurso extraordinario de revisión, contamos desde 1992 con la Ley del régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común (la Ley 30/1992, de 26 de noviembre). Es el título VII, bajo la rúbrica "De la revisión de los actos en vía administrativa", el que regula lo concerniente a las diferentes alternativas para proceder en sede administrativa a la reconsideración, por parte de la Administración pública, de sus propios actos, ya sea de los estrictamente administrativos (revisión de oficio y recursos administrativos) o de otros de naturaleza opuesta a la puramente administrativa, como son los de carác-

ter civil y laboral (reclamaciones previas al ejercicio de acciones judiciales en la vía civil o social).

El capítulo II de este mismo título es el que recoge exclusivamente la normativa relativa a recursos administrativos, dispone inicialmente las normas comunes a las dos modalidades típicas y procede, seguidamente, al estudio de los aspectos diferenciales de cada uno (órgano competente, plazo de interposición, motivos, etc...), sin perjuicio de que en algún caso haya puntos en común, como ocurre con los efectos de la resolución presunta o silencio administrativo, que serán desestimatorios, salvo lo que con carácter excepcional prevé el art. 43.3º letra b) de la misma ley.

Una de las lagunas que nos encontramos del análisis de la Ley 30/1992, y en lo que se refiere especialmente al recurso extraordinario de revisión, es el punto relativo al órgano competente para resolverlo. Así, mientras que el art. 114.1º dispone que la resolución del recurso ordinario corresponde al órgano superior jerárquico del que dictó el acto impugnado (con las precisiones que efectúa por un lado el mismo art. 114 con respecto a los actos dictados por los tribunales y órganos de selección del personal, y por otro lado el art. 116, que se refiere a los órganos ante los que puede presentarse el recurso ordinario), el art. 118.1º sólo hace referencia a que la interposición del ya citado recurso extraordinario de revisión deberá efectuarse ante el órgano administrativo que dictó el acto impugnado.

Para algunos autores la utilización del término "interposición" no puede de ninguna manera considerarse equivalente a la competencia para resolver el recurso, y para fundamentar su postura se remiten al más arriba citado art. 116, en el que la interposición equivale o hace alusión más bien al órgano ante el cual puede presentarse el recurso, órgano que no tiene por qué coincidir necesariamente con el competente para su resolución¹.

De esta forma, el art. 116 dice concretamente que "el recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el órgano competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera presentado ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior".

Esto, no obstante, debería completarse también con lo dis-

¹ Entrena Cuesta, Rafael. "Curso de Derecho Administrativo I/1", 11ª edición, Tecnos, pág. 267.

puesto por el art. 38.4º de la misma ley, en lo que atañe a los lugares donde se podrán presentar las solicitudes, escritos y comunicaciones que vayan dirigidas a los órganos de las administraciones públicas.

Por contra, "interposición" era el término utilizado en la Ley de procedimiento administrativo de 17 de julio de 1958 para expresar cuál era el órgano competente para resolver el recurso extraordinario de revisión. Así, el art. 127 de aquella ley establecía:

"Podrá interponerse recurso extraordinario de revisión ante el Ministro competente contra aquellos actos administrativos firmes en los que concurra alguna de las circunstancias siguientes...".

Para complicar más la cuestión, el art. 119, también de la Ley 30/1992, remite a este art. 116 para regular lo relativo a la presentación del recurso extraordinario de revisión, de donde podría deducirse que esta ley insinúa una dualidad de órganos dependiendo de si hablamos de interposición o resolución, opción que permite la Ley 30/1992 sin problemas para el recurso ordinario, como ya hemos visto.

Sánchez Morón, ante el reto de interpretar estos preceptos en cierta forma contradictorios, pone de manifiesto que se trata de un lamentable lapsus del legislador, fundamentado en el proyecto de ley que preveía que el órgano competente para resolver el recurso extraordinario de revisión era aquel en que se agotaba la vía administrativa, de donde se extraía la posibilidad de que el competente fuera superior jerárquico del que dictó el acto recurrido, siendo entonces coherente la aplicabilidad del art. 116. Desaparecido este criterio en la ley actual, se ha mantenido en cambio el art. 119, que ahora carece de todo sentido².

Es así que la mayor parte de los autores coincidían en opinar que la Ley 30/1992 no concretaba con un criterio fuera de toda duda, el órgano competente para la resolución del recurso extraordinario de revisión, por lo que se acudía a la antigua Ley de procedimiento administrativo para extraer de la misma que el Ministro seguía siendo el órgano llamado a la decisión de tal recurso. Todo esto con los debidos matices por lo que se refiere a la determinación del órgano correspondiente en el ámbito de las demás administraciones públicas, fundamentalmente Comunidades autónomas y administraciones locales, cuestión no exenta de problemas, sobre todo a partir del sistema plural de administraciones públicas inaugurado por la Constitución de 1978, que afirma la autonomía política de las comunidades y la no menos importante que ejercen las entidades locales para

² Leguina Villa, Jesús y Sánchez Morón, Miguel (Directores). "La nueva Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común", Tecnos, páx. 349.

la gestión de sus respectivos intereses, conforme proclama el título VIII de nuestra Carta Magna.

Organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en colaboración co Centro Latinoamericano de Administración para o Desenvolvemento, (CLAD), realizouse os días 22 e 23 de setembro de 1997, un seminario internacional que tivo por obxecto reflexionar e someter a debate as cuestións relacionadas coa "Xestión da función pública nos países da Unión Europea e Hispanoamérica".

O seminario internacional foi dirixido a tódolos estudiosos, profesionais, e interesados en xeral que desexaron afondar na materia obxecto do mesmo.

A sesión inaugural presidiuna Dositeo Rodríguez Rodríguez, conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, que estivo acompañado na tribuna de oradores por Francisco Villar, secretario de Estado para as Administracións Públicas; Domingo Bello Janeiro, director xeral da EGAP; Turkia Ould

Daddah, directora xeral do Instituto Internacional de Ciencias Administrativas; Fred F. Ridley, membro do Instituto de Administración e Xestión Pública da Universidade de Liverpool, e o ilustre profesor Dr. Sr. Garrido Falla, na súa calidade de antigo presidente da sección española do IIAS.

Despois dunhas palabras de agradecemento do director da EGAP, Domingo Bello Janeiro, tanto pola asistencia de tan ilustres conferenciantes como pola do interese mostrado polas numerosas persoas asistentes ó acto, tomou a palabra o Sr. Fred F. Ridley, no relatorio principal do cal se referiu ás “tres grandes tendencias na Administración pública en Europa”, caracterizada segundo o relator por unha “nova democracia, nova xestión e nova Europa”, que segundo o profesor da Universidade de Liverpool implican cambios de actitude e de comportamento; cambios no que adoitamos chamar cultura administrativa”.

O seminario internacional foi por último, e na súa sesión inaugural, aberto pola conferencia de Francisco Villar, secretario de Estado para as Administracións Públicas, quen destacou, entre outras cousas, que “a evolución de cada Administración e o desgaste do sistema existente, precisa importantes reformas nas administracións públicas; entre outras, o establecemento e a implantación de diversas técnicas, como a dirección por obxectivos, ou o sistema de indicadores para o control da xestión; e son estas as medidas que se repiten en tódolos procesos de reforma administrativa e que permiten levar á práctica con éxito os cambios necesarios para conseguilo resultados perseguidos”.

O secretario de Estado fixo fincapé en que “tódolos procesos de reforma administrativa deben persegui-lo establecemento dun novo modo de relación cos cidadáns”.

Francisco Villar sinalou “que existen uns trazos comúns para todos estes procesos que en definitiva perseguen o establecemento dun novo modo de relación cos cidadáns; o relator fixo fincapé en dous destes trazos:

1º. O cuestionamento por parte da sociedade da capacidade dos poderes públicos para desenvolver unha xestión eficaz dos servicios, co fin de formular un cambio na xestión para que esta sexa máis eficaz.

2º. Un segundo trazo común viría dado polo cuestionamento de que os gobernos por si sós, sen o apoio da sociedade, non son capaces de realiza-la modernización e a reforma dos servicios públicos”.

Despois dunha breve pausa, reiniciouse o seminario coa celebración dunha sesión na que se tratou o tema: “A nova xestión e a función pública”, na que actuou como moderador Joaquín

López Rúa e na que participaron Sirpa Kekkonen, do Instituto Finés da Administración Pública, e Armelle Daumas, de Francia, relatora e participante respectivamente.

Nesta sesión matinal púxose de manifesto que a “razón fundamental dos grandes esforzos realizados polos gobernos dos países da OCDE son as restriccións económicas que estes sufriron. Os gobernos tiveron que intensifica-los seus esforzos para reduci-lo gasto público, ou polo menos contelo. Isto levounos a incrementa-la presión para mellora-la eficiencia e a calidade da Administración e dos seus programas”.

Os relatores sinalaron como puntos máis significativos, contidos nos programas de reforma das administracións públicas dos países da OCDE, os seguintes:

- Mellora-los servicios de información das administracións públicas: os cidadáns son clientes.
- Reducción de custos.
- Unha xestión pública orientada a mellora-lo seu funcionamento e a aumenta-la responsabilidade dos xerentes.
- Mellorar e flexibiliza-la interacción entre o sector público e o privado.

Coa intervención dos ditos relatorios púxoselle fin á sesión matinal.

O primeiro día do seminario, pola tarde, celebráronse dúas mesas redondas.

A primeira delas e co título: “Análise dos modelos de distribución territorial nos estados compostos” moderouna Jaime Bouzada Romero, inspector xeral de Servicios da Xunta de Galicia, e interviñeron por parte de Austria a profesora Ingrid Scaffer e, por parte de Bélxica, o conselleiro de Xestión Pública do EIAP, Robert Polet, que disertou sobre “Bélxica federal: unha construción complexa pero equilibrada”.

Ingrid Scaffer falou acerca da “Distribución territorial na federación austríaca”, e insistiu en que, en termos xerais, nos estados federais, o principio de homoxeneidade se considera como un impedimento ós seus esforzos por modernizar e mellora-las normativas que regulan os funcionarios ó servicio dos estados e municipios, aínda que ás veces utilizan o principio como protección contra as numerosas esixencias dos sindicatos dos funcionarios. O principio de homoxeneidade debe ser entendido no sentido de que as leis que regulan a función pública estatal non deben diferir das leis federais sobre a mesma materia, ata tal punto que non impiden a alternancia de servicio entre a federación, os estados e os municipios.

A continuación, e despois dunha breve pausa, iniciouse unha nova mesa redonda, a cal seguiu moderada por Jaime Bouzada Romero, e na que interviñeron como relatores o catedrático de dereito público da Universidade de Siena, Giancarlo Rolla, que disertou sobre o "Sistema de distribución territorial das competencias administrativas en Italia"; e o profesor Robert Hazel, do Reino Unido, que deleitou o público asistente ó acto cunha recensión histórica do que significa a Constitución británica (por outra parte non escrita), na que se manifesta unha indefinición de competencias no sistema político británico, no que, non obstante ó non haber carta magna escrita, o Parlamento de Westminster é a autoridade suprema, compatible con outros parlamentos como os recentemente constituídos de Escocia e Gales.

Despois dun animado coloquio no que se suscitaron numerosas intervencións por parte do público asistente rematouse a primeira xornada.

O día 23 de setembro, ás nove horas, e co título "A nova Europa e a función pública", celebrouse a segunda sesión do seminario internacional, que moderou Juan Rodríguez Yuste, e que contou coa participación do xa mencionado Robert Polet, conselleiro de Xestión Pública do EIAP de Bélxica.

Robert Polet comezou a súa intervención poñendo de manifesto que a Unión Europea non tiña competencias particulares en materia de Administración pública ou de función pública nos estados membros, materia esta que se rexe polo principio de subsidiariedade e como consecuencia é competencia dos organismos nacionais.

Sen embargo, segundo o relator, é posible valorar cómo repercutiu o proceso de integración europea co paso dos anos na organización da función pública nos distintos países da Unión. Isto ocorreu, en primeiro lugar, como resultado de que algunhas políticas sectoriais se viron afectadas polos distintos avances da UE e estas convertéronse en materia de política común ou en competencias compartidas entre a UE e os estados membros. En segundo lugar, e como consecuencia deste proceso, a repercusión pódese demostrar no aumento da cooperación entre as administracións públicas da UE e doutros círculos internacionais, especialmente a OCDE. Este proceso alimenta o diálogo e o intercambio de experiencias entre funcionarios e función pública e alimenta algún tipo de converxencia entre os avances destacados en cada Estado membro.

Robert Polet terminou a súa intervención e manifestou que "se a Administración pública continúa sendo, e probablemente


continuará durante moitos anos, unha prerrogativa dos organismos nacionais, o caso para a cooperación administrativa é certamente sólido. Converteuse nunha "obriga" para a función pública en Europa".

Finalmente, celebrouse a última das sesións previstas no calendario deste interesantísimo seminario internacional, e que contando coa participación de José Alberto Bonifacio, do Centro Latinoamericano de Administración para o Desenvolvemento (CLAD) e de Edgar Gonzáles Salas da Universidade de Colombia, tivo como obxectivo primordial trata-los "Programas da reforma da función pública nalgúns países hispanoamericanos".

José Alberto Bonifacio resaltou que "en América Latina, así como noutras rexións do mundo, se produciron importantes procesos de reforma estatal, dentro dos cales cómpre inscribi-lo tratamento das cuestións relacionadas coa carreira administrativa se se procura un enfoque comprensivo".

Dende outro punto de vista, o doutor Edgar González Salas sinalou que a reforma da Administración pública colombiana, inscrita nun contexto de cambio global, pero tamén condicionada por factores internos, e en especial por unha reorientación do patrón de intervención pública, foi moi dinámica dende o ano 1986 en adiante, e son as razóns deste proceso as que están asociadas a varios factores de carácter político, fiscal e institucional.

En último lugar, e para proceder á clausura do Seminario internacional sobre a "Xestión da función pública nos países da Unión Europea e Hispanoamérica", formuláronse unha serie de conclusións por parte de:

1. Fred F. Ridley, coordinador científico.
2. Turkia Ould Taddah, directora xeral do IIAS.
3. Domingo Bello Janeiro, director xeral da EGAP.
4. Dositeo Rodríguez Rodríguez, conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, que declarou oficialmente clausurado o presente seminario internacional. 

EGAP, Santiago de Compostela, 23 de setembro de 1996

Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas e do persoal ó seu servicio

EGAP, Santiago de Compostela, 10 e 11 de novembro de 1997

Avogado | José Ricardo Pardo Gato

O exercicio das prerrogativas da Administración pública na esfera da prestación dos servicios públicos orixina nalgúns casos danos ou lesións que afectan a un ou a varios suxeitos individualizados, danos que, nunca como agora, no actual Estado de dereito, esixen unha completa resposta por parte de quen, causante da mesma, se encontra plenamente sometido á lei.

A responsabilidade patrimonial das administracións públicas non se configura, entón, senón como un dos dous medios de corrección do exercicio de tal prerrogativa ó que dende antigo se aspira por parte dos cidadáns: se o poder público ha de actuar, que o faga con sometemento á lei, séndolle, polo demais, –como sinala Hauriou¹– esixible *que actúe, pero que pague el perjuicio*.

¹ Citado polo profesor García de Enterría no *Curso de Derecho Administrativo II*, Civitas, 1981, páx. 321.

O tema da responsabilidade das administracións públicas e das súas autoridades e demais persoal ó seu servicio encontra tratamento lexislativo específico no título X, artigos 139 a 146², da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXPAC)³. Lei que vén desenvolver-los preceptos constitucionais relativos a esta materia, posto que a Constitución española (CE), tras recoñecer no seu artigo 9.3 o principio xeral de responsabilidade de tódolos poderes públicos, sinala, no artigo 106.2, que *os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servicios públicos.*

* * *

Como complemento e en desenvolvemento das "Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas", que a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) organizou na Coruña, os días 22 e 23 de xullo de 1997, celebráronse na sede compostelá desta escola, os días 10 e 11 de novembro dese mesmo ano, e con igual éxito de participación, unhas novas "Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas e do persoal ó seu servicio", co obxecto de potencia-los coñecementos dos participantes sobre o novo sistema introducido pola LRXPAC en materia de responsabilidade das administracións públicas e do persoal ó seu servicio, con especial incidencia na responsabilidade derivada do funcionamento da Administración sanitaria, de xustiza e educativa.

Despois de que as inaugurase o director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro**, a primeira intervención das xornadas correspondeulle a **Javier Suárez García**, director xeral da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que disertou sobre a "Responsabilidade patrimonial da Administración pública: principios e procedementos".

Respecto dos principios e presupostos da responsabilidade patrimonial das administracións públicas, Javier Suárez sinalou que dos artigos 9.3 e 106.2 CE e dos artigos que comprenden o título X da LRXPAC⁴ se deducen os presupostos e as características esenciais do noso sistema de responsabilidade administrativa, que poden sintetizarse do seguinte xeito:

a) Trátase dunha responsabilidade directa e obxectiva, fundamentada nun principio de garantía patrimonial da vítima e

² Este título X aparece rubricado como "Responsabilidade patrimonial da Administración pública" e "Responsabilidade das autoridades e persoal ó servicio das administracións públicas". Este sistema de responsabilidade de coas súas características non aparece regulado no noso dereito ata a Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, no seu artigo 121; norma que encontra acollida inmediata no artigo 40 da Lei de réxime xurídico da Administración do Estado (LRXAE) do 26 de xullo de 1957.

³ Lei desenvolvida polo Real decreto (R.D.) 429/1993, do 26 de marzo (BOE do 4 de maio de 1993), polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial do Estado, desenvolvendo os artigos 140, 142, 143, 144 e 145 da LRXPAC.

Da ilegalidade de tal regulamento faise eco a S. do 10 de xullo de 1995, da Sala 4^a (JA n.º 5488), Ponente: Campos Alonso, A.; por vulnera-lo artigo 117.3 CE.

⁴ Artigo 139.1 e 2 LRXPAC: "Os particulares terán dereito a seren indemnizados polas administracións públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos.

En todo caso, o dano alegado terá que ser efectivo, avaliabile economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas".

que opera completamente desvinculada de calquera idea subxectiva de culpa. Soamente o deber xurídico do prexudicado de soporta-lo dano ou a forza maior eximen a Administración de responsabilidade.

b) Cómpre que o dano sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos, o que supón unha serie de implicacións:

■ A xurisprudencia interpreta a expresión “funcionamento dos servicios públicos” de forma ampla, como sinónimo de calquera actuación administrativa potencialmente danosa. Por iso a clásica tripartición da actividade administrativa (policía, fomento e servicio público) é irrelevante para estes efectos⁵.

■ Cómpre que o dano ou a lesión que sufra o particular sexa consecuencia dunha actuación administrativa, e resulta decisivo que a persoa causante do dano se atope integrada na estrutura ou na organización administrativa⁶.

■ Entre a actuación administrativa e o dano ten que existir relación de causalidade. Por iso a interferencia dun terceiro ou da propia vítima na causación do dano pode eliminar, ou, no seu caso, minorar na proporción correspondente, a responsabilidade administrativa. Cando a lesión sexa consecuencia da actuación concorrente de varias administracións e estas actúen baixo fórmulas colexiadas de xestión responderán solidariamente (artigo 140 LRXPAC).

■ Os danos indemnizables son os inflixidos ós “particulares”, expresión esta que non impide que os funcionarios tamén poidan ser resarcidos polos que lle cause a Administración con ocasión do exercicio das súas funcións⁷.

c) En canto ó dano indemnizable, este ten que ser: efectivo, non simplemente hipotético ou potencial; avaliable economicamente, o que non exclúe a indemnizabilidade do dano moral; individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas; e ten que ser, por outro lado, unha lesión en sentido xurídico, isto é, un dano antixurídico, e entende como tal aqueles que os cidadáns non teñan que soportar⁸.

d) Respecto da indemnización, o artigo 141 LRXPAC establece tres regras fundamentais:

■ A indemnización calcularase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, e ponderaranse, se é o caso, as valoracións predominantes no mercado.

⁵ Neste sentido pronúncianse as SSTs do 22 de marzo de 1995 (RA 1986) e do 5 de xuño de 1989 (RA 4338), así como o Dictame do Consello Consultivo de Galicia 63/1997.

⁶ García de Enterría, E.

⁷ STS do 10 de xuño de 1997 e dictames do Consello de Estado 215 e 273/1995.

⁸ A iso alude o artigo 141 LRXPAC cando establece que: “Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular provenientes de danos que este non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei”.

■ A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei xeral presupostaria.

■ A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou aboala mediante gastos periódicos, cando resulte máis adecuado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público.

Por outra parte, en relación cos procedementos para esixir a responsabilidade patrimonial, a LRPAC regula un procedemento xeral (artigo 141) e un procedemento abreviado para supostos especiais (artigo 142).

De acordo co relator, o procedemento xeral caracterízase polas seguintes notas:

- Iníciase de oficio ou por reclamación dos interesados.
- Resólveas o ministro respectivo, o Consello de Ministros se unha lei así o dispón, ou os órganos correspondentes das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local. Cando a súa norma de creación así o determine, a reclamación resolverana os órganos ós que corresponda das entidades de dereito público a que se refire o artigo 2.2 desta lei.
- En canto á regulación detallada dos procedementos de responsabilidade patrimonial, a lei remítese ó desenvolvemento regulamentario contido no R.D. do 23 de marzo de 1993.
- O dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. En caso de danos ás persoas, de carácter físico ou psíquico, o prazo empezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.
- A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación de que derive, ponlle fin á vía administrativa.
- En calquera caso, se non recae resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude de indemnización.

Polo que se refire ó procedemento abreviado, este regúlase no artigo 143 da lei. Pódese utilizar cando sexa inequívoca a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo e a lesión, así como a valoración do dano e o cálculo da contía da indemnización. Unha vez iniciado o procedemento, se se aprecian estas circunstancias, o órgano competente poderá acordar que o procedemento se substancie por este trámite abreviado, co fin

de recoñece-lo dereito á indemnización no prazo de trinta días. Iso non obsta para que o órgano competente poida dispoñer ou acordar, con posterioridade, que o procedemento se tramite de acordo co procedemento xeral. Igualmente, se non recae resolución expresa, pódese entender desestimada a reclamación.

Tanto nos procedementos de responsabilidade xerais como abreviados é preceptivo, anque non vinculante, o dictame do Consello de Estado se a reclamación se dirixe contra a Administración do Estado (artigo 22.13 da Lei orgánica do Consello de Estado), ou o do Consello Consultivo de Galicia se se formula contra a Administración autonómica (artigo 11.j da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia).

A segunda conferencia, titulada: "Responsabilidade das autoridades e persoal ó servizo das administracións públicas", pronunciouna **Juan José Reigosa González**, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Juan José Reigosa centrou a súa exposición na responsabilidade patrimonial, de carácter civil, derivada dos danos causados no simple exercicio da función pública, que é aquela que vén entroncar coa clásica culpa extracontractual ou aquiliana que o Código civil (CC) plasmou no seu artigo 1902, con fundamento no *neminem laedere* recollido das fontes romanas e que o noso ordenamento administrativo, respecto da responsabilidade da Administración, desenvolveu en normas específicas para asumir os principios da responsabilidade obxectiva⁹.

Segundo o relator, só coa Lei de expropiación forzosa de 1954, e posteriormente coa Lei de réxime xurídico da Administración civil do Estado, veuse configurar unha verdadeira responsabilidade directa e obxectiva da Administración, con posibilidade da vía de regreso fronte ó funcionario; sistema que con maior perfección técnica instaurou a LRXPAC, exonerando unicamente desa responsabilidade directa a Administración nos casos de forza maior.

Non obstante, o prexudicado non pode reclamar directamente a responsabilidade do axente causante do dano ante a Administración á que sirva¹⁰, senón que, se desexa utilizar a vía administrativa, debe dirixi-las súa reclamación directa e exclusivamente contra a propia Administración (artigo 145.1 LRXPAC). Se opta por facer uso daquela acción directa fronte ó axente, deberá exercitala perante os xulgados e tribunais civís.

Co sistema de responsabilidade establecido fronte á Administración preténdese a pronta e eficaz indemnización dos danos que poidan sufrir os particulares con ocasión do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos, ou incluso

⁹ O vello principio romano de non lle facer dano a outro (*neminem laedere*), que configurou a denominada culpa extracontractual ou aquiliana, foi recollido polo artigo 1902 CC ó declarar que "O que por acción ou omisión lle causa dano a outro intervindo culpa ou negligencia, está obrigado a reparalo dano causado".

¹⁰ En tal sentido, Sánchez Morón, M., "Derecho de la Función Pública", 1996, páx. 295.

das actuacións da Administración en relacións de dereito privado (artigos 139 e 144 LRXPAC).

Seguidamente, e despois de referirse ó procedemento especial previsto pola Lei do 5 de abril de 1904¹¹, Juan José Reigosa detívose na citada acción de regreso e sinalou que, na práctica, a responsabilidade patrimonial das autoridades e funcionarios só pode levala a cabo a Administración a través da vía de regreso á que se refire a alínea 2 do artigo 145 LRXPAC.

Así, o artigo 145.2 da nova lei mantén o criterio da lexislación anterior (artigo 42 LRXAE) e establece unha acción de regreso ou repetición contra os seus axentes cando exista dolo, culpa ou negligencia grave na súa actuación¹².

A propia lei achéganos tamén uns principios para a súa graduación ó indicar no seguinte apartado que *para a esixencia da dita responsabilidade se ponderarán, entre outros, os seguintes criterios: o resultado danoso producido, a existencia ou non de intencionalidade, a responsabilidade profesional do persoal ó servizo das administracións públicas e a súa relación coa produción do resultado danoso.*

Por outro lado, na marxe desa responsabilidade patrimonial, o funcionario tamén está suxeito á disciplinaria, a través da cal pode tamén conseguirse en determinados casos o bo funcionamento da Administración.

Por último, Juan José Reigosa entende que a alínea 3 do artigo 145 cubriu acertadamente o baleiro legal existente ó redor dos danos ou prexuízos ocasionados polo persoal da Administración ós bens ou dereitos da mesma. Tamén aquí se establece a responsabilidade cando concorrese dolo, culpa ou negligencia grave e serán aplicables os mesmos criterios de ponderación anteriormente referidos, así como a posibilidade de remitírlle-la porcentaxe da culpa ós tribunais competentes.

Silvia Díaz Alabart, catedrática de dereito civil da Universidade Complutense de Madrid, desenvolveu na súa exposición o tema titulado "Responsabilidade de centros docentes públicos e do profesorado por danos causados ós seus alumnos."

A regra xeral de responsabilidade extracontractual do artigo 1902 CC complétase coa regulación da responsabilidade por feito doutro do artigo 1903 CC, no que se establece que a obriga imposta polo artigo anterior tamén é esixible polos actos das persoas dos que se debe responder. A continuación, o precepto, que parte da presunción da dita responsabilidade, enumera os casos en que se responde por feito alleo¹³. Así, os pais responden polos fillos que se encontren baixo a súa garda, os titores respecto dos tutelados que estean baixo a súa autoridade e ha-

¹¹ Admitida no CC a responsabilidade civil directa do funcionario, tívose que arbitrar un procedemento para esixila e así foi creado pola Lei do 5 de abril de 1904. Esta lei, desenvolvida polo seu Regulamento do 23 de setembro de 1904 e polo R.D. do 18 de xaneiro de 1924, estableceu o procedemento especial para esixila a responsabilidade civil dos funcionarios nos supostos contemplados polo artigo 1903.5 CC.

¹² O procedemento para esixir tal responsabilidade regúlase no capítulo V do regulamento.

¹³ A xeneralidade da doutrina é da opinión de que tal elenco, dada a excepcionalidade de responder pola actuación danosa doutra persoa, ha de ser necesariamente cerrado.

biten na súa compañía, os directores de establecementos ou empresas en relación cos danos que ocasionen o seus dependentes no exercicio das súas funcións. O precepto péchase coa posibilidade de exoneración para tódolos supostos sempre que as *persoas mencionadas proben que empregaron a dilixencia dun bo pai de familia para previ-lo dano*. A posibilidade de exonerarse probando o emprego da dilixencia debida deixa moi claro que se trata dunha responsabilidade por culpa; outra cousa é en qué forma a aplican os nosos tribunais¹⁴.

A responsabilidade civil dos docentes tamén aparecía regulada no Código penal (artigo 22 CP 1973), para o caso de que o acto ilícito danoso fose unha falta ou un delito. Pero fronte á responsabilidade directa que establecía o CC para os docentes, a do CP era subsidiaria. A Lei 1/1991, do 7 de xaneiro, modificou o artigo 22 CP, e mantivo o carácter subsidiario da responsabilidade *das persoas ou entidades que sexan titulares dun centro docente de ensino non superior polos delitos ou faltas nas que incorresen os alumnos do mesmo...* Posteriormente, o novo CP (Lei orgánica 10/95) redactou de novo os artigos sobre responsabilidade civil, anque a responsabilidade dos centros docentes non se modificou¹⁵.

Para a profesora Díaz Alabart o feito de que os docentes resultaran responsables dos danos causados polos seus alumnos menores de idade era aceptable, tal e como se estruturaba a educación no século pasado. Sen embargo, o profundo cambio que experimentou o ensino dende hai xa bastantes anos determinou que a responsabilidade dos mestres como a contemplaba o noso código resultara absurda nos nosos días, e, polo tanto, profundamente inxusta. Segundo a súa opinión, se ben é certo que a través do tempo houbo algunha mellora legal, foi tímida. Os profesores dos centros públicos, conforme as normas administrativas, podían trasladarlle a súa responsabilidade á Administración (artigos 40 e segs. LRXAE do 26 de xullo de 1957). En moitos casos, tal cousa non ocorría efectivamente, xa que os prexudicados demandaban conxuntamente coa Administración algún particular (docente ou entidade aseguradora), e terminaba por coñecer da causa a xurisdicción civil con base no seu *vis ou forza atractiva*, aplicando as normas civís.

A partir de mediados da década dos oitenta comezaron as mobilizacións no sector do ensino público, moi ligadas á práctica de que os prexudicados acudiran á xurisdicción penal para obter, cuns trámites moito máis sinxelos ca na xurisdicción contencioso-administrativa, unha declaración de responsabilidade civil subsidiaria do docente e directa da Administración¹⁶.

¹⁴ De feito, a responsabilidade dos empresarios polos actos dos seus empregados (artigo 1903.4 CC) enténdese por doutrina e xurisprudencia que se trata dunha responsabilidade obxectiva.

¹⁵ A única disposición derogatoria do vixente CP no seu apartado a) exceptúa especificamente o artigo 22, parágrafo 2º, do CP de 1973.

¹⁶ S. do 12 de marzo de 1987 do Xulgado de distrito de Berga (Barcelona).

Posteriormente, os docentes dos centros privados sumáronse ás mobilizacións, e chegouse por primeira vez a conseguilo número de sinaturas necesario para unha proposición de lei por iniciativa popular¹⁷.

Estas mobilizacións cristalizaron nuns acordos entre o Ministerio de Educación e os sindicatos, nos que se plasmou o compromiso de reforma-la lexislación sobre esta materia. Así, e baseada no texto deses acordos, promulgouse a Lei 1/1991, do 7 de xaneiro, na virtude do cal se modificaron os artigos 1903 CC e 22 CP, no sentido de trasladar-la responsabilidade directa no primeiro caso, e subsidiaria no segundo, do profesor ó centro docente.

Esta lei completou a súa eficacia posteriormente, con respecto ós dos centros públicos, coa aprobación da LRXPAC, que introduciu algunhas modificacións sobre a responsabilidade dos docentes. Como principal novidade, a relatora destacou que se ben a anterior LRXAE podía deixar algunha dúbida sobre a xurisdicción competente cando se demandaba non só a Administración senón tamén os seus funcionarios ou persoal dependente desta, a nova LRXPAC, de 1992 eliminou calquera dúbida razoable. O seu artigo 145 é tallante: *Para facer efectiva a responsabilidade patrimonial á que se refire o capítulo I deste título, os particulares esixiranlle directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e prexuízos causados polas autoridades e o persoal ó seu servizo.*

Á forza deste texto hai que engadirlle a derogación expresa do artigo 43 LRXAE no que si se lle permitía ó particular dirixirse directamente contra os funcionarios¹⁸.

Así, para o caso concreto dos centros docentes, e na opinión da profesora Díaz Alabart, o estudo dos acordos celebrados entre o Ministerio e os sindicatos docentes, xermolo da Lei de 1991, deixa translucir-la intención do lexislador de que os docentes non poidan ser demandados directamente en ningún caso¹⁹.

A continuación, José Manuel González Porras, catedrático de dereito civil da Universidade de Córdoba, reflexionou sobre "A responsabilidade civil da Administración no Código penal".

O profesor González Porras tratou na súa intervención tres cuestións fundamentais sobre o tema, tales son: en primeiro lugar, a situación actual da responsabilidade civil subsidiaria da Administración pública trala reforma do CP, no seu artigo 121; en segundo lugar, a cuestión de xurisdicción; e en terceiro lugar, os problemas de prescrición para o exercicio da acción civil.

Respecto da primeira cuestión, o artigo 121 do CP vixente optou por unha responsabilidade civil subsidiaria e non directa da

¹⁷ Iniciativa popular prevista no artigo 87.3 CE.

¹⁸ Artigo 43 LRXAE: "Os particulares poderán tamén esixirlles ás autoridades e ós funcionarios civís, calquera que sexa a súa clase e categoría, o resarcimento dos danos e prexuízos que ós seus bens e dereitos irrogasen por culpa ou negligencia grave no exercicio do seu cargo".

¹⁹ Esta tese sustentada pola profesora Silvia Díaz é a que comparte o sector doutrinal maioritario.

Administración pública por feitos punibles levados a cabo por persoas que sexan autoridade, axentes, contratados desta ou funcionarios públicos; con dous presupostos: que a acción se produza no exercicio dos cargos ou funcións encomendadas e que a lesión sexa consecuencia directa do funcionamento dos servicios públicos que lles estiveren encomendados. Esta responsabilidade civil subsidiaria éo tanto por conductas debidas a delitos dolosos como culposos e tamén por faltas (artigos 621 e segs. CP). Así, o vixente artigo 121 CP recolle a posición tradicional de que sexa a través do proceso penal como se chegue a unha resolución definitiva sobre a posible responsabilidade civil subsidiaria do Estado, salvo que o actor se reservase a acción.

De acordo co relator, se no proceso penal se esixe a responsabilidade civil subsidiaria, entón á vez, debe establecerse a acción contra a Administración ou o ente público presuntamente responsable, e iso para evitar que poida ser sancionada sen ser oída ou para poder reservarse as súas accións en vía administrativa. Esta esixencia do último apartado do artigo 121 CP nace, segundo a súa opinión, da posibilidade que igualmente se lle brinda ó lesionado de acudir directa e simultaneamente á reclamación administrativa polo funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos, co fin de evitala duplicidade indemnizatoria²⁰.

A segunda cuestión formulada polo profesor González Porras, relacionada coa anterior, foi a da orde xurisdiccional competente para coñecer das reclamacións por danos ocasionados polo persoal ó servicio da Administración pública.

Neste sentido, non entende que a LRXPAC unificase a competencia xurisdiccional de tódalas reclamacións perante a Administración, a pesar do que dispón no artigo 142.6 que parece orientala actuación cara a esa xurisdicción e nin sequera co que regula na súa disposición derogatoria segunda ó quedar sen efecto o artigo 41 da LRXAE²¹.

Así, se se trata de reclama-la responsabilidade civil subsidiaria do Estado por conductas punibles do persoal ó seu servicio, nos termos do artigo 121 CP, a competencia é da xurisdicción ordinaria penal e civil. Se o dano é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos, entón a competencia é a da xurisdicción contencioso-administrativa, porque o que se impugna é un acto da Administración. Se a Administración pública actúa como un particular²², entón a competencia é civil, porque non está actuando no exercicio do *ius imperii*, senón como contratante particular, nunha relación de dereito privado,

²⁰ Por iso o CP acepta esa coexistencia entre a acción administrativa e a penal.

²¹ Artigo que fai referencia á competencia civil en determinados supostos.

²² Así, caso de que a Administración pública contrate cunha empresa unhas obras, como o suposto que xulgou a STS do 21 de febreiro de 1997.

e polo tanto a reparación vén pola vía do artigo 1902 CC e non pola vía contencioso-administrativa.

Por último, o profesor González Porras referiuse á interpretación que se lle debe dar á alínea 2 do artigo 146 LRPAC, que presenta cuestións de prescrición.

Segundo a súa crenza, cando este precepto afirma que a existencia de responsabilidade penal non suspende o procedemento de recoñecemento de responsabilidade patrimonial nin interrompe o prazo de prescrición para inicialo (artigo 142.5 da propia lei), agás que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial, está, por unha parte, recoñecendo que non hai unha soa xurisdicción, a pesar do que afirma o artigo 145 da mesma lei, e por iso cobra sentido o inciso final da alínea 1 do artigo 121 CP cando fala de ... *sen prexuízo...*, e no campo do dereito administrativo adquire tamén sentido a alínea 2 do artigo 146, pois como dos actos lesivos dos seus funcionarios quen responde é a Administración en primeiro termo, é natural que esta continúe tramitando o seu expediente con independencia da sorte do proceso penal contra o persoal ó seu servicio. Outra cousa diferente é se o que se inicia é un proceso penal para esixir responsabilidades civís subsidiarias derivadas de delicto ou falta do persoal ó servicio da Administración, en tal caso non existen razóns de peso para non admiti-lo xogo do artigo 1973 CC, pois estamos noutra orde xurisdiccional²³.

O fiscal-xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, **Ramón García-Malvar y Mariño**, abriu a xornada do día 11 cun relatorio que versou sobre a "Responsabilidade polo funcionamento anormal da Administración de xustiza", e no que salientou a escaseza de medios dos que dispón a referida Administración para poder realizar con eficacia o seu labor e mellorar con iso o seu funcionamento.

Seguidamente, **Teodora Torres García**, catedrática da Universidade de Valladolid, achegou ás xornadas os seus coñecementos e consideracións sobre a "Responsabilidade patrimonial e Administración sanitaria: presupostos e xurisdicción competente".

Respecto dos presupostos para que opere a responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria, a profesora Torres García indicou que a LRPAC desenvolve a través dunha serie de preceptos, artigos 139 e segs., tales presupostos:

- a) Suxeitos: administracións públicas e particulares.
- b) Existencia de lesión.

No artigo 139 LRPAC identifícase con lesión ou dano o que-

²³ Neste sentido, pode citarse a STS do 23 de maio de 1925, Ponente Sr. Peces Morate, sobre o prazo de prescrición e a súa interrupción no suposto de previo proceso penal.

branto que a actuación da Administración lles ocasiona ós particulares. O profesor García de Enterría²⁴ define a lesión como “el perjuicio antijurídico que el titular del patrimonio considerado no tiene el deber jurídico de soportarlo, aunque el agente que lo ocasione obre con toda licitud”. Trasladado este concepto ó actuar da Administración sanitaria alcanza maior importancia, xa que as lesións derivadas do funcionamento do servicio público sanitario inciden sempre sobre dereitos que gozan dunha especial relevancia e que se encontran protexidos de maneira especial, como son o dereito á vida, á saúde, á integridade física e á liberdade.

c) Causas das que se deriva a responsabilidade.

Esta lesión ha de ser consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos sanitarios (artigo 139 LRPAC), o que supón cumpri-lo mandato constitucional do artigo 106.2 CE.

d) Imputación do dano á Administración: nexo causal.

Para que se dea a responsabilidade da Administración debe existir unha lesión imputable ás administracións públicas, subxectivamente consideradas, mediando unha relación de causalidade.

e) Requisitos que debe reunir a lesión.

O artigo 139.2 LRPAC recolleu os requisitos que xurisprudencialmente se lle viñeron esixindo á lesión para que resulte indemnizada por responsabilidade da Administración: debe ser efectiva, avaliabile, individualizada con relación a unha persoa ou grupo de persoas, e antixurídica, entendendo como tal non que sexa contraria a dereito senón que o suxeito que a sofre non teña o deber xurídico de soportala²⁵.

Por outra parte, a profesora Torres García puxo de manifesto na súa intervención que unha das maiores inquietudes que se formulan en tema de responsabilidade da Administración xorde referida a algo tan aparentemente técnico como é a xurisdicción competente para coñecer das cuestións sobre responsabilidade do Servicio Galego de Saúde (SERGAS) por danos derivados da asistencia sanitaria en canto xestor desta²⁶.

Para a relatora non existe a menor dúbida de que aínda suxeitos a un estatuto especial²⁷, o persoal médico e sanitario galego de saúde é “persoal ó servicio da Administración pública”, para os efectos do título X da LRPAC, e en consecuencia pode sosterse que a responsabilidade civil fronte ós posibles prexudicados se desenvolvería segundo as previsións do artigo 145.1.

De acordo coa profesora Torres García, o coñecemento das

²⁴ Vid., García de Enterría, E., *Los principios de la nueva Ley de Expropiación Forzosa*, Ed. Civitas, Madrid, 1984.

²⁵ Estes requisitos aprécianse na súa plenitude na S. da Sala 3ª do 22 de novembro de 1991 (JA n.º 8844). Responsabilidade patrimonial do Estado; lesión resarcible: a súa determinación.

²⁶ Vid., disposición transitoria primeira e terceira da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, Servicio Galego de Saúde do Parlamento de Galicia (DOG n.º 7, do 11 de xaneiro de 1989), artigo 3 e título VI sobre o seu réxime xurídico.

²⁷ Vid., artigo 1 e disposición transitoria da Lei 1/1989 SERGAS; Alonso Olea, M., *Las prestaciones sanitarias de la Seguridad Social*, Ed. Civitas, Madrid, 1994.

accións para esixir a reparación dos danos presenta perfís concretos cando se trata de determina-los causados na prestación da asistencia sanitaria. Así, á xurisdicción civil cabería engadir-lle outras ordes competentes coñecedoras de pretensións substancialmente idénticas como a contencioso administrativa²⁸ ou a social, que despois da entrada en vigor da LRPAC coñece das reclamacións de responsabilidade baixo o argumento de que "a responsabilidade extracontractual deriva da mala praxe sanitaria", o que constitúe un compoñente inescindible das pretensións á Seguridade Social que se encontran atribuídas ó seu coñecemento segundo o n.º 5 do artigo 9 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial. Este criterio foi corroborado pola STS do 10 de xullo de 1995 (Sala 4ª), que considerou indemnizable a pretensión dun afiliado á Seguridade Social por sufrir unha asistencia sanitaria defectuosa nun centro do INSALUD²⁹. Sentencia que se aparta do criterio adoptado pola Sala de Conflictos de Competencia que no Auto do 7 de xullo de 1994³⁰ lle atribúe esta á orde contencioso administrativa, se ben aínda cando o profesor Serrano Alonso³¹ reclama a necesidade de que se pronunciara, sobre unha cuestión tan discutida como é a competencia xurisdiccional, a Sala Especial de Conflictos do Tribunal Supremo segundo o artigo 42 da LO 6/1985, do 1 de xullo; así o declarou no auto citado, pero a súa atribución foi efemeramente tida en conta xa que con posterioridade ó auto, e en opinión da relatora, a Xurisdicción Social claramente segue mantendo a súa competencia para coñecer-la responsabilidade civil por danos persoais causados ós beneficiarios da Seguridade Social.

A última intervención das xornadas correspondeulle a Ángel Carrasco Perera, catedrático de dereito civil e vicerrector da Universidade de Castela-A Mancha, que realizou unha disertación verbo da "Responsabilidade da Administración e medio ambiente".

Carrasco Perera expuxo algúns dos aspectos dos principios e regras procedementais que gobernan a responsabilidade das administracións públicas, pola relevancia que poden ofrecer en sede de responsabilidade medioambiental:

a) A vixencia do artigo 121.2 LEP³² supón que a Administración dispón en principio dunha plena discrecionalidade para decidirlo ámbito suxeito á responsabilidade obxectiva da LRPAC. Así, como a Administración pode decidir discrecionalmente se os servizos de interese medioambientais han de ser xestionados directa ou indirectamente³³, pode con iso determina-la súa maior ou menor responsabilidade.

²⁸ Vid., Pantaleon Prieto, F., *Responsabilidad médica y responsabilidad de la Administración*, Ed. Civitas, Madrid 1995, pág. 60.

²⁹ Unha crítica rigorosa ó dito pronunciamento é a realizada por Sanz Rubiales, I., en "La ruptura de la unidad de Fuero en materia de responsabilidad patrimonial de la Administración pública sanitaria", *Información Laboral*, n.º 12. Foi ponente Campos Alonso, A. (XA n.º 5488).

³⁰ Vid., Irurzun Montoro, F., "La Jurisdicción Competente para conocer de la Responsabilidad Patrimonial de la Administración pública sanitaria", *REDA* n.º 87, Ed. Civitas, 1995, páx. 413; onde se estudia a importancia do Auto de atribución de competencias. Foi ponente Sala Sánchez, P. (XA n.º 7998) e resolve a favor da Sala 1ª do Contencioso Administrativo do TSX de Cataluña, no conflito mantido co Xulgado n.º 12 do Social de Barcelona.

³¹ Vid., Serrano Alonso, "Sobre la Jurisdicción Competente para conocer de la responsabilidad civil por daños personales causados a los beneficiarios de la Seguridad Social", *Actualidad y Derecho*, Madrid, 1992.

³² A regra deste artigo reproducíase no 1.3 do R.D. 429/1993 e no artigo 98 da Lei 13/1995.

³³ Como exemplo podemos sinalalo artigo 26, Lei 10/1997, de Galicia, de residuos sólidos urbanos.

b) Os particulares teñen dereito a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo casos de forza maior (artigo 139.1 LRXPAC). Non se precisa a titularidade previa dun dereito subxectivo, lesionado pola actuación administrativa, como condición de indemnizabilidade do dano. En materia medioambiental, a inexistencia dun dereito subxectivo en cabeza do particular ou grupo danado non equivale, sen máis, a que tal particular ou grupo teñan, en termos do artigo 141.1 LRXPAC, un *deber xurídico de soportar*.

Sen embargo, iso non pode supoñer que calquera interese sexa susceptible de sufrir un dano indemnizable e imputable á actuación administrativa. Anque a LRXPAC non esixa a titularidade dun dereito subxectivo, si require que o interese do particular estea individualizado na súa persoa ou patrimonio (artigo 139.2) en virtude dalgunha técnica xurídica que sirva de punto de conexión entre o actuar administrativo e o prexuízo sufrido.

c) Para o profesor Carrasco Perera, o artigo 144 LRXPAC é de escura interpretación. Segundo a súa consideración, o precepto parece querer dicir que anque a Administración incorra en responsabilidade na súa actuación “en relacións de dereito privado”, o réxime e procedemento de responsabilidade segue sendo o mesmo (artigo 2.1 do R.D. 429/1993), e a xurisdicción competente continúa sendo a contencioso-administrativa. Pero, de acordo coa súa apreciación, esta pretensión fracasa, como o fixeron tódolos intentos legais de subtraer totalmente á xurisdicción civil o coñecemento das causas de responsabilidade da Administración³⁴.

En materia medioambiental esta regra vai supoñer que grande parte das demandas de responsabilidade administrativa poidan encamiñarse e resolverse en vía civil. Basta que a fonte directa do dano fose o particular ó que non poida considerarse “persoal ó servizo da Administración pública” (artigos 145 e 146 da LRXPAC), ou que sexa en calquera caso persoalmente demandado, e que á Administración se lle impute unha conducta omisiva contraria ós estándares de normalidade no funcionamento dos servizos públicos, para que o particular danado poida demandar solidariamente a Administración, sen suxeitarse, ademais, ó procedemento regulado no R.D. 429/1993.


d) Do artigo 141.2 da LRXPAC dedúcese que a indemnización a que ten que satisfacer a Administración se concibe en todo caso como unha débeda de diñeiro, coa excepción do pagamento en especie do artigo 141.4 da mesma lei. O resarcimento das condicións físicas medioambientais do espazo ou do medio alterado pola conducta (ou falta de conducta) imputa-

³⁴ Esta interpretación do profesor Carrasco Perera corrobóora o artigo 98 da LRXPAC e neste sentido tamén se pronunciou a Sala de Conflictos do Tribunal Supremo, nas SSTs do 21 de abril de 1993 e do 4 de abril de 1994.

ble á Administración segue requirindo a individualización e a efectividade do dano como unha condición de prosperabilidade.

Por último, e como colofón ás xornadas, tivo lugar un acto oficial de clausura no que o director da EGAP lles expresou o seu agradecemento e felicitación ós organizadores e participantes nestas.

Tanto das xornadas, aquí comentadas, como das "Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas"³⁵, que tiveron lugar na Coruña, no mes de xullo de 1997, dedúcese que o sistema de responsabilidade patrimonial de tódalas administracións públicas debe asentarse sobre as bases sólidas do equilibrio e da ponderación entre as garantías do lesionado e as que tutelan o interese xeral. No marco do actual estado de dereito, o establecemento da responsabilidade obxectiva das administracións públicas constitúe unha indubidable conquista que empeza a ter certas lagoas ó rebordaren os resultados as máis xenerosas previsións. Por iso, debe evitarse unha interpretación distorsionada da responsabilidade que identifique esa institución xurídica cun seguro a todo risco.

Así mesmo, un Estado social e democrático de dereito como o establecido no artigo 1.1 CE é incompatible coa inmunidade ou irresponsabilidade das autoridades e servidores públicos, en especial cando se produce unha grave vulneración do principio de legalidade ó que están sometidas as administracións públicas, polo que resultaría necesario establece-lo carácter obrigatorio da acción de regreso contra autoridades e servidores públicos³⁶, e completa-la súa regulación procedemental. 

³⁵ Vid., Pardo Gato, J.R., "Crónica administrativa das Xornadas sobre a responsabilidade patrimonial das administracións públicas", REGAP n.º 17, 1998.

³⁶ No actual Estado de dereito, a acción de regreso contra autoridades e servidores públicos régúlase como unha acción potestativa ou discrecional.



BIBLIOGRAFÍA

E RECENSIONES

Discursos parlamentarios de Montero Ríos no sexenio democrático (1868-1873)

Margarita Barral Martínez, Emilia García López

EGAP, Santiago, 1997

A Escola Galega de Administración Pública dedicou o ano de 1997 a conmemorar-la figura de don Eugenio Montero Ríos, destacado político e home de leis, nado en Santiago no 1832 e morto en Madrid no 1914. A mesma EGAP organizou un simposio sobre a súa figura, con participación de destacados especialistas do século XIX, como xa se sinalou no número 16 desta mesma revista.

O libro que tratamos agora é froito dun proxecto de investigación dirixido polo catedrático de historia contemporánea Ramón Villares, titulado "Montero Ríos e o seu tempo".

A obra recolle un número significativo de discursos pronunciados polo eminente político galego durante o sexenio democrático (1868-1873). Montero Ríos, que foi definido como "home do sexenio", resultou un dos máis caracterizados protagonistas daquela etapa da historia contemporánea española. Como se di no limiar deste li-

bro “nos dous primeiros anos do sexenio desenvolveuse o esforzo lexislativo máis sistemático e rematado de todo o século XIX e primeira metade do XX e nesta obra lexislativa foi onde quedou reflectida a grande capacidade e traballo intelectual de Montero”. A obra de Montero “contribuíu en boa medida á renovación do panorama xurídico e lexislativo da España dos séculos XIX e XX”.

O libro divídese en tres partes: unha biografía de Montero Ríos, o comentario ós seus discursos e os textos dos propios discursos.

A obra arranca cunhas notas biográficas sobre Montero Ríos, quen é definido como “unha das figuras máis destacables e influentes, na política española e na sociedade galega, do último cuarto do século XIX e primeiros do XX”.

Montero nace en novembro de 1832 no seo dunha familia de clase media baixa. O seu pai era escribán da Audiencia e a súa nai muller de fortes crenzas relixiosas. Ós dez anos ingresa no seminario compostelán, aínda que pronto o abandona. Cursou o bacharelato e licenciouse en dereito e filosofía na Universidade compostelá con brillantes cualificacións. No ano 1858 comeza o doutoramento de dereito en Madrid, que remata ó ano seguinte con premio extraordinario. Por esta época Montero xa tiña varios traballos publicados. Nalgún deles as autoras vén a influencia de tres personalidades galegas: Ramón de la Sagra, Antolín Faraldo e Antonio Romero Ortiz. Respecto do primeiro dos citados, comentan que a súa influencia sobre Montero foi máis hipotética ca real. É este un tema interesante, do que quizais as autoras do traballo deberían proporcionar algún dato máis. Dende case os seus anos de estudante, Montero xa tiña perfilada a súa ideoloxía, os piares da cal foron “o catolicismo, por unha banda e, a liberdade, pola outra, feito que determinou que se convertese nun dos maiores artífices do desenvolvemento do catolicismo liberal en España”.

No 1860 Montero gaña a Cátedra de Disciplina Eclesiástica da Universidade de Oviedo, aínda que ó pouco tempo acada, por permuta, o traslado á Universidade de Santiago. No ano 1864 faise cargo da Cátedra de Historia e Elementos do Dereito Civil Español Común e Foral da Universidade Central e, poucos meses máis tarde consegue a de Institucións de Dereito Canónico na mesma universidade.

En Madrid Montero Ríos dirixirá un coñecido despacho de avogado, aínda que a xuízo das autoras sempre será un “catedrático exemplar dende o punto de vista vocacional, cunha dedicación apaixonada polo ensino”.

Montero naceu á vida política no ano 1868. A súa intervención na elaboración da Constitución de 1869 foi moi destacada. En xullo de 1869 nomeárono subsecretario do Ministerio de Gracia e Xustiza. En xaneiro de 1870, vémolos como ministro do mesmo

ramo. Exerceu, como tal, dúas veces neste ano citado e, outras dúas no 1871 e 1872. Margarita Barral e Emilia García, recollen unha lista de normas legais aparecidas entre 1869 e 1873 das que Montero Ríos foi inspirador.

Durante o sexenio fixo amizade co rei Amadeo de Saboya. Foi un dos primeiros en apoiar a candidatura amadeísta e o último en despedir este rei cando marchou de España. Polas súas propias palabras dedúcese que practicamente desapareceu da vida política entre 1875 e 1881, dedicándose ó seu bufete de avogado.

As autoras cortan neste punto a biografía de Montero Ríos. A pesar de que as coordenadas temporais do libro rematan no ano 1873, último ano do sexenio, quizais fora conveniente que este breve apartado biográfico de Montero chegase ata o final da súa vida.

No seguinte capítulo elaboran un comentario ós discursos de Montero Ríos durante o sexenio. Cun total de 176 intervencións, Montero desenvolverá un traballo considerable no Parlamento.

O labor parlamentario de Montero centrouse especialmente nalgúns temas. Destacan as súas intervencións nos debates sobre as relacións Igrexa-Estado e a liberdade de culto (36 intervencións); sobre o poder xudicial e a codificación lexislativa (22 intervencións); exposicións sobre o debate da Constitución (21 intervencións) e outros temas variados (presupostos, ferrocarril, dereitos individuais, etc.).

Montero conquistou a súa sona de orador durante o sexenio. Aparece definido nesta obra como “orador eficiente que deleitou as Cortes do sexenio”. Como di un autor da época, Montero “non entusiasmo, convence; non seduce, ilustra; non fascina, faise escoitar a gusto”.

Este capítulo está dividido en tres apartados. No primeiro estúdianse a discusión do proxecto da Constitución de 1869, as relacións Igrexa-Estado, o xuramento da Constitución polo clero e a dotación de culto e clero.

No segundo apartado estúdianse a obra lexislativa de Montero –na que destacan as discusións ó redor do matrimonio civil, do Código penal e das deliberacións sobre o poder xudicial–, a organización ministerial e a última fase do Goberno amadeísta.


No terceiro apartado trátanse temas variados. Hai que sinalar as discusións relativas ó ferrocarril, que tivo grandes repercusións en Galicia; o eco relativo á Internacional da que resalta “as funestas consecuencias que a Internacional podía traer para a orde social”. Ó seu xuízo máis que coas baionetas, á Internacional hai que combatela “ilustrando a intelixencia das clases obreiras e educando o seu corazón”.

De seguido aparece un apartado denominado “Notas biográficas dos deputados citados”. Este apartado debería figurar, quizais,

como anexo ó final do libro. Ademais faltan os datos biográficos dalgúns dos políticos que aparecen citados (v. gr., Posada Herrera, Ríos Rosas, Víctor Pruneda, Moreno Rodríguez, Francisco Riestra, etc.). Cumpriría que este capítulo fose máis exhaustivo; en caso contrario convén explica-lo porqué non se proporcionan eses datos biográficos (o criterio baixo o que se escollen as persoas biografadas ou as carencias de documentación, se as hai, que impiden proporcionar datos sobre os excluídos). Resultaría útil, por outro lado, a inclusión dun índice onomástico.

O terceiro e último capítulo constitúe o groso do libro. Nel recóllense íntegros 43 discursos de Montero Ríos (debates de dictames, discusión de proxectos de leis, contestacións a interpelacións, etc.), que van ordenados cronoloxicamente. Sería desexable que se incluísen algunhas notas a pé de páxina con aclaracións que servisen para *ambienta-los* discursos de don Eugenio.

No último apartado, dedicado á bibliografía, recóllense as principais obras sobre Montero Ríos e a España do seu tempo. No referente ás publicacións periódicas, hai que sinalar que quizais fose interesante incluí-los números utilizados, coa cita das datas respectivas.

Estamos, en suma, perante unha obra interesante e útil, na que aparece recollido un importante material de traballo, que axudará a comprende-lo home e a época na que este desenvolveu o seu relevante labor político e xurídico. 

Xosé Luís Mínguez Goyanes

Doutor en historia
Corpo Superior da Administración
da Xunta de Galicia

El nuevo servicio público

Gaspar Ariño, J. M. de la Cuétara, J. L. Martínez López-Muñiz

Edit. Marcial Pons, Madrid, 1997

Esta obra cargada de actualidade consta de tres partes, a autoría da primeira delas, correspóndelle ó profesor Gaspar Ariño, catedrático de dereito administrativo, fundador e director do Programa de Estudos de Regulación Económica (PERE) da Universidade Autónoma de Madrid, e ten como título, *“Un nuevo modelo de servicios públicos competitivos. Sobre el significado actual de la noción de servicio público y su régimen jurídico. (hacia un nuevo modelo de regulación)”*.

Dinos o profesor Ariño que, a filosofía de fondo de moitas decisións da Comisión Europea sobre o mercado interior, nunha serie de sectores que eran, ata agora, o paradigma dos grandes servicios públicos (correos, teléfonos, subministracións de gas e electricidade, transporte aéreo, os abastecementos de auga, etc.), sen dúbida pon en cuestión ese vello e sacralizado concepto do servicio público que un día aspirou a se-lo eixe central do dereito administrativo.

Para uns, os principios de base do servizo público deben ser protexidos sexa como sexa. Para outros, deben ser corrixidos ou, polo menos, reformulados, abandonando o carácter puramente estatal que aquel encerraba. En calquera caso, as cousas han de cambiar se se queren respectar algúns dos principios esenciais nos que se basea o mercado único europeo.

E esta é a pregunta que se fai o autor: ¿Trátase só dun cambio no ámbito territorial europeo dos servizos públicos ou, polo contrario, estamos ante un cambio de fondo, esencial, xurídico e político, do modelo de regulación que presidiu ata agora o servizo público?

Foi ata mediados do século XIX, onde todo o que hoxe chamamos servizos públicos eran actividades non asumidas polo Estado senón pola sociedade. Pero é coa primeira revolución industrial cando xorden os primeiros servizos públicos de carácter económico que chegan ós nosos días (ferrocarril, gas, electricidade, teléfono, transportes, etc.). Pouco a pouco foise configurando un concepto de servizo público que implicaba a reserva total da actividade a favor do Estado.

Neste contexto histórico (ideolóxico, político, cultural) é onde xorde o concepto técnico-xurídico do servizo público, tal como este chegou ata nós. Pero, como ben sinala o profesor Ariño, a situación hoxe é outra, case a inversa. Son os feitos os que mandan, máis cá ideoloxía ou a política. Hai que abrir camiño a novas realidades, máis competitivas, innovadoras, que son as que a nova realidade social demanda; hai que mellora-los servizos e todo iso sen perde-lo xa conseguido, que é, basicamente, a existencia dun servizo universal a tódolos cidadáns nos seus niveis básicos.

Xunto a este profundo cambio no modelo de Estado hai unha circunstancia máis próxima e inmediata que provocou a necesaria revisión do concepto de servizo público no ámbito español e europeo, que é a integración dos países no ámbito dun mercado único, presidido por catro liberdades: liberdade de comercio de produtos e mercadorías, liberdade de movementos de capitais, liberdade laboral, liberdade de establecemento e prestación de servizos no marco da comunidade.

O cambio esencialmente consiste no paso dun sistema de titularidade pública sobre a actividade: concesións pechadas, dereitos en exclusiva, obriga de subministración, prezos administrativamente fixados, carácter temporal, en suma, unha regulación total da actividade ata o máis mínimo detalle, a un sistema aberto presidido pola liberdade de empresa, isto é, liberdade de entrada, liberdade de prezos e modalidades de prestación, liberdade de investimento e amortización e, en definitiva, en réxime de competencia aberta.

O profesor Ariño propón unha serie de principios ou presupostos sobre os que descansaría o novo servizo público e estes serían:

1. Desintegración vertical do sector e separación de actividades.

Con dous grandes obxectivos: a distinción entre actividades competitivas, con aplicación dun réxime xurídico distinto a unhas e outras; e a transparencia informativa, indispensable para unha correcta regulación.

2. Réxime xurídico das actividades competitivas.

Baseado nas seguintes características: liberdade de entrada, libre acceso ó mercado, liberdade de contratación, formación competitiva dos prezos e liberdade de investimento.

3. Réxime xurídico das actividades non competitivas.

Hai outras actividades que, trala desintegración vertical, non resultan susceptibles de realización en réxime de competencia. Basicamente estas actividades refírense a dúas fases do negocio, como son, a instalación e xestión de infraestruturas (a "rede" é a clave do mercado, a través da que este se materializa); e as prestacións de servizo universal, aquelas modalidades ás que o mercado, por si só, non daría resposta, e que deben cubrirse.

4. Réxime dos prezos

Os prezos das prestacións e servizos segundo o modelo de regulación serán, nuns casos, prezos de mercado e noutros, prezos regulados, segundo exista ou non competencia real naquela fase de actividade de que se trate. Na medida en que o mercado os fixe espontaneamente, será innecesario regularlos.

5. As empresas de servizo público son unha parte do sistema estatal de prestacións.

Ademais de controla-los beneficios das empresas e de abarata-los prezos ó consumidor, o novo modelo de regulación, pretende asegura-lo investimento continuado, o que require, pola súa vez, incentivos e garantía para a mesma, de modo que se poida manter en todo momento un servizo de calidade acorde cos tempos.

6. Características xurídicas do sistema de regulación para a competencia.

O regulador debe ter claro que as empresas privatizadas, xestoras hoxe dun servizo de interese xeral, non son o inimigo que hai que bater, senón que son empresas de interese público que forman parte do sistema estatal de prestacións.

A segunda parte do libro, titulado *El nuevo servicio público*, é obra de D. Juan Miguel de la Cuétara Martínez, catedrático de dereito administrativo da Universidade da Laguna e director do Instituto de Desenvolvemento Rexional, que o divide en tres apartados,

o primeiro deles é, *Perspectivas de los servicios públicos españoles para la década de los noventa (un ensayo de prospectiva jurídica)*.

Para o profesor De la Cuétara, a fronteira ideal definitiva entre o público e o privado está aínda por marcar, non se coñece o punto exacto no que o particular lle debe deixar paso ó colectivo e viceversa. E iso débese a que a organización e a prestación colectiva de servicios é posible en moitos campos, sen que saibamos exactamente cáles, e por qué a ampliación e extensión dos servicios públicos vén producíndose desde hai tempo no mundo occidental.

O autor adianta algunhas propostas de por ónde debe discorrer-lo acordo entre os operadores xurídicos españois sobre o problema dos servicios públicos.

Primera proposta: os servicios públicos deben convivir necesariamente coas liberdades públicas: o modo concreto da convivencia entre ámbalas dúas institucións non resulta fácil de determinar. Débese ter en conta que os gobernantes, cumprindo mandatos que están incluso no texto constitucional, poden promover os servicios públicos de tal modo que reduzan importantes ámbitos de liberdade así mesmo constitucionais.

Segunda proposta: o servicio público é a excepción á regra xeral da liberdade de mercado. As potestades administrativas que se exercen nos servicios públicos teñen que estar expresamente habilitadas polas normas directamente aplicables.

Terceira proposta: dentro da Comunidade Europea, as solucións xurídicas que se adopten para os servicios públicos tenderán a confluír: o concepto de servicio público que se formule en España deberá ser compatible e homologable co dos restantes países comunitarios.

Cuarta proposta: debemos ir a uns servicios públicos reducidos en número e limitados no seu alcance. Esta proposta pode verse como unha máis das que se unen ó carro da privatización do sector público tan de moda. Así e todo, penso que se trata dunha reflexión técnica e non política.

O segundo apartado do traballo do profesor De la Cuétara leva como nome, unha *Aproximación a la regulación de servicio público como nuevo paradigma para la prestación de servicios económicos*, dividíndoo en dous capítulos, o primeiro, *Transcendencia social, regulación económica y regulación por causa de servicio público*, no que fai referencia a que a libre iniciativa particular nin é nin pode presumirse necesariamente daniña para a colectividade, polo que o simple feito da súa repercusión social non é suficiente para impoñer-lo control público: fai falta, ademais, acreditar-lo carácter negativo da mesma.

O segundo dos capítulos deste apartado titúlase *Caracteres de la regulación por causa de servicio público*, e son destacados:

■ A determinación de dereitos e obrigas en función da prestación que se quere garantir: a regulación de servizo público só se pode aplicar eficazmente cando se ten moi claro de qué servizo se trata.

■ Esixibilidade da prestación: vai dirixida principalmete ós usuarios do servizo. E ela debe constar de: universalidade, continuidade, regularidade de prestación de servizos e esixibilidade en réxime de dereito público.

O traballo do profesor De la Cuétara finaliza co apartado *Tres postulados para el nuevo servicio público*, aquí o binomio “cooperación e competencia” é esencial, non todo ten que ser competencia: a arte do novo servizo público estriba en recupera-la competencia sen destruí-lo positivo que a cooperación e a solidariedade poden achegar.

PRIMEIRO POSTULADO: *a xuridificación do servizo público.*

O factor que posibilita a implantación da competencia é a xuridificación profunda do novo servizo público. A xuridificación aquí exposta é a que lles achega seguridade a todos cantos interveñen naquelas áreas sociais nas que o que buscamos sobre todo é iso, seguridade: a dispoñibilidade da prestación dun servizo público en todo momento, o seu funcionamento de forma regular e continua, son a base do seu establecemento como tal.

O problema esencial, para o autor, estriba en esixirlle ó Estado que responda ás necesidades de equilibrio e á lóxica interna dos servizos públicos. Sen embargo, hai unha forma de converte-lo Estado en suxeito dunha acción xurídica e é a de sometelo a tribunais supranacionais; a xuridificación dos servizos públicos pasará necesariamente pola aplicación do dereito europeo ós diversos estados membros, con actuación do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

SEGUNDO POSTULADO: *o necesario redimensionamento dos servizos públicos.*

O servizo público trata dunha decisión consciente de universaliza-la prestación, de establecer un compromiso entre gobernantes e gobernados segundo o que, estes últimos poden despreocuparse de se encontrarán ou non dispoñibles certos servizos cando os necesiten, porque os primeiros se encargan de que así sexa.

Pois ben, hai que dicir rotundamente que só as prestacións básicas son esixibles por medios de dereito público e, polo mesmo, só elas son prestacións de servizo público postas baixo a cobertura das potestades administrativas pertinentes. Todo o demais debe negociarse e esixirse mediante fórmulas comerciais comúns.

Para o profesor De la Cuétara, o redimensionamento xa está en marcha. Que sexan motivacións financeiras, ideolóxicas ou simple pragmatismo as que a impulsan é o de menos. É evidente que,

os servicios públicos actuais teñen que descargarse do exceso de tarefas adquiridas, para poder facer ben as actividades que lle son propias.

TERCEIRO POSTULADO: *a súa vertebración sobre prestacións concretas.*

A xuridificación e a redimensión do contido do servicio público impoñen a súa vertebración sobre as prestacións concretas que o cidadán pode esixir.

Así, o novo servicio público véterase sobre a *concreción dunha prestación básica universal ofrecida ós cidadáns e garantida co poder executivo do Estado*, afirmación que analiza detalladamente o autor:

■ **Prestación concreta:** tan só a partir da definición exacta da prestación que quere facerse chegar ós cidadáns pode estruturarse o aparato institucional adecuado a esa; todo o demais é puro voluntarismo político.

■ **De carácter básico:** as prestacións públicas deberán reducirse a unhas poucas prestacións básicas, remitindo á libre iniciativa da sociedade civil o acceso a outras prestacións posibles.

■ **Universal:** á universalidade están ligadas algunhas das notas de maior relevo político dos servicios públicos: igualitario, en canto as súas prestacións chegan a todos nas mesmas condicións; benefactor, os que menos teñen máis se favorecen del; e redistribuidor, a partir dunhas tarifas deste mesmo carácter.

■ **Prestación ofrecida ós cidadáns:** con isto quérese indicar que non ha de ser necesariamente imposta.

■ **Garantida mediante o poder executivo do Estado:** é necesario subliña-la especial responsabilidade do poder executivo como garante das prestacións en que se concreta todo servicio público.

Algunhas derivacións dos postulados anteriores.

■ Nos servicios públicos deben afirmarse as catro liberdades que caracterizan as empresas económicas e que son: as de entrada, acceso ó mercado, contratación e investimento.

■ O novo servicio público será máis complexo có anterior, e, sen dúbida a diversificación será o fenómeno predominante no futuro.

■ A presenza de numerosos intereses (usuarios, empresas, administracións públicas) impón que a arbitrase e a regulación non quede en mans de ningunha delas.

A acción de servicio público debe ser neutral para efectos da restante competencia no sector.

■ A transparencia faise especialmente necesaria para poder comproba-la existencia de subvencións cruzadas, de privilexios ou prerrogativas excesivas, ou para avalia-las compensacións que a

empresa pode pretender. Por medio dun contrato acláranse a maioría das cuestións involucradas na xestión dun servizo público.

■ A nova situación ó ser máis complexa cá anterior dará lugar a un nivel de conflictividade máis elevado. Sen embargo, cando se consolide o novo servizo público, as leis que o regulen terán máis claros os seus obxectivos e serán moito máis precisas.

■ O outorgamento de licencias e concesións para actuar no sector é a clave da operatividade real do novo servizo público.

A última parte da obra é autoría do profesor Martínez López-Muñiz, que é catedrático de dereito administrativo da Universidade de Valladolid, que se titula, "*Un nuevo marco regulatorio global. La regulación económica en España*".

Coméntanos o autor que, a expresión máis precisa para significala supresión dunha titularidade pública exclusiva sobre un tipo determinado de servizo ou actividade é o termo latino *despublicatio*, que se pode traducir ó castelán como despublicación, que é cando se deixa de estar baixo a exclusiva titularidade pública e se (de)volve ó ámbito da iniciativa privada, e, en principio, á competencia e ó mercado.

Diversos servizos esenciais seguen hoxe por hoxe en España baixo *publicatio* ou declaración de servizo público, no sentido máis propio e estricto. Algúns son estatais, outros municipais e, hai incluso agora tamén, algúns autonómicos.

En realidade, as despublicacións que se foron determinando son só as estrictamente impostas como esixencia da Comunidade Europea como consecuencia da incorporación de España no ano 1986.

Durante anos, continúa explicando o autor, os gobernantes socialistas parecían convencidos de que a única forma de reindustrializar España e de conseguir coloca-la súa economía a niveis de alta competitividade no concerto europeo e mundial era concentrando grandes masas de recursos en grupos empresariais públicos que actuasen como empresas mercantís fortes, activas e áxiles no mercado, intentando entrar no grupo das grandes multinacionais.

Non obstante, e segundo a opinión do profesor Martínez López-Muñiz, a realidade encargouse de mostrar que faltou capacidade política para darlles solución ós máis enormes déficits de grandes empresas públicas (como HUNOSA), respecto das cales, a forte presión sindical e laboral, dificilmente lle ía permitir a un Goberno socialista o seu peche ou privatización.

No ano 1991 iniciouse unha operación de reorganización do INI, descompoñendo este grande *holding* público en dous grupos empresariais distintos: un para as empresas públicas e sociedades participadas, susceptibles de ser xestionadas con criterios empresa-

riais, (grupo TENEO), e outro para as empresas deficitarias, en vía de extinción ou privatización (o vello INI). Máis tarde o Real decreto lei 5/95, do 16 de xuño de 1995, establece unha nova ordenación institucional coherente coas modificacións do grupo INI/TENEO e crea no seu lugar a Axencia Industrial do Estado e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais. En definitiva, preténdese configurar un sector público menos diversificado, que concentre os seus esforzos en grupos industriais potentes de titularidade nacional.

Sen embargo, sinala o autor que, baixo a presión das esixencias da converxencia económica da Unión Monetaria Europea, o Goberno dos epígonos da década socialista se lanzou a unha política de privatización dalgúns dos grupos empresariais que a mesma política socialista erixira en símbolos da súa política industrial e financeira, como foron: Repsol, Endesa, Argentaria...

A chegada do Goberno do Partido Popular levará a unha acentuación das políticas de despubblicación con neorregulación liberalizadora –reais decretos leis do 7 de xuño–, cunha máis clara e aberta confianza na iniciativa empresarial privada. Aínda que os obxectivos de Maastricht seguirán sendo, non obstante, o principal argumento esgrimido para xustificar as novas medidas.

Destaca o profesor Martínez Lopez-Muñiz as notas máis características que respecto disto se levaron a cabo en canto ás regulacións que se seguiron nas despubblicacións españolas:

■ *Ordenación do sector petroleiro.*

De acordo co que se pode ler no art.2.1 da Lei 34/1992, do 22 de decembro de 1992, de ordenación do sector petroleiro: “as actividades de importación, exportación e de intercambio de cru de petróleo e produtos petrolíferos, a súa refinación, distribución e venda, transporte e almacenamento, poderanos realizar libremente aqueles que cumpran as condicións e requisitos establecidos nesta lei e demais disposicións aplicables”.

En función de todo isto, o sistema que se establece concrétese esencialmente na determinación dunha serie de limitacións substantivas con carácter ordinario e na habilitación da posibilidade doutras con carácter extraordinario, en situacións de especial escaseza. A elas haberá que engadírle-las mecanismos de contro administrativo que así mesmo se dispoñen para a súa garantía.

Pero, tendo en conta a historia do sector petroleiro en España e o alto custo de construción de novas infraestruturas para a recepción, almacenamento e transporte dos produtos petrolíficos mediante instalacións fixas, comprenderanse as dificultades para competir con Repsol (herdeira da vella armazón empresarial estatal) e asegura-las necesarias dispoñibilidades esixidas, que haberían de atopar as demais empresas, dado que este tipo de infraes-

estructuras loxísticas dispoñibles seguen principalmente en mans de empresas públicas estatais (CLH, e Repsol Butano).

Ten por iso considerable importancia o Real decreto lei 7/96, do 7 de xuño de 1996, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, que veu establecer que as instalacións fixas de recepción, almacenamento e transporte, propiedade da CLH, Repsol Butano e Distribuidora Industrial, S.A., poderán ser utilizadas por terceiros en condicións non discriminatorias, transparentes e obxectivas.

■ *Ordenación do transporte marítimo.*

Realmente, en canto ó transporte de cabotaxe e en particular o regular, quedou despubblicado pola Lei 27/1992, do 24 de novembro de 1992, aínda que condicionado temporalmente á aprobación polo Goberno das disposicións regulamentarias pertinentes en desenvolvemento desta lei.

Mediante determinadas prohibicións, requisitos e condicionamentos para o exercicio da actividade, trátase de aseguralos obxectivos de tutela da seguridade da vida humana no mar, da seguridade da navegación, a seguridade marítima, a protección do medio ambiente mariño e a asistencia dos servicios de transporte marítimo que demanden as necesidades do país.

■ *Ordenación do transporte aéreo despubblicado.*

O Regulamento 2408/92, do 23 de xullo de 1992, establece o principio xeral de que nos estados membros da Comunidade Europea o transporte aéreo que ten por obxecto o transporte de pasaxeiros, carga e/ou correo nun servicio aéreo entre dous aeroportos comunitarios, non pode ser unha actividade reservada ó poder público, en ningún caso, senón que constitúe unha actividade obxecto dos dereitos propios da liberdade de empresa de calquera suxeito privado que reúna as adecuadas condicións.

■ *Ordenación da comercialización de aparatos terminais de telecomunicación e dos servicios de telecomunicación despubblicados.*

A liberalización efectiva e plena dos mercados de terminais de telecomunicacións só se produciu co Real decreto 303/1991, do 8 de marzo de 1991, cando a Sentencia do Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, do 13 de febreiro de 1990 xa confirmara plenamente a lexitimidade da Directiva 88/301 en canto á eliminación dos dereitos exclusivos.

Tódolos servicios que han de prestarse a través de, ou co apoio de infraestructuras complexas e custosas, interconectadas en forma de redes, forman parte tamén da regulación necesaria dos servicios despubblicados e o réxime que debe establecerse ten que po-

sibilitar e asegura-lo acceso a tales redes en condicións obxectivamente neutrais, non discriminatorias e transparentes.

■ *Ordenación dos servicios de correo rápido internacional despublificados.*

Co Real decreto 1766/1991, do 13 de decembro, quedou constituído o Organismo Autónomo “Correos e telégrafos”, ó que se lle encomenda a xestión dos servicios básicos de correos, e establécese que os demais servicios poderán ser xestionados por outras entidades públicas ou privadas.

■ *Ordenación dos servicios funerarios.*

Os servicios funerarios despublicáronse por medio do Real decreto 7/96.

Un dos trazos característicos do réxime co que adoita substituírse a *publicatio*, que constitúe incluso por si mesmo un elemento significativo da *despublicatio* ou da ausencia de *publicatio*, é a submisión do exercicio da actividade da que se trate, en todos ou nalgúns dos seus aspectos, á previa autorización administrativa, como forma de control administrativo preventivo de que se reúnen os requisitos debidos e de que o proxecto de actividade que se despregará se adecúa ós intereses xerais ós que poida afectar.


Se repasámo-los réximes establecidos para tódalas actividades que fomos examinando anteriormente por seren obxecto de despublificacións, encontraremos practicamente en todas elas a técnica da autorización –en substitución as máis das veces, e ben significativamente, de antigas concesións do correspondente servicio público, agora, en canto tal, suprimido–.

Despublificar servicios non ten por qué supoñer repregamentos nas conquistas sociais do chamado Estado do benestar. O obxectivo ha de ser, máis ben o contrario, favorece-las condicións para que sexan os mesmos cidadáns os que se comprometan directamente, na maior medida posible, exercendo a súa liberdade e a súa responsabilidade persoais, na sustentación das cotas alcanzadas e na súa mellora, aínda que a Administración deba exercer-la súa acción complementaria cun sistema de garantías últimas cando sexa necesario.

Polo común, a regulación das actividades despublificadas lévaa, a cabo en boa medida, directamente a lei (na Comunidade Europea, o tratado), pero complementábase logo mediante regulamentos ou normas administrativas, dictadas polos gobernos do Estado e das comunidades autónomas. Ademais, a importancia da regulación comunitaria, nestes sectores, fai que tamén a Administración comunitaria europea teña asignados relevantes traballos, como supervisora da actuación das administracións dos estados membros.

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

Sen embargo sinala o autor que algunha doutrina e a práctica dalgúns países propician crecentemente a constitución de autoridades administrativas ou administracións independentes ou neutrais, organizadas con plena autonomía con respecto ós gobernos e ás maiorías políticas que os sustenten.

Así, no dereito español tratouse de seguir en certa medida o modelo da Administración independente en sectores como os mercados de valores e a Administración monetaria, pero, nos sectores da *despublicatio* practicada ata o momento, só acaba de iniciarse ese camiño no campo das telecomunicacións, coa creación da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. 

José María Rebolledo Varela

Dolseiro da EGAP

La responsabilidad de la Administración en la asistencia sanitaria

Miriam Cueto Pérez

Edit. Tirant lo blanch, Valencia, 1997

A afirmación dun principio xeral de responsabilidade patrimonial do Estado no dereito español produciuse con certo atraso, o que non sorprende se se ten en conta o vello dogma da irresponsabilidade do soberano; o certo é que debemos esperar ata o século XIX para ver nun texto lexislativo recollida a responsabilidade do Estado polos danos producidos ós cidadáns; así, a Lei do 9 de abril de 1842 declara a obriga da Nación de indemnizar *los danos materiais causados tanto no ataque como na defensa das prazas, pobos, edificios, etc.*

A responsabilidade da Administración derivada da actividade sanitaria foi inexistente durante moitos anos, a actividade médica desenvolvíase nun ámbito estritamente privado, as relacións médico-paciente só encontraban cabida no ámbito do dereito civil, concretamente no Código civil de 1889 (arts. 1902 e 1903 do Cc) e polo tanto, dende as esixencias da responsabilidade subxectiva, fundada no principio culpabilístico.

Haberá que esperar a que a Lei de expropiación forzosa de 1954, cunha fórmula xenerosa, proclame xa a responsabilidade directa e obxectiva da Administración na marxe de toda culpa ou negligencia (arts.121 e 122).

Non obstante, o paso decisivo darao a Constitución de 1978, que consolidará por un lado, o réxime de responsabilidade das administracións públicas (no art.106, n.º 2 dispónse literalmente: "Os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a seren indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servicios públicos)", e por outro, o Sistema Nacional de Saúde que fará efectivo o dereito á saúde consagrado no art. 43 da CE, unha das principais conquistas do Estado social.

Actualmente, a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, regula no título X (arts.139 a 146) a responsabilidade patrimonial da Administración pública, normativa que se complementa co Real decreto 929/1993 do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.


Podemos afirmar á luz dos preceptos ós que acabamos de facer referencia, que a responsabilidade civil da Administración pública aparece configurada como unha responsabilidade obxectiva, así o declarou o Tribunal Supremo en numerosas sentencias dictadas respecto disto, "O sistema de responsabilidade patrimonial da Administración é un sistema de responsabilidade obxectiva, independente da culpa ou dolo das autoridades, funcionarios e axentes...",(STS 26-9-94, Arzdi. 6800 31-10-94, Arzdi.7677 entre outras). Responsabilidade que xira ó redor do concepto clave de lesión, entendida esta como dano antixurídico, antixuridicidade que se dará, non xa porque sexa contraria a dereito a conducta que a motiva, senón porque o suxeito que a sofre non teña o deber xurídico de soportala, "só serán indemnizables as lesións producidas ó particular provenientes de danos que este non teña obrigación de soportar de acordo coa lei", (STS 11-6-93, Arzdi. 4375, 23-6-95, Arzdi. 4782); e, sen que sexa necesario para a súa procedencia o requisito tradicional da ilicitude ou culpa, é dicir, a Administración responde por "toda lesión que os particulares sufran... sempre que sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servicios públicos", así enténdese esta expresión como comprensiva de todo o "facer e actuar da Administración como acto de xestión pública", na marxe de cál sexa a voluntariedade e incluso a previsión do axente.

O segundo aspecto que hai que remarcar como unha garantía

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

que se estima esencial para os administradores é o feito de que as administracións públicas responderán directamente, calquera que fose o grao de culpabilidade en que puidera ter incorrido a persoa física, autoridade, funcionario ou axente, na súa actuación.

Non é tampouco un tema banal o de determinar, con precisión, para evitar así o que se denominou “peregrinación de xurisdiccións”, cál é a xurisdicción competente, é dicir, qué órganos xurisdiccionais son os que van coñecer-los casos de responsabilidade fronte á Administración sanitaria. Foi esta unha cuestión cualificada, dende sempre, de polémica, e suscitou a atención da doutrina e da xurisprudencia, dada a súa innegable transcendencia práctica.

A terceira parte deste libro está dedicada ó estudio do problema da xurisdicción competente con anterioridade á Lei 30/92 e a estudar cál é a situación trala publicación da referida lei, sen embargo, a pesar das boas intencións do lexislador de deixar resolta a cuestión, a vulgar polas últimas decisións xurisdiccionais, podemos afirmar que a cuestión non está definitivamente resolta. 

Ángeles Pérez Vega

Dolseira da EGAP

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, incluíndo, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificalo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en

orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar. Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

FGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA